



# RAIGAME

*Especial arqueología. 1*

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

*Abril de 2021*

*nº 45*




REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

CENTRO DE CULTURA POPULAR  
XAQUÍN LORENZO  
DEPUTACIÓN OURENSE



# índic



páx. 5

páx. 8

páx. 18

páx. 26

páx. 34

páx. 46

páx. 58

páx. 70

páx. 82



páx. 92

páx. 102

páx. 116

páx. 122

EDITORIAL

DEBAIXO DOS NÓSOS PÉS

**Celso Rodríguez Cao**

A MÁMOA DAS LAMEIRAS EN MOREIRAS (TOÉN)

**David Sabucedo Cardero**

CASTRO DE CAMEIXA: UNHA FIESTRA AO PASADO

**Jorge Lamas Bértolo**

O TRIUNFO DA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO NO CONCELLO DE ALLARIZ: ARMEA, SAN SALVADOR DOS PENEDOS E PONTÓN DO BRIÑAL

**Juan Antonio Seara Ferro, Alba Antía Rodríguez Nóvoa, Patricia Valle Abad, Antonio Blanco Rodríguez**

CASTROMAO 2020. PORQUE OS CLÁSICOS NUNCA MORREN

**Eduardo Breogán Nieto Muñiz**

O CAMPAMENTO ROMANO DE AQUIS QUERQUENNIS

**Santiago Ferrer Sierra**

PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MONTE GRANDE

**David Pérez López, Celso Hugo Barba Seara**

A ESTACIÓN DE ARTE RUPESTRE DAS PISADIÑAS (LAZA, OURENSE)

**Nieves Amado Rolán**

O CASTRO DE SACEDA (CUALLEDRO)

**Martiño Xosé Vázquez Mato**

O PROXECTO LOBARZÁN: NOVAS PÁXINAS PARA A HISTORIA DO VAL DO TÁMEGA

**Beatriz Comendador Rey, Víctor Rodríguez Muñiz**

OS ESCARVADORES, PRECURSORES DA ARQUEOLOXÍA EN VALDEORRAS

**Gustavo Docampo Paradelo**

ARQUEOLOXÍA DAS SOCIEDADES LABREGAS NA LONGA DURACIÓN HISTÓRICA NUNHA "PERIFERIA" ARQUEOLÓXICA: O PROXECTO SPUTNIK LABREGO NA COMARCA DE VALDEORRAS

**Carlos Tejerizo-García, Mario Fernández-Pereiro, Celtia Rodríguez-González, Alejandro Rodríguez-Gutiérrez, Laura Martínez-Panizo, Francisco Alonso-Toucido, Verónica Silva-Alvite, Diego Torres-Iglesias, Olalla Álvarez-Cobian**



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

*Dirección* Xulio Fernández Senra

*Secretaría* Fco. Javier Álvarez Campos

*Icono Raigame (contraportada)* Tomás Vega Pato

*Coordinación xeral* Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.

*Edita*  DEPUTACIÓN  
OURENSE

*Deseño e Realización infográfica* disigna edenía

*Impresión* Imprenta Deputación Provincial Ourense

*Dep. Legal* OU - 75/95

*I.S.S.N.* 1136-3207

Todas aquelas persoas que teñan  
interese en publicar artigos ou traba-  
llos nesta revista poden dirixirse a:

**RAIGAME**  
Apto. 484  
Tlf. e Fax 988 317 880  
32080 - Ourense  
[ccpxaquinlorenzo@depourense.es](mailto:ccpxaquinlorenzo@depourense.es)  
[www.ccpxaquinlorenzo.es](http://www.ccpxaquinlorenzo.es)

Revista de distribución gratuíta pre-  
via subscripción no correo electrónico  
anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou  
representación dos textos, ilustracións e fotografías están reser-  
vados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solici-  
tude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Celebramos que a Revista Raigame dedique este número á *Arqueoloxía na provincia de Ourense*, nunha data na que aínda estamos inmersos na conmemoración do centenario da Revista *Nós*, verdadeiro motor do despertar cultural de Galicia, na que a arqueoloxía ocupou un importante lugar da man dun ourensán de pro, Florentino López Cuevillas, impulsor e figura clave da renovación arqueolóxica galega a partir da década dos anos vinte do pasado século.

A arqueoloxía na provincia de Ourense conta cunha longa traxectoria, con fitos decisivos como a constitución da Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos, e consecuentemente, anos máis tarde, a creación do Museo Arqueolóxico Provincial, que se converterá en aglutinador das inquadanzas arqueolóxicas de toda unha serie de persoeiros que abriaron vieiros e sentaron as bases para o seu desenvolvemento, ao amparo das correntes metodolóxicas de cada momento.

Xa con anterioridade, en obras de carácter xeral dos séculos XVII e XVIII, como as de Mauro Castelar Ferrer, e do P. Flórez, nos estudos de José Cornide, Sarmiento ou P. Sobreira, e nas diferentes obras consagradas á Historia de Galicia, de José Vereja y Aguilar, Benito Viceto Pérez, Manuel Martínez Murguía e José Villamil y Castro aparecen referencias a diversos monumentos da provincia. Con todo, os comezos da actividade arqueolóxica en Ourense, como noutros moitos lugares, está ligada aos membros da Comisión de Monumentos, podendo considerarse a primeira intervención arqueolóxica documentada, a realizada no lugar de Pombar, en Valdeorras, na que se descubriu un mosaico de temática mariña. Esta actuación foi realizada por Marcelo Macías, Manuel Hermida e Arturo Vázquez Nuñez, presidente, vocal e secretario de Comisión, respectivamente.

A partir de 1921 sucédense toda unha serie de acontecementos que marcarán a investigación arqueolóxica en Ga-

licia, e en Ourense en particular. Nas páxinas da revista *Nós*, creada xa en 1920, publícase unha nota informando das exploracións arqueolóxicas realizadas en Porto Quintela por Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Vicente Risco, que se concreta un ano máis tarde coa publicación de *A mansión de Aquis Querqennis*. Por estas mesmas datas realízanse as primeiras campañas de escavación no castro de San Cibrán de Lás, lévase a cabo a viaxe arqueolóxica a Galicia polo prehistoriador alemán Hugo Obermaier, que terá como resultado a publicación de *Impresiones de un viaje prehistórico a Galicia*, e créase o Seminario de Estudos Galegos, institución nacida para o estudo científico da realidade galega, na que se integra o grupo ourensán aglutinado ao redor da revista *Nós*, da Comisión Provincial de Monumentos e do Museo Arqueolóxico.

As escavacións centradas en San Cibrán de Lás deixan paso a traballos de campo de catalogación do patrimonio arqueolóxico, e a estudos multidisciplinares sobre entidades e territorios definidos, como *Vila de Calvos de Randín* ou *Parroquia de Velle*, ao tempo que Cuevillas publica obras de síntese: *Estudios sobre a Idade de Ferro no Noroeste Peninsular*, ou *Os Oestrimios, os Saefes e a Ofiliatría en Galiza* utilizando os datos aportados polas investigacións realizadas na provincia.

Na década dos 40 retómanse de novo as escavacións en San Cibrán de Lás, que se desenvolven en intensas campañas nos anos 1948 e 49, e iníciase as de Cameixa, dirixidas por Cuevillas e Xaquín Lorenzo, cun exhaustivo rexistro de todo o proceso, e co recoñecemento do verdadeiro valor da estratigrafía, que Cuevillas había utilizado anos antes nos traballos de Neixón, en colaboración con Bouza Brey. Por estas mesmas datas, Xesús Taboada Chivite emprende toda unha serie de actuacións de catalogación e escavación de xacementos arqueolóxicos na comarca de Verín,

castro de Medeiros, Outeiro de Baltar, Florderrei Vello, castro de Bouzadoiro, etc., en estreita colaboración con Cuevillas, como poñen de manifesto as publicacións conxuntas, e súa relación epistolar.

A celebración do III Congreso Nacional de Arqueoloxía, en 1953, cuxa sesión inaugural tivo lugar en Ourense, e a apertura provisional do Museo Arqueolóxico no antigo pazo episcopal, supuxo un empurre para a arqueoloxía galega, e en particular para o grupo ourensán aglutinado ao redor do Museo, dirixido por Xesús Ferro Couselo. Ao tempo que continúan as escavacións en xacementos en proceso de investigación, e se inician outros, como Armea, a cargo de Francisco Conde-Valvís Fernández, e San Millán por Taboada, que tamén acomete a Carta Arqueolóxica da comarca de Verín, do mesmo xeito que Rubén García Álvarez cataloga os castros da comarca de Ribadavia, e Laureano Prieto realiza a prospeccións nas terras da Gudiña e Viana.

O pasamento de Cuevillas en 1958 deixa un gran baleiro, que os seus amigos e colaboradores tratan de encher con novos proxectos de publicacións e intervencións en xacementos como Castromao, dirixidas por García Rollán, e despois por Ferro e Xaquín Lorenzo, nas que tivo lugar o achado da *Tabula Hospitalis*, relevante documento xurídico para entender o proceso romanizador do noroeste peninsular. Así mesmo intervense no castro de Santa Águeda, e realízanse actuacións puntuais para documentar achegados ocasionais, como o grupo escultórico de Dionisos e Ampelos ou os sedentes descubertos nas inmediacións do núcleo histórico de Xinzo de Limia. En paralelo a esta investigación de campo, ven a luz diferentes estudos acerca da cultura material nas páxinas do *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Ourense*, e máis tarde, no seu sucesor, o *Boletín Auriense*.

A partir de mediados dos setenta, o Grupo Larouco, dirixido por Antonio Rodríguez Colmenero, emprende a escavación sistemática de Aquis Querquennis, Santa Marta de Lucenza e castro de Saceda, entre outros xacementos. Así mesmo, a apertura do Colexio Universitario de Ourense, dependente da Universidade de Santiago, vai favorecer a formación de novos arqueólogos, que baixo o auspicio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, baixo a dirección de Francisco Fariña Busto, e do Grupo Marcelo Macías, e co financiamento dos fondos de promoción de emprego do Ministerio

de Cultura e da Xunta de Galicia, lévanse a cabo diferentes campañas de escavación e consolidación en xacementos de referencia como Castromao, San Cibrán de Lás ou San Millán, e outros novos como Santomé ou Coto do Mosteiro. Intervencións nas que se mostra unha preocupación non só por conservar e consolidar as estruturas descubertas, senón tamén por divulgar, por medio dunha incipiente musealización, realización de exposicións temporais itinerantes, e publicación de libros e folletos. Iniciábase así unha corrente de entendemento da arqueoloxía non só como instrumento para a creación do coñecemento histórico, senón tamén, en concordancia coa lexislación patrimonial, para a súa conservación e protección, poñendo dito patrimonio á dispoñibilidade do tecido social.

Desde mediados dos oitenta, a arqueoloxía vén marcada polo desenvolvemento da denominada Arqueoloxía de urxencia, xurdida como resposta á nova normativa en materia de protección do Patrimonio Cultural, coincidente coa asunción de competencias exclusivas en materia arqueolóxica por parte da Xunta de Galicia, e coa creación en 1985 dun Servizo de Arqueoloxía como unidade de xestión, e a aprobación de diferentes decretos polos que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, as actuacións van destinadas á prospección e escavación de xacementos en perigo de destrución, tanto pola actividade construtora en centros urbanos, como polas grandes obras de infraestruturas, autoestradas, liñas férreas, encoros, gasodutos, etc., levadas a cabo no medio rural. Dita política trouxo como consecuencia o nacemento dunha arqueoloxía comercial que presta servizos vinculados coa xestión do patrimonio, cubrindo aspectos que van desde a documentación, intervención, posta en valor e difusión do patrimonio cultural.

Consecuentemente, as intervencións arqueolóxicas na provincia multiplícanse, tratándose en moitos casos de pequenas actuacións obrigadas por lei para permitir a execución de obras e outros traballos. De modo que, a modo de exemplo, dos máis de cen permisos concedidos na provincia durante o ano 2020 para actividades arqueolóxicas, o 70% corresponde a controles no medio rural relacionados co aproveitamento madeireiro, corta lumes, pistas forestais, liñas de baixa tensión para dotar de subministro eléctrico, etc.; un 20% están relacionados con controles en ámbitos urbanos, e

só un 10 % corresponden a actividades de escavación, limpeza, consolidación e posta e valor de xacementos ou áreas arqueolóxicas, ben patrocinadas polas Xunta de Galicia, concellos, ou outro tipo de entidades públicas ou privadas.

O amplo mosaico de artigos que aquí se presenta, produto dun abano de profesionais procedentes de diferentes campos, permite obter unha visión do panorama actual da arqueoloxía na provincia, a través dalgunhas das intervencións realizadas, da súa orientación, patrocinio, avances e resultados máis salientables. Por unha banda, aténdese a intervencións en xacementos de referencia, como *O campamento romano de Aquis Querqennis (Bande, Ourense)*, facéndose unha descrición e valoración do xacemento en función das últimas campañas levadas a cabo. *Castro de Cameixa: unha fiestra ao pasado*, dá conta dos traballos da “reescavación” e consolidación das estruturas descubertas nos anos 40 do século pasado, con vista á súa posta en valor. *Castromao 2020, porque os clásicos nunca morren*, atende ás últimas actuacións de limpeza das áreas escavadas, traballos de consolidación e diagnose xeral do xacemento para a súa conservación e revalorización sociocultural. *O Castro de Saceda (Cualedro). Historiografía, caracterización e cronoloxía*, aporta a descrición do xacemento, con referencia ás intervencións realizadas e unha valoración cronolóxico-cultural do mesmo.

Outro grupo de estudos pon de manifesto os traballos realizados en espazos patrimoniais integrados por diversos bens culturais, obxecto de limpeza, escavación si procede, valoración e sinalización con vistas á súa posta en valor, algúns deles promovidos por iniciativas de comunidades locais, como é o caso do *Parque arqueolóxico do Monte Grande*, ou *A estación de arte rupestre das Pisadiñas (Laza, Ourense): a súa interpretación e valoración*. Un caso particular dentro deste grupo constitúe *Arqueoloxía das sociedades labregas na longa duración histórica nunha “periferia” arqueolóxica: o proxecto Sputnik Labrego na comarca de Valdeorras*, no que se dá conta dun ambicioso estudo, na comarca de Valdeorras, sobre a análise das sociedades labregas nun período amplo da historia, tendo como puntos de observación o Castelo de Valencia do Sil, os colmeares de Casaio e a *Ciudad de la Selva*.

*O triunfo da posta en valor do patrimonio Arqueolóxico no concello de Allariz: Armea, San Salvador dos Penedos e*

*Pontón do Brial*, fai un percorrido polas intervencións arqueolóxicas realizadas nos últimos anos no concello de Allariz, froito da colaboración entre o Concello e o Laboratorio de Arqueoloxía da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, entre as que se inclúe as realizadas no castelo de San Salvador de Todea, e no conxunto arqueohistórico do monte de Armea.

*O proxecto Lobarzán: Novas páxinas para a historia do val do Támega* aprofunda no coñecemento dun complexo xacemento, no que se evidencian diferentes horizontes cronolóxico-culturais, que van desde a prehistoria recente, a romanización tardía, o período visigodo e a Idade Media. Ademais da súa dimensión arqueolóxica, este proxecto incide na vertente social de implicación da veciñanza na comprensión, valoración e conservación do seu patrimonio cultural.


Aténdese tamén a diferentes intervencións da arqueoloxía urbana realizadas na cidade de Ourense, coa aportación *Debaixo dos nosos pés*, que analiza os distintos tipos de pavimentos ao longo da historia.

Finalmente, *Os Escarvadores, precursores da arqueoloxía en Valdeorras*, reconstrúe a historia dun grupo de apaixonados da arqueoloxía, que xa nos anos sesenta do século pasado realizaron diferentes intervencións arqueolóxicas na comarca de Valdeorras; e pola súa banda, *A mámoa das Lameiras en Moreiras (Toén)* describe o descubrimento e vicisitudes dunha mámoa neste paraxe do concello de Toén.

Os resultados destes estudos permiten comprobar a necesidade de facer análises históricos, comprendendo e explicando o fenómeno arqueolóxico no contexto xeral en relación co devir histórico no que está inmerso, e a de compatibilizar o rigor científico coa difusión patrimonial, dando visibilidade aos resultados acadados, facendo unha arqueoloxía máis inclusiva e con maior proxección social.

**Xulio Rodríguez González**

Director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense



*Sección de fotografía dos pavimentos de cantos rodados no Pazo dos Armada. [© J. Lamas]*



---

# DEBAIXO DOS NOSOS PÉS



Celso Rodríguez Cao  
Arqueólogo

Con estas breves notas que titulamos *Debaixo dos nosos pés* pretendemos dar unhas pinceladas sobre a historia da nosa cidade de Ourense a través dos seus pavimentos. Con este obxectivo, optamos por analizar algúns pavimentos que existiron antes e despois do nacemento da cidade.

Para iso contamos co potencial informativo da arqueoloxía. A partires do coñecemento dalgunhas intervencións arqueolóxicas que se teñen realizado nos últimos anos, e que nos amosan exemplos de pavimentos, de distintos contextos e cronoloxías, no que poderíamos traducir como unha perspectiva diacrónica da historia da cidade.

A sedentarización das comunidades humanas nun mesmo espazo vai favorecer ou intensificar os procesos de formación de pisos de utilización ou pavimentos, moitas veces difíciles de identificar nas intervencións arqueolóxicas, tal e como nos recorda Gordon Childe<sup>1</sup>. Estes pisos ou pavimentos podémolos clasificar en pavimentos de “terra batida” e en pavimentos con elementos arquitectónicos. Os primeiros imos atopalos en todos os períodos históricos asociados a diferentes situacións e utilizacións. Inda na actualidade esta técnica segue sendo emprega-

da en núcleos rurais, no piso terreo das casas, especialmente de carácter agrícola, sendo moi empregado en cortes e adegas. En canto aos segundos, vanse empregar materiais seleccionados (que o propio medio onde se executan vai proporcionar, ou incluso –algúns casos– con material de importación) para dar resposta a funcionalidades específicas do espazo edificado, ben sexa no interior, ben no exterior<sup>2</sup>. O seu obxectivo foi o de crear superficies homoxéneas que facilitasen as comunicacións, transportes, unión entre varios espazos, etc. Ao mesmo tempo, coa construción destes pavimentos dábase resposta a outras funcións como as hixiénicas, estéticas, de poder e prestixio, etc.

Dende a Pre-Historia antiga, o territorio onde se vai situar a cidade de Ourense é un territorio de grande atractivo para os humanos, xa que reunía extraordinarias condicións xeográficas e naturais. Situada na subconca media ou Miño Ourensán, perfectamente definida por Otero Pedrayo<sup>3</sup>, este amplo val que cruza o Miño e completado cos seus afluentes: Barbaña, Lonía e Porto, conxugada cun paleo-ambiente pleno de recursos, entre os que teríamos que destacar tamén os seus afloramentos termais, constituirán factores propicios para a fixación de grupos humanos.

1. GORDON CHILDE, V. (1972): *Introducción a la arqueología*. Barcelona.  
2. LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1982): *A casa*. Vigo, pp. 27-29.  
3. OTERO PEDRAYO, R. (1926): *Guía de Galicia*, Vigo.



*Colexio das Xosefinas.  
Área termal romana: nº 1 e 2  
pavimento opus signinum, nº 3:  
pavimento opus testaceum.  
[© L. Orero Grandal]*

Como ocorre coas antigas cidades que se atopan sepultadas baixo as actuais, a investigación sobre *Auria* debeu adaptarse aos condicionantes característicos da arqueoloxía urbana. A exploración arqueolóxica da cidade reúne un elevado número de sondaxes, seguimentos e controis arqueolóxicos, fronte a un reducido número de escavacións en área. Nestas condicións é moi difícil interpretar os restos atopados, definir as estruturas arquitectónicas ou interpretar a súa funcionalidade. Todo elo dificulta de xeito enorme a reconstrución da *forma urbis* e a súa evolución temporal. De aí que dita mostraxe de colos ou pavimentos simplemente amose una serie de revestimentos que os nosos antepasados puxeron baixo seus pés nunha cidade en constante evolución.

Así, para mostrar os primeiros pavimentos temos que retroceder a mediados do s. I d.C., especialmente á área das Burgas, onde tanto as actuacións arqueolóxicas no colexio das Xosefinas como na Casa dos Fornos, proporcionáronnos varios niveis ocupacionais que estaban relacionados con diferentes pavimentos, construídos con distintos materiais segundo o seu uso. No primeiro destapáronse unha serie de estruturas vinculadas ao uso termal de carácter hixiénico e lúdico<sup>4</sup>. Entre estas estruturas parcialmente escavadas, destacan un depósito e un *hypocaustum* que presentan un pavimento de *opus signinum*. A

terceira estancia escavada está construída cun pavimento de *opus testaceus*.

Estes dous tipos de pavimentos, tamén foron rexistrados na parte posterior do edificio do Instituto Otero Pedrayo, o denominado “Pompeo”, solar que en época decimonónica formaría parte do xardín botánico do Posío.

No “Pompeo”, debaixo do que foi o campo de deportes de dito Centro Educativo, púidose exhumar parte das estruturas de tipo habitacional, correspondentes cronoloxicamente tanto ao Alto Imperial como ao Baixo Imperial, e cunha continuación até a Baixa Idade Media, neste último período con elementos construtivos vinculados á actividade gremial de curtidos.

O primeiro dos pavimentos, de *opus signinum*, está relacionado con diferentes habitacións dispostas en torno a un patio central que dispuña dun pozo. O segundo, de *opus testaceum*, realizado con ladrillos *bipedalis*, forma parte dunha estrutura pertencente ao Alto Imperial, sendo a súa orientación, ao igual que as anteriores estruturas, cara a vía secundaria que, partindo da Vía XVIII do Itinerario de Antonino, entraba na nosa cidade e tal como sucede no caso de *Lucus Augusti*, esta convértese nunha das rúas principais da súa planimetría ortogonal urbana.

4. OREIRO GRANDAL, L. (1998): “Intervención arqueolóxica nas inmediacións das Burgas: Patio do Colexio das Xosefinas (Ourense, 1996)”. *Boletín Auriense*, T. XXVII. Ourense, pp. 107-146.; ID., (2009): “Actuacións arqueolóxicas na cidade de Ourense: Colexio das Madres Xosefinas e Xardín do Posío”, en *Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI*. Ourense, pp. 33-44.



*Balneario salutarífico de Casa dos Fornos.*  
[© C. R. Cao]



*Reconstrucción Balneario salutarífico. 1: Pavimento de lousas de granito, 2: pavimento opus signinum.*  
[© A. Colmenero]

En canto á Casa dos Fornos, as escavacións arqueolóxicas realizadas permitiron facer unha lectura diacrónica dende a etapa romana até a actualidade. En época romana destaca unha serie de estruturas vinculadas a un edificio con funcionalidade terapéutica e cultural, cuxa construción se realizou onde xorde a fonte termal das Burgas, para así aproveitar as calidades minerais e caloríficas destas augas. Este edificio dispuña dun espazo central ocupado por unha piscina abovedada e pechada por un patio porticado. A cronoloxía desta edificación romana<sup>5</sup>, con diversas modificacións, sería do s. I-III d.C.. Durante a escavación de dito edificio puidemos destapar dous pavimentos de características diferentes. Por un lado, o pavimento da piscina, construído cos bloques graníticos colocados cunha dobre e suave pendente, cara os laterais e cara o poñente da edificación, o que facilitaríaa súa limpeza. O outro pavimento, localizado na zona do patio porticado, sería de *opus signinum*.

Este edificio termal tivo unha serie de modificacións na súa planta a mediados do s. II d.C. e como consecuencia,

na súa funcionalidade. Esta nova actividade non está vinculada ao baño, senón a unha reutilización doméstica.

A área termal posiblemente se trasladou varios metros máis abaixo, Burga de Abaixo, onde e a partir da localización dalgunha *tessera*, cremos que a nova arquitectura disporía dun pavimento de mosaico ou *opus tessellatum*. Estes mosaicos<sup>6</sup> -de inspiración grega polos seus contactos con Oriente- encontraron, dentro da arquitectura romana, unha das solucións perfectas para revestir e impermeabilizar non só pavimentos interiores ou exteriores, senón tamén paredes e coberturas.


Na Idade Media, até ben entrado o s. XIX, encontrámonos con pavimentos nas rúas e prazas, fundamentalmente de terra, algúns excepcionalmente conformados por laxas<sup>7</sup> e, dende o s. XVI, os pavimentos serán de cantos de río, aspecto este último rexistrado tanto pola arqueoloxía, como pola documentación arquitectónica que nos ofrecen as Ordenanzas Municipais de Ourense, estudadas por Dña. O. Gallego<sup>8</sup>.

5. RODRÍGUEZ CAO, C. (2013): "As Burgas de Ourense: as súas arquitecturas balnearias a través da historia", en M<sup>º</sup>. G. Souto Figueroa (coord.): *Ourense. Unha provincia singular, enigmática e sorprendente*. Ourense, pp. 85-96; EGUILLETA FRANCO, J. M<sup>º</sup>.; RODRÍGUEZ CAO, C. (2016): *Agua Divi Vrbs. Agua, dioses y ciudad*. Ourense.; RODRÍGUEZ CAO, C., EGUILLETA FRANCO, J. M<sup>º</sup>. (2017): "El balneario romano de la ciudad de Ourense: primer avance de las excavaciones", en G. Matilla Séiquer e S. González Soutelo (eds.): *Termalismo antiguo en Hispania. Un análisis del tejido balneario en época romana y tardorromana en la península ibérica*. Anejos de AEspA LXXVIII. Madrid, pp. 95-115.

6. ADAN, J. P. (2002): *La construcción romana. Materiales y técnicas*. León, pp. 253-256.

7. LÓPEZ CARREIRA, A. (1998): *A cidade de Ourense no século XV*. Ourense.

8. GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (2001): *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos*. Boletín Auriense, Anexo 27. Ourense.



*Reconstrucción pavimento románico. Palacio Episcopal de Ourense.*

[© F. Fariña, M. Fernández, M. Xusto]

Estes pavimentos de “*coios do río*” empezáronse a utilizar dunha maneira sistemática en rúas e prazas da nosa cidade dende comezos do XVI, pero nalgúns edificios a súa existencia sería dunha cronoloxía anterior. Este é o caso do pavimento de *coios* do patio románico do Pazo Episcopal<sup>9</sup> –edificio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense–.

En canto a exemplos deste tipo de pavimentos en prazas e, nos que as actuacións arqueolóxicas os puideron identificar, temos en primeiro lugar a Praza da Ferraría. Esta praza tivo diferentes ampliacións no transcurso da súa historia, unha delas no s. XVII, a expensas das *casa foreiras* do mosteiro de Celanova. A situación destas casas coñécese a partires do estudo e publicación do plano que realizou D. J. Ferro<sup>10</sup>.

Nas actuacións arqueolóxicas levadas a cabo no solar nº. 1 desta Praza da Ferraría, e na súa esquina coa rúa Cervantes, nº. 20 e 22, púidose documentar o pavimento da antiga praza, en época medieval/moderna<sup>11</sup>. Esta praza ocupou unha superficie máis ampla que na actualidade, constatado este feito pola continuidade do seu pavimento no interior de varias edificacións. Dito pavimento estaba formado por cantos rodados colocados perfectamente de perfil, presentando diferentes deseños xeométricos, separados entre eles por pedras graníticas con funcionalidade de condución de augas pluviais. Este piso orixinario da praza encóntrase a unha profundidade de 0.90m en relación á actual.


Outras prazas coa mesma pavimentación rexistráronse na *praza da Sal e das Olas* e *praza da Cruz dos Fornos*.

9. XUSTO RODRÍGUEZ, M.; FARIÑA BUSTO, F. (2007): “Intervención nos Paaços, Torres et Curral do Bispo d’Ourens”, en M. López-Mayán Navarrete e C. J. Galbán Malagón (coords.): *Del documento escrito a la evidencia material*. Santiago de Compostela, pp. 229-250.; FARIÑA BUSTO, F., FERNÁNDEZ QUINTELA, X. M., XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2009): “Intervencións arqueolóxicas no edificio do Museo”, en *Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI*. Ourense, pp. 157-186.

10. FERRO COUSELO, J. (1955): *Visión urbanística del Ourense antiguo*. La Región. Ourense.

11. RODRÍGUEZ CAO, C. (2008): *Memoria das sondaxes arqueolóxicas valorativas nos predios nº 1 da praza da Ferraría, esquina rúa Cervantes nº 20 e 22, da cidade de Ourense*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.

As intervencións arqueolóxicas, tanto no solar nº 4 da actual Praza Manuel Sueiro<sup>12</sup> ou as realizadas nos solares lindantes coa rúa Luna, esquina Pizarro ou a intervención no nº 20-22 da rúa Pizarro, púidose comprobar que ditas edificacións asentábanse en pavimentos de cantos rodados pertencentes a ditas prazas e que, tamén nesta etapa contemporánea, o privado constrúese sobre un espazo que anteriormente foi público.



*Pavimento orixinal da Praza da Ferraría*  
[© C. R. Cao]

Para finalizar con estes pavimentos construídos en espazos públicos, destacamos outro exemplo, neste caso fóra do Centro Histórico. Trátase do terreo que circunda a Igrexa-Santuario da Nosa Señora dos Remedios.



*Pavimento orixinal da Praza Cruz dos Fornos*  
[© C. R. Cao]

A partires do estudo documental sobre a ponte Romana de Ourene, na segunda metade do s. XVI, sabemos que o pavimento desta gran arteria da cidade de Ourene estaba formado por “guijarros”, ao igual que a rampla de baixada á Capela<sup>13</sup>:

*“Yten es condision que esta dicha puente por la parte de cima sea empedrada de gijarro...”*

*“Yten con condision que el dicho maestro que tomare la dicha obra y en quien se rrematare a de azer las gradas neçesarias para baxar desta puente a la hermita de nuestra Señora de rremedios”.*

Estes pavimentos foron sacado á luz nas sondaxes arqueolóxicas que se realizaron, tanto con motivo da rehabilitación da casa do “fielato” –para



*Igrexa Virxe dos Remedios. Pavimento de cantos rodados, espazo exterior* [© C. R. Cao]

12. RODRÍGUEZ CAO, C. (1999): *Escavación arqueolóxica, precedida de sondaxes, no predio da praza Manuel Sueiro nº 4. Cidade de Ourene.* Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.

13. Vid.: “Condiciones confeccionadas por Juan de Herrera para las obras de reformas y reparación del Puente Romano de Ourene”, en PÉREZ RODRÍGUEZ, F. (1998): “Las obras de reforma del puente de Ourene en la segunda mitad del siglo XVI”. *Boletín Auriense*, T. XXVIII. Ourene, pp. 135-153. Sobre A Ponte de Ourene vid.: RIVAS FERNÁNDEZ-XESTA, J. C. (2014): *A Ponte Maior. La razón de ser de una ciudad: El Puente Romano-Medieval de Ourene.* Ourene.



*Casa Pazo dos Gayoso* [© M. Xusto]

oficina de turismo- como as últimas intervencións de restauración da propia Igrexa-Santuário de Nsa. Sra. dos Remedios, acometidas tras o incendio do ano 2010<sup>14</sup>.

Naturalmente, dentro deste repertorio sobre pavimentos debemos referirnos aos documentados no interior das casas, e que en Ourense, un bo exemplo deles serían os rexistrados nas edificacións renacentistas (casas-pazo), vinculadas ás entradas e patios con columnas, como a Casa dos Gayoso<sup>15</sup> ou Pazo dos Armada<sup>16</sup>, onde os seus pavimentos presentan diferentes deseños xeométricos (cadros de xadrez) e vexetais (rosáceas cuadriformes inscritas en circunferencias).

Por último, citaremos a outro tipo de solos, os da catedral de Ourense. As súas tres naves sufriron ao longo da historia diversas modificacións nos seus pavimentos, todos relacionados con sepulcros, algo que é unha constante neste tipo de edificios relixiosos até polo menos finais do s. XVIII ou principios do XIX, cando se inicia o proceso que levará á construción de cemiterios fóra das poboacións.

Nas últimas actuacións neste edificio catedralicio, encamiñadas á repavimentación das súas naves, púidose comprobar que o seu pavimento estaba realizado con lousas de pedra granítica, moitas delas delimitando sepulturas, de cronoloxía moderna, aínda visibles aos pés da nave central na parte posterior do Pórtico do Paraíso.

Nas naves laterais, o pavimento que circunda ás capelas, sancristía e paso á Clastra Nova (actual Museo Catedralicio), o pavimento estaba composto por lousas graníticas de maior tamaño, froito das alteracións/aproveitamentos de antigas laudas sepulcrais, algunhas delas, grazas á existencia de libros de rexistro de inhumacións, podemos saber a que individuo pertencía e a situación da sepultura.

Para finalizar, e dentro tamén do conxunto catedralicio, temos que destacar o pavimento orixinario que destapamos baixo as criptas abovedadas, que estaría relacionado cronoloxicamente coa obra inconclusa da Clastra Nova. Este pavimento está formado por unha capa de terra, cal, fragmentos pequenos de cuarcitas, todo elo moi compactado e aplanado.

O conxunto de pavimentos aquí presentados, *Debaixo dos nosos pés*, non queda finalizado, pois aínda resta por analizar pavimentos de cerámica, de madeira, pavimentos tipo *macadame* -resultado do progreso técnico, industrialización e introdución do automóbil-, pavimentos de xardíns, como os do Posío e Alameda, Burgas, etc., pavimentos que pisamos e percorremos todos os días nesta cidade de

14. RODRÍGUEZ CAO, C. (2000): *Memoria das sondaxes arqueolóxicas na Ponte Vella de Ourense*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.; ID., *Memoria do Control Arqueolóxico na Igrexa-Santuaria dos Remedios, Ourense*. Dirección Xeral do Patrimonio. Xunta de Galicia.

15. FERNÁNDEZ QUINTELA, X. M., XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1999): "Notas para o estudo da arquitectura civil do renacemento na cidade de Ourense. As casas con patio (I)". *Boletín Auriense* T. XXVI. Ourense, pp. 97-122.; XUSTO RODRÍGUEZ, M., FERNÁNDEZ QUINTELA, X. M. (2009): "Intervención arqueolóxica na casa pazo dos Gaioso", en *Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI*. Ourense, pp. 211-246.

16. LAMAS BÉRTOLO, J. (2010): *Memoria do Control Arqueolóxico e análise de paramentos na rúa S. Miguel nº 5, Ourense*. Dirección Xeral de Patrimonio. Xunta de Galicia.; FERNÁNDEZ QUINTELA, X. M., XUSTO RODRÍGUEZ, M. (1999): "Notas para o estudo da arquitectura civil do renacemento na cidade de Ourense. As casas con patio (II)". *Boletín Auriense* T. XXIX. Ourense, pp. 47-87.



*Pazo dos Armada. Pavimentos de cantos rodados con motivo de rosácea cuadriforme inscrita nunha circunferencia. [© J. Lamas]*



*Pazo dos Armada. Pavimento con decoración de motivos de cadros de xadrez [© M. Xusto]*



*Catedral de Ourense. Obras de restitución de pavimento* [© C.R. Cao]

*Auria* e que nos amosan o aproveitamento das materias primas dispoñibles localmente, principalmente o granito e as cuarcitas ou cantos rodados, revelando a mestría das diferentes civilizacións que van transformando a nosa cidade a través dos séculos.



*Catedral de Ourense. Lauda sepulcral reaproveitada no pavimento*  
[© C.R. Cao]



*Catedral de Ourense. Debuxo de lauda sepulcral*  
[© P. Boluda]



*Catedral de Ourense. Lauda sepulcral reaproveitada no pavimento* [© C.R. Cao]





## GLOSARIO DE TERMOS DE ENXEÑARÍA ROMANA


***Bipedalis:*** ladrillo cadrado de dous pés por lado, uns 59,2 cm.

***Hypocaustum:*** cámara abovedada onde estaban as caldeiras que quentaban as salas de baños e as casas.

***Opus signinum:*** morteiro de cal e po de ladrillo, utilizado como enlucido de carácter impermeable. Recibe o seu nome de Signia, cidade da Lacio.

***Opus testaceum:*** Aparello de ladrillo moi utilizado sobre todo nas termas, pola súa resistencia aos cambios de temperatura.

***Opus tessellatum:*** Mosaico. Solado de luxo constituído por pequenas pezas cúbicas de pedra (*tesserae*) formando debuxos.



*Localización dos puntos arqueolóxicos de Toén*

*1. Monte As Lameiras. 2. Monte A Medoña. 3. Mámoa catalogada das Lameiras. 4. Restos do gran dolmen destruído. 5. Restos do que podería ser a mámoa da Medoña. 6. Monte da Lagoa. 7. O Carballal, onde se sitúa o Refuxio dos Mouros. 8. A Penadanta, Monte onde podería estar outra mámoa. 9. Outeiro Cebadoiro. Lugar da lenda das menciñeiras.*

# A MÁMOA DAS LAMEIRAS

## *en Moreiras (Toén)*



**David Sabucedo Cardero**

Licenciado en Historia

Presidente da Asoc. Amigos do Patrimonio de Toén

O 7 de agosto de 2020 un inmenso incendio devastaba os montes da parroquia de San Pedro de Moreiras, en Toén, deixando ó descuberto no monte comunal das Lameiras unha impresionante mámoa que había oculta no lugar.

A verdade é que o lume non descubriu nada que non souberamos. Aló polo 2014, nunha das saídas ó monte que facíamos Pablo Sabucedo e máis eu, chamáranos a atención un sospeitoso montículo naqueles terreos chairros, que, tras unha ollada rápida, comprobamos que podía tratarse dunha mámoa. O primeiro que vimos foron numerosos amoreamentos de pedras que poderían ser parte da coiraza (carcasa de pedra e terra que cubría ó dolmen) e tras subir á cima daquela montoeira vimos grandes laxes que se podían corresponder ca cámara de enterramento ou dolmen, o que e nos deu a segurida-



*Vista xeral da mámoa ao pouco co incendio*

de do achádeo. Unha confusión ca toponimia do lugar fíxonos crer que estabamos ante o túmulo que bautizara aquel monte coma A Medoña, o cal dábamos por desaparecido, mais o tempo e a testemuña dos veciños corrixiron o noso erro: aquel lugar

era As Lameiras, sendo A Medoña un altiplano localizado ó seu norleste.

A nosa xuventude e falta de asesoramento fixo que non déramos por aquel tempo parte do descubrimento, pero na nosa cabeza só había unha



Portada Faro de Vigo edición Ourense co achado da mámoa

idea, protexer o monumento e algún día catalogalo e poñelo en valor.

### Unha Asociación para defensa do patrimonio

En 2019 xunto a varios veciños do concello creamos a asociación de Amigos do Patrimonio de Toén (APTO), un grupo que nacía ca intención de investigar a historia do municipio e pór en valor o numeroso patrimonio que alberga, sendo a catalogación da mámoa de Lameiras o primeiro obxectivo.

A pandemia da covid cortou os progresos da asociación no seu inicio,

mais o lume de agosto obrigounos a intervir no lugar para impedir males maiores. A primeira visita a Lameiras, para comprobar o estado do xacemento tralo incendio, descubriunos un monumento de enormes dimensións, sendo, agora que estaba limpo da maleza que o cubría, conscientes do seu tamaño e estrutura. O primeiro que fixemos foi decidir que había que dalo a coñecer para buscar unha reacción dos veciños e tentar conciencialos da riqueza que temos e da súa salvagarda, polo que dimos aviso á prensa e a Patrimonio, sendo a axuda prestada polo concello de Toén e ao seu compromiso co noso labor o que axudou a rápida inter-

vención dos técnicos ós poucos días de saltala noticia.

A repercusión que tivo na prensa foi de todo inesperada, o que desde a Asociación pensamos que ía ser unha breve reseña no xornal Faro de Vigo acabou sendo a súa portada na edición ourensá. A reportaxe feita pola TVG e a saída da nova no xornal La Región e numerosos portais de internet ó día seguinte fixo que tódolos faladoiros de Toén volvesen a tratar dun tema que facía anos que non se falaba, de arqueoloxía.

### Características do xacemento

As Lameiras atópase encadrada nunha chaira das terrazas do Miño, xa case lindeiro ca conca do río Barbaña, sendo estes solos abondosos en granito e cuarzo. O que antano foran terras de labor comunais de Moreiras-Trelle, hoxe son un terreo de monte baixo ó levar ermas os últimos anos. A paisaxe está moi aleterada polas numerosas intervencións que durante as últimas décadas fixéronse nel con maquinaria pesada, estando hoxe moi remexida a terra do lugar; sen contar as moreas de pedra e terraciscadas por todo o campo produto das obras dun inconcluso campo de golf a escasos metros do xacemento, e o máis que posible uso coma vertedoiro deste monte.

Moi preto da pista forestal que discorre por estas terras atópase a mámoa. A visita dos técnicos de patrimonio o 12 de agosto de 2020 deunos os primeiros datos sobre ela<sup>1</sup>. O arqueólogo Manuel García Valdeiras, encargado da peritaxe, nunha primeira

1. Agradecer a Manuel García Valdeiras que me facilitase unha copia da ficha de inventario da mámoa.

ollada ó túmulo declarou que presentaba numerosas alteracións: por unha parte a abundosa vexetación que o cubría e que agora estaba calcinada, sendo esta monte baixo e algunhas árbores coma piñeiros, bidueiros e carballos que medraran na mámoa; ademais dos incendios forestais, segundo palabras de García Valdeiras: “o túmulo presenta evidencias de saqueo sistemático, o lateral Norte está alterado por achairamento e os restos da coiraza amoredados sobre o mesmo”. Datouna no período calcolítico (III milenio a.C.), sendo posiblemente unha mámoa de corredor, é dicir, tiña un corredor de acceso á cámara de enterramento; que o radio oriental sexa máis largo que o occidental sería a característica que levou a pensar que se trata deste tipo de túmulo. A medición das súas dimensións deu que ten dous metros de altura e un diámetro de 28 m. Obsérvanse restos da coiraza de granito, e a acumulación destas pedras na cara norte responde a unha alteración do túmulo no pasado, polos posibles traballos agrícolas que se facían na zona, tamén é notable esa alteración ca leste e sur; tralo lume na cara sur-leste había rodeiras das cadeas dunha das máquinas de extinción do incendio. O cono de violación (buraco feito na coiraza no pasado para saquear o túmulo) dun metro de fondo, mostra as antas (pezas do dolmen ou cámara funeraria), sendo visibles a pedra da cabeceira e as dúas laterais, así coma dúas de calzo entre a cabeceira e a lateral norte, outra lousa que se atopa sobre o cráter podería ser parte da tampa (teito do dolmen) ou outra peza da cámara. Pola tipoloxía do túmulo e pola datación correspóndese cunha estrutura de enterramento



*Acumulación de pedras da coiraza na cara noroeste do túmulo*



*Foto aérea da mámoa das Lameiras*

de carácter comunitario, aínda que, segundo comentou o arqueólogo, é posible que posteriormente fixéranse enterramentos de carácter individual na coiraza do monumento.

Unha característica a ter en conta da mámoa, que pode non ser casual, é a súa proximidade ao camiño, sendo moi habitual a construción destes monumentos funerarios nas rutas de paso, pois estes foron os primeiros delimitadores dunha paisaxe que comeza a ser domesticada pola

humanidade<sup>2</sup>; o que hoxe semella ser unha pista forestal era no pasado un camiño tradicional, coma dan conta as fotografías aéreas do voo americano de 1945-1946. O achádeo do que semella ser un bifaz (unha ferramenta lítica) nas proximidades da mámoa a finais de 2020 daría conta dun campamento humano nos arredores do túmulo, pois estas eran comunidades itinerantes e adoitaban acampar nos arredores das necrópoles ou nas proximidades, buscando con elas conexión visual<sup>3</sup>. Outra curiosidade

2. Criado Boado, F. (2016) *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*. Vigo, Ed Galixa

3. Criado Boado, F. (2016)



Vista das antas da cámara funeraria



Representación da Lacuna no croquis do coto auriense feito pola Comisión de Monumentos de Orense

que chama a atención son as abondosas pedras de seixo (cuarzo) presentes na corozza, sendo este un elemento que na antigüidade relacionábaselle un carácter protector contra o sobrenatural, podería indicar a vontade dos seus construtores de darlle protección espiritual ó panteón funerario.

### A mámoa na documentación

Durante a investigación que levo realizando durante anos sobre a historia local atopame ca que pode ser a

primeira mención a este monumento megalítico, curiosamente no primeiro documento conservado que fala do lugar de Moreiras.

O 11 de abril de 1133, en Ávila, o emperador Afonso VII amplía as terras que pertencían ao coto auriense, é dicir, as terras baixo xurisdición episcopal<sup>4</sup>. Este privilexio é clave para a historia do noso concello e parroquia, xa que de moitos lugares do mesmo é a primeira vez que temos referencias documentais. Nel tamén aparece un túmulo megalítico o que denominan a *Lacuna* ou Lagoa, xusto á carón

de Moreiras: “et inde inter Lacunam et Morarias”<sup>5</sup>, cando fai mención a que os novos lindes do coto auriense pasan entre Moreiras e a *Lacuna*. A denominación das mámoas coma *Laco Anticuo* ou *Lacuna*<sup>6</sup> vén dada por presentar esta un cono de violación, cando chovía e este buraco na estrutura enchíase de auga dáballo o aspecto dunha lagoa ou lago de aí que na documentación medieval abundan as referencias nestes termos a estes elementos que actúan coma marcos delimitadores, sendo confundidos moitas veces con humedais polos investigadores<sup>7</sup>; a outra información que nos dá esta denominación é que o túmulo que sinalan xa fora saqueado moito tempo atrás.

Mais sería esta *Lacuna* a mámoa descuberta ou sería outra? Para o investigador local da veciña aldea de Sobrado do Bispo, e membro fundador de APTO, Juan Carlos Forneiro, non habería dúbidas que o marco megalítico emprazárase naquelas terras, coñecidas coma Os Campos (topónimo do monte a carón de Lameiras). En opinión do arqueólogo García Valeiras non sería raro atopar algunha outra no lugar, de feito o estraño sería que non as houbera. Naquel momento non tiñamos referencia algunha de máis mámoas, fóra do topónimo de A Medoña do monte veciño, mais co paso dos días iso ía cambiar.

### A positiva reacción veciñal ó descubrimento

A nova do descubrimento correu coma a pólvora no lugar de Moreiras, sendo a reacción da xente moi posi-

4. Vaquero Díaz, B., Pérez Rodríguez, F. (2010) Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense, León Centro de Estudios e Investigación San Isidoro. Caja España de Inversiones.

5. Vaquero Díaz, B., Pérez Rodríguez, F. (2010)

6. PENA GRAÑA, A. (2004) Treba y Territorium (Tese). USC, Santiago de Compostela.

7. Francisco Javier Pérez e Beatriz Vaquero confunden a Lacuna cun humedal ou lagoa.

tiva. Ducias de veciños interesados acudiron As Lameiras para ver cos seus ollos a famosa mámoa, mais tamén moitos foron os que viñeron onda nós para contarnos, agora que sabían o que eran “aquelas pedras”, doutros monumentos que eles de cativos viran naqueles montes.

A primeira testemuña veu de Dosia González, duns 79 anos, segundo relatou sendo ela nena cando ían ó monte da Medoña a traballar os da súa casa xunto con outras xentes de Moreiras, os pais deixábanos, a ela e os demais nenos, nunha “casetiña de pedra” onde xogaban; aquela “casetiña” tiña paredes e un teito feito con grandes laxes, mais non sabían que era, tamén os adultos a usaban de refuxio contra o mal tempo e prendía fogueiras nela. Cando lle chegou a nova, por mor da confusión que se produciu ao nós dar mal o topónimo do lugar, foi ó monte da Medoña a vela caseta, mais non deu recoñecido nada do terreo que alí vía do cambiado que estaba. Os traballos de sondaxe levados a cabo en 1980 por un proxecto para facer unha canteira naquela terra mudaran a paisaxe por completo, sendo posiblemente destruído o dolmen que vira e no que xogara de meniña. A sorte fixo que eu estivera naquel lugar aquel día para ver se daba atopado algunha pista, aclareille a confusión e acompañoume a ver se atopábamnos a “caseta” da súa infancia. O único que encontramos foron os restos de grandes pedras amontoadas no lado sur-leste daquel altiplano que, pola morfoloxía e colocación dalgunha delas, puideran corresponderse cos da antigo monumento.

As outras testemuñas deron parte doutro túmulo que estaba moi próximo á mámoa catalogada. A pri-



*Amoreamentos de pedras no monte de A Medoña*



*Restos do gran dolmen das Lameiras*

meira persoa que me falou del foi Marisa Seoane Freijoso, esta veciña de Moreiras que tivo formación en historia lembraba un dolmen completo, de moi grandes dimensións, no monte de Lameiras; segundo ela describiu dentro del collía ela de pé, e a última vez que o viu sería hai uns 25 anos, mais non lembraba o lugar exacto. Foi outro veciño de Moreiras, José Luis Arce, quen nos aportou a testemuña máis completa do lugar e o emprazamento do novo túmulo. El lembraba un monumento de maiores dimensións que o cata-

logado, moi preto da mámoa cara unha ladeira ó surleste que vai cara os montes de Sobrado: -Collíamos nós de pé- comentou, e estaba completo, a diferenza do conservado, xa que tiña a tampa no seu lugar; tamén dixo que sendo el cativo a mámoa descuberta posuía a tampa colocada no seu sitio, sendo esta a pedra que esta caída no cono de violación (a que na análise fixemos referencia), tamén presentaba un “muriño” que rodeaba a estrutura do túmulo, e este: -estaba cheo de pedras coma estas que ten amo-

readas nas beiras- relatou. Tras isto levounos ó lugar onde estaba o gran dolmen do que falaran, a uns 600m da mámoa, pero o seu estado é de completa destrución, tal e coma estaba o que puidera ser o da Medoña. A lembranzas deste home remontábanse a 25-30 anos cara atrás ao igual que as de Marisa.

O lugar onde se emprazaba este outro dolmen estaba moi remexido por maquinaria pesada, sendo esta a causa clara da súa destrución por como estaban colocados os restos, producíndose estes feitos o máis seguro durante a obra do malogrado campo de golf, antes nomeado.

### **A toponimia e tradición oral, unha xanela ó pasado**

As mellores ferramentas das que dispoñemos para asomarnos ao pasado e ver que xacementos esconde a nosa terra, son dúas: a toponimia e a tradición oral. Un estudo detallado da contorna mediante a análise dos mapas do terreo circundante, entrevistas ós paisanos de Moreiras e as numerosas testemuñas das que din conta anteriormente mostrou ante nós o que foi, ata hai escasos 30 anos, unha gran necrópole megalítica.

A toponimia da zona amósanos unha grande abundancia destes enterramentos espallados por terreos próximos aos túmulos de Lameiras. En Moreiras están o monte da Medoña, antes mencionado, do que temos a constatación de que no pasado un dolmen foi visto polos veciños nese lugar (a 800m do túmulo catalogado). O linde das parroquias de Trelle e Moreiras sinálo o

Regato da Vella, topónimo cuxo significado remóntanos ó culto a unha antiga deusa. No val entre este regato e o regueiro do Batemaus, xa en Trellerma, está o monte de A Lagoa (2.9km da mámoa), podendo ser este a máis seria candidata a ser a *Lacuna* sinalada no documento do século XII. Xa para rematar na parroquia de Sobrado, no concello veciño de Barbadás, está o marco da Penadanta, delimitando os montes comunais da parroquia cos de Moreiras-Trelle. O nome deste linde vén de "pena da anta", sento a verba "anta" un sinónimo de dolmen; tendo en conta que estas estruturas facían as funcións de marcos delimitadores do terreo dende a antigüidade, estaríamos ante outro enterramento megalítico a un quilómetro escaso do túmulo de Lameiras catalogado. A día de hoxe nin na Medoña (como xa sinalei), nin a Lagoa nin na Penadanta quedan restos claros localizados de túmulo algún, ou polo menos aínda non puidemos dar con eles.

Fóra das testemuñas antes mencionadas a tradición oral apórtanos dúas lendas interesantes que poderían marcar novos xacementos. Entre os montes de A Medoña e A Penadanta está o Outeiro Cebadoiro. Deste outeiro recolleu dos veciños de Sobrado Juan Carlos Forneiro, membro de Amigos do Patrimonio de Toén, a lenda de que nas noites de San Xoán as menciñeiras das aldeas veciñas reuníanse no seu cumio para facer fogueiras. Habería a posibilidade de que este monte fose un antigo santuario? Noutros lugares de culto do pasado máis remoto catalogados no noso país, coma o de Adai en Lugo, apareceron túmulos ó seu carón, mais á falta de constatación arqueolóxica con este tema só pode-

mos facer conxecturas. Recollida por Pablo Sabucedo e por min foi a presenza no monte de O Carballal, a quilómetro e medio das Lameiras, dunhas antigas estruturas redondas cuxa historia contounos outro paisano de Moreiras, Ventura Abad, que sendo neno fora alí co seu pai recoller as pedras que as conformaban para a construción, segundo dixo chamábanlle a aquilo os Refuxios dos Mouros; por desgraza neste caso tampouco hoxe quedan restos materiais que nos poidan dar unha idea do que eran eses "refuxios", pero a referencia ós mouros dá a seguridade de que eran parte do patrimonio arqueolóxico da parroquia.

As primeiras conclusións desta investigación deixan un panorama desolador: a acción humana nestes terreos levou a destrución do que poido ser a maior concentración megalítica da bisbarra e o noso máis valioso tesouro. O peor de todo é que non serviu de nada, nin o proxecto de canteira nin o posterior do campo de golf foron adiante, deixando só un rastro de destrución na paisaxe e nos vestixios da nosa historia, sendo a mámoa das Lameiras o último supervivente do que fora unha gran necrópole.

### **O rexurdimento da arqueoloxía en Toén?**

O seguinte paso é a posta en valor do xacemento, a súa limpeza e sinalización para que todo o que queira poida acudir. Unha tarefa na que non podemos deixar de lado o resto do rico patrimonio arqueolóxico que temos no municipio de Toén, e cuxo estudio comezou vai máis dun século.



A finais do século XIX a Comisión de Monumentos de Ourense falaba dun dos grandes xacementos deste concello o castro de Louredo, onde un veciño de Mugares achara unha ara galaico-romana dedicada a Diana, e os habitantes do país daban conta dos numerosos restos de construcións que había naquel monte<sup>8</sup>; mais non foi ata a década dos 80 cando se fixeron as primeiras intervencións arqueolóxicas no xacemento, que sacaron á luz moreas de restos de tégula (tella) e cerámica, así coma outra ara votiva dedicada a Xúpiter e ás matres galaicas, pero nunca chegou a ser escavado en profundidade<sup>9</sup>. Compartido entre catro concellos (Toén, Barbadás, A Merca e Cartelle) atópase o castro de Trelle, lugar que leva 70 anos de pequenas intervencións e múltiples agresións, pois o recinto castrexo forma parte dunha plantación forestal; o primeiro estudo que fixo do castro Florentino Cuevillas en 1928 foi seguido doutras intervencións que sempre viñan da man de grandes destrucións, coma a apertura dunha pista forestal entre 1946-1948, que sacou á luz dúas pezas metálicas (hoxe desaparecidas) e cabanas circulares na croa, a intervención de 1971 na que se descubriron varios obxectos na escombreira da dita pista forestal, ou a aparición de sementes de trigo calcinado nas raíces dun piñeiro caído, precisamente estas foron a peza do mes do Museo Arqueolóxico de Ourense en novembro de 2018<sup>10</sup>. Sen dúbida ningunha, os 70 foron a década dourada da arqueoloxía no municipio, pois en 1976 no monte da Piteira, en Moreiras, era descuberto



Outra vista do dolmen

e escavado por D. Vicente Rodríguez Gracia o xacemento paleolítico máis importante da provincia<sup>11</sup>, xunto con outros do mesmo período nos montes próximos de A Portela Vella, A Costoira e A Conchada (onde estaba o antigo psiquiátrico). Por eses anos e por mor da intervención na Piteira foron descubertas e catalogadas as que ata o de agora eran as únicas necrópoles megalíticas do concello, a de As Bragradas, As Cerdeiras e o Muíño Novo, na parroquia de Santa María de Toén.

Tras deste período dourado veu pouco a pouco a decadencia e esquecemento do noso patrimonio arqueolóxico, o abandono da busca de novos xacementos (fóra dos poucos descubrimentos que foron catalogados a maiores para a elaboración do PXOM hai vinte anos) e incluso a perda da memoria dos que xa saíran á luz, sendo exemplo a destrución producida nas murallas do castro de Trelle por un madeirei-

ro natural do lugar en 2009, que argumentou descoñecer que aí houbera tal cousa.

Por iso dende a Asociación de Amigos do Patrimonio de Toén queremos recuperar ese espírito perdido. O achádeo das Lameiras non só volveu pór ó concello de Toén no centro das miradas da arqueoloxía galega, senón que conseguiu prender nos veciños a curiosidade polo noso pasado e o seu legado, podendo ser este o inicio do rexurdimento da arqueoloxía neste municipio.


8. Ver *Boletín da Comisión de Monumentos da Provincia de Ourense*. Os números están dixitalizados no portal web Galiciana.

9. Seara Carballo, A. (1990-91) "Algunhas cerámicas do Castro de Louredo". *Boletín Auriense* tomo 20-21 p. 135.

Rivas Fernández, J. C. (1990-1991) "El ara romana dúplice de San Vicenso (Monte Louredo, Ourense)". *Boletín Auriense* Tomo 20-21 p. 211.

10. Sabucedo Cardero, D. (2018, 21 de novembro). "O Castro de Trelle. Sesenta anos de destrución dun conxunto arqueolóxico". *Revista Orballo*. Recuperado de <http://www.revistaorballo.com/>

11. Villar Quinteiro, R. (1997) "El yacimiento paleolítico de A Piteira (Toén)". *Boletín Auriense* tomo 26 p.9.



*Localización do Castro de Cameixa*

# Castro de Cameixa: unha fiestra ao pasado



Jorge Lamas Bértolo  
Arqueólogo

**N**o momento de redactar este artigo sobre a actuación arqueolóxica no castro de Cameixa, o ano dedicado á Xeración Nós polo seu centenario vai rematando. Unha xeración de persoas que se comprometen na defensa e persistencia do espírito galeguista onde plantexaban un concepto nacionalista da cultura galega que trataban de conectar con Europa. Xorden, así, traballos de índole galega sobre temática relacionada coa arqueoloxía, folclore ou etnografía, centrados na procura dun fundamento céltico: *“Nós a de ser a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galizia, do Enxebrismo, no que ela ten, debe e quere persistire. O enxebrismo é a nosa orixinalidade específica, a nosa capacidade de creación, o noso autóctono dinamismo mental”*, afirman os autores no 1º número da revista.

Un dos moitos aportes que fixo esta xeración foi a Catalogación dos Castros Galegos, a través da Sección de Prehistoria do Seminario de Estudos Galegos, creado no ano 1923, onde, concretamente, o terceiro fascículo está dedicado ás Terras do Carballiño e que viu a luz no ano 1930. Nesta catalogación aparecen, entre outros, os castros de Moldes, Meimón, Xurenzás... e o que nos ocupa, o de Cameixa, concello de Boborás.

É pois, nestas datas, cando comeza a coller forma a historia do castro de Cameixa. Antes de mergullar-

nos nesa historia que se retomou no século XXI, é imperativo expresar o meu agradecemento a todas aquelas persoas e institucións que fixeron e formaron parte deste proxecto. En primeiro lugar, á familia Vila (herdeiros de D. Tomás Vila), propietarios da finca onde se levaron a cabo as primeiras escavacións nos anos 40 do século pasado e que tan amablemente puxeron a disposición ás actuais institucións para continuar coas actuacións; en segundo lugar, ao concello de Boborás, na figura da actual alcaldesa Patricia Torres, por amosar as súas inxerencias culturais e facer posible realidade o soño de retomar as escavacións dos anos 40; en terceiro lugar á Xunta de Galicia por financiar as tres campañas de escavación e consolidación que se levan realizadas ata o de agora; finalmente, a todas as persoas que participaron nestas campañas de escavación e consolidación, en especial a Victoria Folgueira Fariña, arqueóloga-restauradora, encargada da consolidación de estruturas e do tratamento dos materiais metálicos máis significativos.

Como se apuntaba anteriormente, a historia do castro de Cameixa comeza no ano 1930 coa publicación, por parte do Seminario de Estudos Galegos, do fascículo dedicado á catalogación dos castros das Terras do Carballiño. Non será ata a década dos anos corenta cando calla a idea de escavar neste cas-



*Imaxe da fíbula Omega atopada en Cameixa*

tro, se ben as primeiras “exploracións” comezan no veciño castro de A Teixeira (tamén coñecido como Fortaleza de Caldelas de Orcellón) dirixidas por D. Xaquín Lourenzo cuns resultados non moi satisfactorios dende o punto de vista estrutural. Porén, guiado por Florentino L. Cuevillas, procedeu, no ano 1944, a levar a cabo unhas sondaxes no castro de Cameixa, concretamente na parte máis alta, a carón do cruceiro, alí a rocha natural aflorou moi superficial e tampouco apareceron estruturas, isto levou a Xaquín Lourenzo, orientado por D. Tomás Vila a realizar máis escavacións nunha finca da súa propiedade situada no ángulo sureste do castro. Os froitos non se fixeron esperar e logo dunha primeira campaña frutífera, seguiron outras dúas máis (1945-1946), completando una zona escavada entorno a uns 400 m<sup>2</sup>. Os resultados foron publicados anos despois (1986) pola Xunta de Galicia<sup>1</sup> co gallo do centenario do nacemento de Florentino L. Cuevillas, amosando a relevancia deste xacemento, non só a nivel estrutural e de recollida de materiais, senón por ser un dos primeiros castros en ser escavado con metodoloxía arqueolóxica baseada nunha escavación e estudo por niveis, identificando ata un total de cinco, sendo o nivel I o máis antigo e profundo.

A partir do ano 1946, o castro caeu nun profundo esquecemento ata o punto de que a propia escavación e as estruturas volveron a ser tapadas. Non foi ata o ano 2014 cando, a través do concello de Boborás, se levou a cabo una campaña de limpeza co fin de localizar posibles restos que quedasen á vista, ao tempo de avaliar o estado da propiedade para poder realizar unha intervención. Así, a partir do ano 2018, levouse a cabo a primeira “reescavación” de Cameixa que continúa ata a actualidade.

A continuación, presentamos un pequeno resumo dos resultados obtidos de cada unha das campañas de escavación e de consolidación. Cando se fala de intervención arqueolóxica, un dos obxectivos fundamentais é a procura dunha posta en valor que nos ten que amosar a reconstrución dun espazo histórico que a través da interpretación arqueolóxica transmita unha mensaxe comprensible e atractiva ao público en xeral sen deixar de ser rigorosa dende un punto de vista científico. O lóxico é que gran parte da reconstrución (sempre virtual, nunca física sobre o monumento) se fundamente en hipóteses, o feito de que esas conclusións non sexan definitivas debe facerse constar e tenlle que quedar claro ao público.

Trátase dun castro de obrigada referencia na bibliografía especializada debido aos estudos nel realizados e aportar datacións absolutas de C14. Cameixa presenta un recinto principal superior de forma ovalada que mide uns 90 m de norte a sur e uns 160 m de este a oeste e circunscrito por un terraplén pronunciado que nalgúns puntos pode acadar os 20 m de alto. Polo sur e polo suroeste deste recinto principal aparece un antecastro duns 25 m de ancho máximo previsto dun terraplén duns 15 m de alto. Diante deste antecastro, polo oeste, hai outro terraplén en dirección norte, a xeito de posible entrada a este recinto. Dedúcese entón, que o castro de Cameixa presenta dous recintos amurallados e incluso outro antecastro máis exterior pero sen defensas ben definidas.

#### **CAMPAÑA ANO 2018**

Procedeuse a seleccionar a zona de escavación partindo dos debuxos de Xaquín Lorenzo co gallo de loca-

1. LÓPEZ CUEVILLAS, F.; LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1986) *Castro de Cameixa: campañas 1944-1946*. Xunta de Galicia.

*Vista da escavación  
da campaña 2018*



lizar e exhumar os restos de estruturas que se rexistraron nas escavacións dos anos corenta do século pasado. Así, cuadriculamos unha zona duns 100 m<sup>2</sup>, que a súa vez subdividimos en catas de 5x5. Unha vez comezada a escavación dunha das cuadrículas e visto que estabamos nun nivel de revolto a base de pedras e terra froito da escavación dos anos corenta cunha profundidade considerable (entorno a 1,20 m de potencia) e con total ausencia de restos estruturais, levamos a cabo unha ampliación co fin de rexistrar tanto a cara interior da muralla como a continuación da súa totalidade, elementos estes rexistrados nas escavacións antigas.

Rematada a escavación obtivéronse como resultados o rexistro dun tramo de muralla duns 5 m de longo, por 3 m de ancho e unha altura conservada entorno aos 80 cm feita a base de cachotes de granito, máis ou menos irregulares e na que se aprecia unha primeira fase construtiva, con ancho menor, que en momentos posteriores, se reforza co lenzo interior (lixeramente “vencido”) hoxe en día conservado. Outro dos achados fai referencia á lousa de granito con burato de poste na parte superior máis alta, o que asociado (aínda que sexa en revolto) á localización de restos de fogar, ben puideran formar parte dun poste central dunha cabana feita con materiais perecedoiros de palla/barro (no N-III de X. Lorenzo localizáronse varios). En canto a materiais, recolléronse gran cantidade de fragmentos

cerámicos que no seu día non foron recollidos nas escavacións antigas e que foron depositados neste nivel de recheo (selado das escavacións antigas). Algúns deles presentan decoración típica do Ferro II (IV a. C.-II a. C.), estampada e incisa, a base de círculos concéntricos, reticulados, series de SSS, zigs-zags, etc.). Tamén neste nivel de revolto apareceu unha fíbula de bronce tipo omega, de sección circular e con remate decorado, faltándolle a agulla e un dos remates, outra fíbula anular interrompida decorada, fragmentos de muíños circulares, algún ferro indeterminado e varias cuarcitas que servirían de puidores.

#### **CAMPAÑA ANO 2019**

Procedeuse a seleccionar a zona de escavación partindo tanto dos debuxos de Xaquín Lorenzo como da planimetría resultante froito da primeira fase e dos resultados da campaña de escavación do ano 2018. O obxectivo era localizar e exhumar os restos de estruturas que se rexistraron nas escavacións dos anos corenta do século pasado. Así, cuadriculamos unha zona duns 120 m<sup>2</sup> (escavouse unha superficie de 80 m<sup>2</sup>), en dirección norte e continuando coas xa escavadas na campaña anterior. Estas, a súa vez, as subdividimos en catas de 5x5, comezando a escavación pola cuadrícula que supoñía a continuación dos restos da muralla exhumada na campaña ante-



*Fíbula anular interrompida*

rior. Logo de rematada esta, continuouse abrindo á continuación da anterior co fin de localizar as estruturas circulares referenciadas nos debuxos dos anos corenta e obtendo como resultado no perfil norte, a aparición dos restos murarios. Froito deste descubrimento, procedeuse a apertura da cuadrícula contigua co fin de definir os restos estruturais que nos apareceron na anterior resultando así, a exhumación do muro dunha cabana circular xunto cos restos murarios doutra construción máis ou menos cuadrangular superposta á anterior. A continuación procedeuse a apertura duns 10 m<sup>2</sup> co fin de delimitar o muro da cabana circular para poder así completar, tanto en planta como en alzado, a antedita construción.

Como resultados máis salientables, sinalar, por un lado, que se continuou escavando a zona superficial da muralla na que se deixou ao descuberto o seu recheo interior (moi alterado) xunto con varias pedras que configuran o lenzo interior da mesma, mentres que a cara externa se nos presenta moi alterada, en superficie, amosándosenos un pequeno murete de contención realizado ben polos escavadores dos anos corenta para conter a terra das escavacións, ou polos propietarios da finca para socalcar a mesma. No tocante ao resto da escavación, indicar que apareceron os restos da construción circular, cuns 4 m de diámetro e en estado bo de conservación, xunto con muros dunha construción cuadrangular coas es-

quinas redondeadas superposta á anterior (as mellores rexistradas nas escavacións dos anos corenta do século pasado). No interior da circular apareceron os restos de dous fogares e un morteiro, de granito. Tamén asomou parte da soleira da porta de entrada cos encastres para a madeira. Os muros da cuadrangular non presenta os mesmos ángulos, sendo os situados dentro da circular lixeiramente aberto con respecto ao outro. Sinalar que por debaixo deste, no sector este, asomaron os restos doutro muro anterior (construción circular). Finalmente salientar que nas escavacións dos anos corenta se facía referencia a outra construción circular máis cativa cun muro asociado que remataba na maior e situada máis ao sur e que nesta escavación non se topou aínda que se escavou a tres niveis (o de maior profundidade a 1,20 m) polo que consideramos que foi desmontada para seguir afondando na súa escavación para rexistrar máis niveis estratigráficos.

En canto a materiais, trátase dun conxunto ergolóxico moi abundante (máis de 4.000 fragmentos), sobre todo cerámicos, si temos en conta que a superficie escavada non é moi grande (entorno a 80 m<sup>2</sup>) e practicamente se corresponde cun recheo de cubrición levado a cabo logo das escavacións dos anos corenta. Con todo atopamos fragmentos que se corresponden con cerámica de tradición indíxena, moitos deles procedentes de grandes recipientes de almacenaxe e outros de uso cotián de servizo e/ou cociña. Tamén se atoparon tres pequenos fragmentos de Terra Sigillata Hispánica. No tocante á tipoloxía dos mesmos, atópanse dende fragmentos pertencentes a cuncas como a olas, xerras ou pratos, de boca ancha ou estreita, de colo corto ou longo, paredes finas e grosas, outras con panzas pronunciadas e feitas con pasta negra ou gris e desgrasantes medios ou finos segundo a tipoloxía, incluso algúns dos fragmentos poderían pertencer a cacharros tipo Forca ou Castromao. Tamén cómpre destacar a presenza de varios fragmentos de cerámica perlada, concretamente algúns pertencen á olería enmarcada dentro da área xeográfica de tradición “Miño” mentres que outros poden enmarcarse dentro da tradición “Rías Baixas”. Dos poucos fragmentos que se recolleron con decoración esta aparece con matrices estampadas e incisas feitas con punzóns de punta delgada sobre todo naqueles puntos que serven para delimitar ou separar os distintos elementos combinativos.



*Vista escavación campaña 2019*

Entre os tipos decorativos recollidos aparecen as SSS e os círculos, simples ou concéntricos, zig-zag, reticulados, triángulos opostos polo vértice, debuxos xeométricos separados por metopas... Finalmente, entre a panoplia de materias metálicas recollidos aparecen dúas fíbulas de bronce, unha case enteira de tipo Omega e dous fragmentos pertencentes a outras dúas, concretamente dous arcos ou pontes que pertencen a unha Transmontana e a outra de Longo Traveseiro.

#### **CAMPAÑA ANO 2020**

Aínda que os resultados desta campaña están en fase de estudo, a nivel metodolóxico, sinalar que se procedeu a cuadrangular uns 80 m<sup>2</sup> situados en dirección norte e a continuación dos restos estruturais atopados na campaña anterior. O obxectivo era, por un lado, completar o peche da estrutura cuadrangular que se superpón á circular no sector norte; por outro lado, ampliar a escavación a unha zona non escavada por X. Lorenzo co fin de definir/comprobar datos estratigráficos e de materiais necesarios para seguir avanzando na investigación deste xacemento



*Cerámica perlada*

Como resultados máis salientables, a nivel estrutural, atopámonos co muro que pecha a estancia cuadrangular no sector norte, asentado sobre o derrubo dun nivel máis antigo. No sector máis oeste, asomou a continuación outro muro cunha lonxitude duns 6 m e que se perde máis aló dos límites do sector a escavar, asociado á construción cuadrangular e que tamén senta sobre derrubos anteriores. Finalmente, sinalar a presenza doutra estrutura muraria cuadrangular coas esquinas redondeadas, máis ao norte e a unha cota máis fonda que os anteriores que non se rematou de escavar porque sobrepasa os lindes da escavación (queda pendente para seguinte fase). Estratigraficamente, a escavación realizouse nunha zona non escavada con anterioridade nos anos corenta, agás un pequeno



*Vista final da escavación campaña 2020*

sector na zona oeste. En termos xerais, indicar que por debaixo do derrubo asociado ao muro superficial, localizouse un nivel de queimado (incluso por debaixo da cimentación) que se correspondería máis a un nivel de selado que de uso xa que por debaixo asomou a outra estrutura cuadrangular que interpretamos como máis antiga. Na parte oriental da escavación apareceron os restos illados dun fogar a base de barro cocido con restos de queimado.

En canto aos materiais, en proceso de estudo e análise, ao igual que nas campañas anteriores, atopamos fragmentos cerámicos de tradición indíxena procedentes de recipientes de almacenaxe e de uso cotián, olas, xerras e cuncas que nos están a indicar unha olería típica da zona meridional do Miño. Cómpre destacar a presenza de cinco doas de colar de pasta vítrea de varios cores e tamaños xunto cun alfinete, en bronce, con decoración en estrías. Outros materiais recuperados están varios fragmentos de muíños circulares e un morteiro de dimensións máis reducidas que o atopado dentro da construción circular.

#### **VALORACIÓNS FINAIS**

Como valoración final das distintas campañas, estamos diante dun xacemento, o castro de Cameixa, de referencia obrigada nos estudos especializados sobre a cultura da Idade do Ferro<sup>2</sup>. Trátase dun dos primeiros castros que se escavou con certa metodoloxía arqueolóxica (anos corenta do século pasado) e, polo tanto, a partir dos resultados obtidos, reformular os distintos períodos da cultura castrexa naqueles intres.

A importancia de Cameixa reside tanto nas estruturas exhumadas naquelas escavacións, destacando a muralla feita con aparello poligonal e cunha anchura de 3 m con reforzos interiores no ángulo sureste ou as dúas construcións circulares, unha delas, a maior cunha estrutura cuadrangular coas esquinas redondeadas superposta, como polos materiais ergolóxicos recuperados, dende a complexa e variada cerámica con distintos motivos decorativos, varios metais entre os que destacan fíbulas, agullas ou placas decoradas ata contas de colar de pasta vítrea, etc., todos eles contextualizados e escavados por niveis que artellaron unha secuenciación da ocupación do castro

2. Tamén cómpre lembrar que durante as obras do gaseoducto saíu á luz una fosa escavada no xabre que contiña una xerra trococónica que resultou ser de finais do calcolítico- Bronce Inicial.





*Morteiro e fragmentos de muíño circular*

que abranguía dende o máis antigo, séculos VII-VI a. C. ata o século II d. C. De feito cóntase con datacións C-14<sup>3</sup>, concretamente para o niveis IV escavado por Xaquín Lorenzo obtendo unha data calibrada de 100 a. C.- 120 d. C. e para o III con datas calibradas de 161 a. C.- 60 d. C. Quedaron sen datar por falla de materiais orgánicos os niveis II e I que acollían restos de palla-barro e fogares asociados a buratos de poste.

É, por todo isto, que o concello de Boborás, logo de financiar a limpeza do castro no ano 2015, se puxo en contacto cos propietarios da parcela para poder retomar a escavacións dos anos corenta co fin de consolidar e pór en valor eses restos estruturais, para dalos a coñecer aos veciños e resto da sociedade. Froito dese interese e a través da Xunta de Galicia, lévanse realizado tres campañas de escavación e consolidación arqueolóxicas. Os resultados deixaron ao descuberto un tramo de muralla duns 10 m de longo e uns 3 m de ancho na que se aprecian varias reformas en sucesivos momentos, unha construción circular duns catro metros de diámetro, cos restos de dous fogares e un morteiro e, finalmente, una construción cuadrangular coas esquinas redondeadas que se superpón á circular cun muro de prolongación en dirección norte.


A meirande parte destes elementos xa foran escavados no seu momento por X. Lorenzo, destinando estas campañas a “redescubrir” estas estruturas, consolidándoas e poñéndoas en valor de cara aos veciños e visitantes.

Por outro lado non debemos esquecer a gran cantidade de fragmentos cerámicos recollidos (entre as tres campañas actuais e as antigas escavacións foron máis de 12.000 fragmentos), de diversa tipoloxía e decoración, aínda que en posición secundaria (recheo) que reflexan o poboamento continuado do castro ao longo de varios séculos, xunto coas fíbulas e os fragmentos de moas de muíño entre outros.

A apertura destas escavacións permitiunos situarnos, con certa exactitude, dentro dos restos descubertos nas escavacións dos anos corenta, ao tempo que abrimos unha fiestra ao coñecemento e actualización do castro de Cameixa no contexto galaico actual, polo que a continuación de futuras campañas de escavacións servirán para completar non só a posta en valor das estruturas senón para ampliar/confirmar os coñecementos sobre un dos xacementos castrexos máis paradigmáticos no contexto galego<sup>4</sup>.

3. CARBALLO ARCEO, X. e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1991) “Dataciones de carbono 14 para castros del noroeste peninsular”. En *Archivo Español de Arqueología*, nº, 64, pp. 244-264.

4. Sirvan estas novas escavacións como lembranza/homenaxe a todos aqueles pioneiros da arqueoloxía que en tempos complicados foron capaces de levar a cabo investigacións a prol da nosa cultura.



A Cibda

As Pioucas

Forno da Santa

Monte  
do Señorino

Aldea de Arnea

# O triunfo da posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico no Concello de Allariz:

## Armea, San Salvador dos Penedos e Pontón do Briñal



**Juan Antonio Seara Ferro**

Técnico de Cultura Concello de Allariz

**Alba Antía Rodríguez Nóvoa**

GEAAT. Facultade de Historia. Universidade de Vigo

**Patricia Valle Abad**

GEAAT. Facultade de Historia. Universidade de Vigo

**Antonio Blanco Rodríguez**

Historiador local

**A** conservación e a posta en valor do Patrimonio está no cerne da política levada a adiante nos último 30 anos dende o Concello de Allariz, considerándoa unha das chaves no futuro do seu devir económico, ligándoa coas outras chaves cun turismo sostible, unha cultura de calidade conxugándoa con políticas de protección ao medio ambiente e de patrimonio cultural.

As intervencións tanto nos xacementos de Armea como no de San Salvador dos Penedos iniciáronse grazas aos convenios de colaboración entre o Concello de Allariz e o Laboratorio de Arqueoloxía da Facultade de Historia da Universidade de Vigo iniciados no ano 2010, para o estudo, conservación e posta en valor de dito xacementos.

Estes proxectos son a continuidade de outros, PECHA, que se iniciaran no ano 1992 baixo a filosofía "o casamento entre o vello e o novo, entre a historia e o presente e a posibilidade de crear novos valores, tanto pola vía da recuperación dos que se perderon como

polo *deseño ex novo*, valores que fixeron posible o rexurdir de Allariz e a recuperación do seu patrimonio industrial á veira do río Arnoia, fábricas de Curtición e Muíños, a realización e aprobación do PXOM.

Todo isto xerou a necesidade de ligar a oferta de dotacións socioculturais co labor de recuperación do patrimonio, facer unha oferta diversa (tanto no que atinxe aos valores culturais como a localización das dotacións), ligar a oferta cultural a outras actividades (para non gravar a economía municipal cos custos de mantemento) e por último a conveniencia de ligar a oferta coa recuperación da memoria histórica.

Todo isto está a orixinar unha corrente de publicacións e estudos nos que a historia de Allariz se está a descubrir ou a reescribir sobre outros estudos xa publicados, polo que neste transcurso de anos, Allariz tense convertido no paradigma da recuperación patrimonial, cultural, histórica e artística das vilas Galegas.

**Vistas  
do acceso  
ao castelo  
de San Salvador  
de Todea dende a  
porta norte**  
[Fonte: proxecto  
Sancti Salvatoris.  
Universidade de Vigo]




### **San Salvador de Todea**

O Castelo de Todea constitúe un dos xacementos máis relevantes para o estudo da Idade Media, non só na provincia de Ourense, senón tamén en toda Galicia. Nos últimos anos foi obxecto dunha investigación sistemática grazas a proxectos INOU entre a Deputación de Ourense e a Universidade de Vigo.

O xacemento do castelo de Malpaso, castelo de Mouresiños ou, como recentemente

se constatou grazas ao estudo das fontes escritas medievais, San Salvador de Todea, atópase na aldea de San Salvador dos Penedos. Localízase no alto dun promontorio rochoso, cuberto na actualidade por unha densa vexetación autóctona. O xacemento distribúese en dúas plataformas situadas a diferente altura: na superior está o castelo e na inferior, a necrópole. Ao norte, está limitado por unha pronunciada bagoada, que descende cara o val do Arnoia e polo leste e oeste, profun-



**Reconstrución da planta do castelo de San Salvador de Todea a partir dos restos conservados**  
 [Fonte: proxecto *Santi Salvatoris*.  
 Universidade de Vigo]

dos vales. O acceso ao conxunto realiza-se dende o sur, a través dun sendeiro que sube dende a aldea de San Salvador ata a plataforma inferior. Desde esta, ascéndese por medio dunha escarpada ladeira á plataforma superior. Tanto a plataforma inferior como a superior albergan vestixios arqueolóxicos. Na primeira, nun afloramento granítico, apareceron dúas tumbas antropomorfas escavadas na rocha. Namentres na segunda, encontraríase o castelo propiamente dito.


Os traballos arqueolóxicos comezaron en San Salvador no outono de 2016, cunha intervención destinada fundamentalmente á limpeza do espazo funerario rupestre localizado na plataforma granítica inferior. Neste primeiro momento buscábase incrementar o coñecemento do lugar que, ata entón, estaba catalogado como un castro con ocupación romana, cun espazo funerario medieval asociado. Así mesmo, tamén se pretendía indagar na Idade

Media do val do Arnoia, ao mesmo tempo que se xeraba un novo valor patrimonial para Allariz, convertendo o xacemento nun lugar accesible e comprensible para a sociedade. A limpeza desta plataforma inferior deixou á vista dúas tumbas antropomorfas datadas entre os séculos IX e X; ademais de diferentes rebaixes que



**Alquerque identificado no interior da torre**  
 [Fonte: proxecto *Santi Salvatoris*.  
 Universidade de Vigo]

indican que na plataforma estivo emprazada outra estrutura, aínda que non podemos puntualizar de que tipo nin a súa cronoloxía.



**Recreación  
hipotética  
do castelo  
no séc. XIV.**


[Ilustración  
de Diego Araújo.]

Fonte: proxecto  
*Sancti Salvatoris*.  
Universidade de Vigo]

Na plataforma superior realizouse unha retirada de vexetación superficial. Este feito posibilitou o achado de dous muros feitos de grandes perpiños de granito que semellaban unha porta curva, primeiro indicio da existencia do castelo. As sucesivas intervencións desde ese mesmo 2016 e durante os outonos de 2017 e 2018 permitiron coñecer mellor a súa configuración interna, con diversas estancias, así como a relación do xacemento coa súa contorna. Confirmábase así a existencia dun castelo ou fortificación de modestas dimensión (uns 700 m<sup>2</sup>) con varias estancias, feitas aproveitando e traballando as rochas para montar muros, con diversas funcións domésticas, artesanais ou militares. Entre os achados máis relevantes cabe destacar a existencia dun xogo de alquerque gravado nun dos afloramentos rochosos da parte máis alta. Nesta zona máis elevada do xacemento, habería unha estrutura ou torreón de varias alturas, con moita visibilidade exercendo, polo tanto, un gran control da contorna, especialmente do lado norte, cara a vila de Allariz. O castelo conta con dous puntos de entrada; polo

norte, a gran porta de entrada en curva que se descubriu na primeira campaña; polo sur, aproveitase unha pequena apertura entre dous grandes bolos graníticos para construír un acceso tipo poterna.

A súa posición privilexiada, así como a morfoloxía do terreo, confírelle un control visual sobre gran parte do val do Arnoia, así como do sistema montañoso que serve de barreira entre este e a Limia. Ao seu carón decorrería, segundo Elisa Ferreira Priegue, o camiño medieval que comunicaba Allariz con Portugal atravesando o val da Limia, pola Lagoa de Antela, e o val do Arnoia, que pasaba pola actual Allariz. Trátase polo tanto, dun castelo de época medieval, datado arredor dos séculos XII e XV, do que se conservaban principalmente rebaixes nas rochas e algún muro, xunto con abundante material moble (fragmentos de cerámica de cociña e almacenaxe, ferros e restos de comida), que permanecía esquecido ata que a intervención arqueolóxica o sacou á luz novamente.



Grazas ao estudo das fontes documentais coñecemos o verdadeiro nome do castelo en época pleno medieval. Nun documento de 1247 onde se acordan pagos de dezmos entre os párrocos de Allariz, aparece referenciado Sacti Salvatoris de Tudea nos límites da parroquia de Santiago de Allariz. Este documento non nos fala do castelo, pero nos apunta directamente ao nome desa zona como San Salvador de Tudea. Hai que esperar a un documento de 1433 para que apareza, esta vez si, o castelo baixo a acepción de “castelo de Tudea” en San Salvador de Tudea. Deste xeito, queda claro que o castelo de Mouresiños/Malpasso –acepcións posteriores– era, en época medieval, o castelo de Tudea. Como tal, este castelo tiña unha terra e foi ocupada por tenentes. Deste últimos soamente coñecemos a Petro Garcia, ‘tenente Tudeam’, que aparece referenciado en dous documentos de 1197 (séc. XII) da catedral de Ourense. Tamén sabemos que en 1366 a terra de Todea (Tudea) está en poder de don Fernando Ruíz de Castro e que en 1369 é outorgada en doazón por Enrique II a don Juan Rodríguez de Biedma, con outras terras da Limia. Esta terra localízase ao SO do castelo, xa na planicie da Limia, e comprende as freguesías de Sto. André de Guillamil e Sta. María de Lampaza, hoxe pertencentes ao concello de Rairíz de Veiga. Polo tanto, podemos

concluir que o castelo e a aldea de San Salvador en época pleno e baixo medieval (a partires do ano 1100 aprox.) fican dentro dos límites da recentemente fundada Allariz, a aldea adscribese á parroquia de Santiago e o castelo depende do tenente de Limia ata, polo menos 1310, cando a vila cae nas mans do infante Felipe. Polo tanto, o castelo contaba cunha terra coñecida e localizada na Limia, que sería controlada desde a propia fortaleza.

### **O conxunto arqueo-histórico do monte de Armea**

O xacemento do Señorío e as estruturas da Finca ou Barrio da Atalaia forman parte do conxunto arqueo-histórico de Armea, que se estende por toda a contorna do monte do mesmo nome incluíndo diversos elementos patrimoniais. En época antiga formaba parte do *conventus bracarenis*, no seu cuadrante nororiental. Localízase sobre unha pequena dorsal montañosa que separa o val da Rabeda, sobre o que exerce dominio visual o xacemento, do val do Miño, situado ao norte, e do val do Arnoia, ao sur. Dentro deste extenso territorio aparecen restos arqueolóxicos, que conforman un único xacemento cunha ocupación prolongada entre a época prerromana e a Baixa Idade Media.

**Representación do Castelo de S. Salvador sobre unha fotografía actual do contorno**  
[Autoría de Iago Araújo e Patricia Valle]



Foto Andrés González

Fotografías  
dos restos  
arqueolóxicos  
que conforman  
o xacemento  
de Armea



Foto Javier Feijóo



Foto Javier Feijóo

Dentro deste conxunto destacan os seguintes elementos: o asentamento de A Cibdá –no Barrio da Atalaia– coas Pioucas da Santa, o conxunto rupestre do Monte do Señoríño, a Basílica da Ascensión co Forno da Santa, a vía romana e o propio núcleo baixo-medieval de Santa Mariña, así como numerosos restos móbiles dispersos polas poboacións da contorna (torsos de guerreiros, trísceles ou cabezas cortadas). O asentamento do Señoríño sitúase practicamente ao pé do camiño tradicional, actualmente un ramal do Camiño de Santiago que o enlaza coa Vía da Prata, pero que moi probablemente fosllice unha antiga vía romana secundaria que enlazaría Chaves –*Aquae Flaviae*– e Xinzo –*Forum Limicorum*– con Ourense –*Auria*– e a capital lucense –*Lucus Augusti*–.

### O Monte do Señoríño

O Monte do Señoríño foi descuberto en 2011, desembocando en dúas campañas de escavación, froito dun convenio entre o Concello de Allariz e a Universidade de Vigo. Exhumouse un novidoso asentamento habitacional romano de inicios do s. I d. C., permitindo a escavación en área, deixando á vista restos dunha serie de estruturas construtivas, algunhas en positivo –muros, pavimentos ou cimentacións– e outras en negativo –rebaixes, canais, pías– labradas na rocha, que conforman o que parece ser unha edificación unitaria de época alto imperial. Para salvar a acusada pendente natural do terreo, as estruturas orgánzanse ata en catro terrazas, sucesivas e superpostas, construídas mediante a escavación da propia rocha granítica e a súa posterior nivelación. Pequenos tramos de escadas, igualmente labradas na rocha, facilitan a circulación entre os habitáculos distribuídos nas diferentes terrazas. Ademais das escalinatas, entre as obras rupestres destacan os cortes verticais de delimitación das estancias, cun banco corrido nunha delas, os rebaixes de asento de perpiaños, nembros e muros, as pías para a contención de líquidos e as canles de dre-





Foto Javier Feijóo

naxe, todas elas con evidentes pegadas do uso do pico do canteiro.

### A Cíbda de Armea

A Cíbda de Armea, cunha extensión aproximada dunhas 4 hectáreas, atópase nun promontorio elevado sobre o val da Rabeda caracterizado por dúas elevacións centrais denominadas como alto dos Pendóns e alto dos Fornos. Na ladeira setentrional da Cíbda, nunha das terrazas denominada A Atalaia, escaváronse no anos 50 dúas casas galaicorromanas dispostas a ambos lados dunha rúa empedrada. Dende 2011 intervénse na zona arqueoloxicamente de xeito sistemático. Nun primeiro momento, os traballos centrándose na reescavación das estruturas documentadas e tapadas nos anos 50 e, dende 2014, en áreas novas, co obxectivo de obter secuencias estratigráficas que

axudaran a interpretar o lugar e aumentar a área musealizada; exhumando por completo as dúas grandes *domus* de atrio, denominadas Domus da Roseta (ao sur) e Domus do Hexáscele (ao norte), e parcialmente unha terceira coñecida como Domus do Tríscele (ao leste da Domus da Roseta). As domus reciben os seus nomes dos elementos de plástica en pedra que se atoparon en cada unha delas e que decorarían as súas paredes. As construcións presentan unha arquitectura directamente inspirada na arquitectura doméstica romana –casa de atrio, patio ou perístilo–, adaptadas ás necesidades locais, con escasos paralelos en outros xacementos galaicorromanos. Inicialmente considerábase que o Barrio da Atalaia sería unha zona habitacional, pero as investigacións arqueolóxicas puideron documentar un amplo espazo na Domus do Hexáscele, relacionado posiblemente coa produción de viño, con zonas de prensado e almacenaxe.

**Fotografía  
dos restos  
arqueolóxicos  
que conforman  
o xacemento  
de Armea**



**A pontella  
de O Rexo  
e a pontella  
de madeira  
e recente  
do muíño  
Acega da Costa**  
[Fotos: Antonio Blanco]

Sabemos que a fase principal de ocupación é netamente romana, dende finais do s. I d. C. ata finais do s. II ou inicios do s. III. Tamén existe na Atalaia unha fase previa máis antiga, aínda que tamén romana (de inicios do s. I) coetánea á construción do Monte do Señoríño. Todo indica que esta terraza sobre o val da Rabeda ocúpase a comezos do s. I d. C., coincidindo coa construción “extramuros” da zona habitacional do Monte do Señoríño. Deste período contamos con algunhas estruturas identificadas baixo a *domus* do Hexáscele e da rúa central, que se dataron grazas ás cerámicas asociadas, nun momento de inicios do s. I. Estas construcións primixenias foron remodeladas a mediados do s. I d. C., para ser finalmente amortizadas coa urbanización

de todo o espazo en torno ás rúas, entre as cales se constrúen grandes *domus*, momento que se datou nos finais do s. I. Finalmente, este barrio da Cibdá parece abandonarse entre finais do s. II e inicios do s. III, por causas que polo momento descoñecemos.

### **Sistemas de vadeo do Arnoia ao seu paso por Allariz**

Os alaricanos e alaricanas falamos do “*pai Arnoia*” non en sentido figurado. Por iso canto teña que ver co noso río esperta en nós fortes reaccións. A historia recente así o acredita.

Se percorremos a ribeira de aproximadamente 3 km ao paso por Allariz, atopamos numerosos vestixios dos sistemas de vadeo, presentes ou ausentes, para seguir camiñando, transportar mercadorías ou achegarse a muíños ou curtidoiros. Ben de seguro que o primeiro foi camiñar sobre o tronco dunha árbore caída, mais diso ningún se lembra.

Despois chegaron os pasos, pasais, pontóns ou poldrados: botar pedras no leito e saltar, dar un paso, dunha a outra. As poldras poden ser pedras irregulares ou perpiños labrados e aliñados, no sentido da corrente do río. O veciño río Támega amósanos os exemplares máis maxestosos, porén o Arnoia tamén conserva algúns como o de A Rabuña, debaixo de As Escadas, ou o do regueiro que dende a Portela de Magarelos leva a súa auga ao muíño de As Escadas.

Co gallo da posta en funcionamento do Festival Internacional de Xardíns de Allariz (FIXA) construíuse ao seu carón no curso do Arnoia unha especie de presa-poldrado coa fin de encorar auga nos períodos de estiaxe nun tramo de escasa profundidade. A parte inferior vén sendo coma unha presa que cruza case que perpendicularmente o río (as presas dos muíños fano en diagonal para aminorar a forza da auga) e a parte superior ten aspecto de poldrado que permite o paso da auga.



A medio camiño entre as pontes e os pasos, pasais ou poldrados atópanse as pontellas ou pontóns: Sobre cepas ou machóns de número variable colócanse laxas ou perpiaños de arredor de 2 m de longo por 40 ou 50 cm de ancho. Permiten o paso non só de persoas senón tamén de animais e pequenos carretos. Destes fica un bo repertorio na cunca do noso río:

A pontella de A Padela sobre o regueiro deste espazo inzado de restos patrimoniais, tanto naturais (acivros...) como arqueolóxicos (petróglifos, castros...); a pontella de O Rexo para acceder ao muíño e a minicentral hidráulica; as pontellas de A Acearrica –catro en total– coa principal sobre o río (as outras están sobre a canle de derivación) case que ponte con vigas de ferro, construída cando o muíño se transformou en minicentral eléctrica; a desaparecida de Santo Estevo, na Airiña, ao carón da residencia dos sanxoanistas tamén desaparecida e do Muíño da Puchina,

que correu a mesma sorte, mais do que aínda poden verse os restos da súa presa nos días claros do verán e con pouca auga. No medio da vaira existe unha peneda cun furodo no medio onde, segundo a lenda, remataba o túnel que viña do Castelo; a pontella do Arnado, construída recentemente con dúas vigas de formigón asentadas sobre machóns nas beiras, dá acceso a zona recreativa de Vilanova e as piscinas; a pontella de madeira do muíño Acea da Costa, construída na década dos 90, pontón de pasar e de estar, deseñado por Cesar Portela seguindo modelos xaponeses; a pontella de Os Osos reconstruíuse recentemente onde en tempos houbo un muíño e para unir a parte baixa de O Ferradal con O Seixo; a pontella de O Briñal, da que falaremos máis polo miúdo, e a pontella de Ponte Hermida, río abaixo e pasando xa As Escadas.

Por falla de pontes e en lugares fondos usáronse tamén barcas e barcazas para cruzar o

**Pontón  
ou pontella  
de O Briñal**

[Foto: Antonio Blanco]



**Laxa da ponte  
do Briñal  
con inscrición**  
[Foto: Antonio Blanco]

río, como a de Abuín, de recente recordo, con muíño hoxe desaparecido, e presa que na actualidade segue abastecendo de auga á Vila; o Porto Vello, en pleno centro, non deixa de ser un topónimo que lembra o paso en barca anterior ás pontes alí existentes.

As pontes, de madeira, pedra ou outros materiais, serven para o tránsito de persoas, animais, carros e outros vehículos. Durante moito tempo as máis fixéronse de madeira; por iso, excepcionalmente, cando aparecía unha de pedra a toponimia etimolóxica as denomina Ponte Pedriña, non por estaren feitas con pedras pequechas, senón por seren “petríneas”, ou sexa, de pedra.

No tramo en cuestión atopamos pontes na Acea de Meire, con presa e muíño; a do viaduto da A52, a da estrada 525 nova preto de Abuín, a medieval de Vilanova protexida pola Orde de Malta e posiblemente construída sobre unha anterior romana de tres arca-

das, a da estrada nacional 525 vella cos restos da Ponte da Zapatería uns metros arriba que non se chegou a utilizar na estrada nacional no s. XIX como estaba previsto por mor do derrube dunha das súas tres arcadas. Na saída de Allariz cara Celanova consérvase a ponte medieval sobre o Regueiro de Fontes, preto xa do Arnoia, dunha soa e fermosa arcada en diagonal, de orixe medieval e unida a un tramo duns 50 m do primitivo camiño empedrado.

### **O pontón ou pontella de O Briñal**

Está formado por nove machóns cubertos cunha dobre ringleira de laxas paralelas duns dous metros por cincuenta cms. e notable luz entre os mesmos.

En febreiro de 2019 unha forte enchenta do río levouse por diante todo o tramo central,

fincando en pé só os machóns da ribeira. A maleza acumulada, sobre todo troncos, ramas e material inerte de amieiros afectados polo fungo *phytophthora alvi* actuaron como dique, multiplicando a forza da auga. O deslinde de responsabilidades entre a administración local e a Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), xunto co feito de estar catalogada como “ben patrimonial” pola Xunta de Galiza fixeron que se atrasara a súa reconstrución ate finais de xullo de 2020 da man do organismo autónomo dependente do Ministerio para a transición ecolóxica, cun excelente traballo.

Unha das laxes derrubadas deixou ao descuberto unha inscrición lonxitudinal que hoxe pode verse na súa ubicación orixinal. O texto da inscrición reza así:

J [†] S MA ANº D 808 FTA

o que transcrito vén a ser:

J(esús) Cristo S(alvador) MA(ría) AN(o) D(e)  
(1)808 F(ac)TA

Inicialmente a data, principios do s. IX, provocou un forte sobrealto: estamos no prerrománico. A esa altura e na marxe esquerda do Arnoia existen varios eremiterios (S. Adrián de Amiado, S. Martiño de Pazó e S. Trocado de Magarelos), estudados, entre outros, por Elixio Rivas, que ben poderían gardar relación temporal co achado.

Trala consulta con especialistas en epigrafía e, nomeadamente, co exdirector do Museo Arqueolóxico de Ourense Francisco Fariña Busto, a luz da ciencia aclarou o misterio: o sistema de numeración arábigo non aparece nas inscricións ata o s. XV; con anterioridade úsanse números romanos e, por outra banda, resulta habitual a supresión da unidade de millar. Así pois, a data sería de principios do s. XIX.

Trataríase dunha especie de inauguración ou consagración relixiosa, utilizando unha fór-

mula en forma de acrónimo con letras e símbolos que atopamos repetidos en múltiples ocasións.

É de supoñer que o muíño que está ao seu carón, hoxe reconvertido en casa de turismo rural, se construíra na mesma época, ofrecéndonos así unha datación fiable para este e outros muíños de características semellantes.

A pontella daba acceso ao muíño ás terras do millo, na marxe esquerda do río, por onde transcorre parte da verea vella que une Allariz con Celanova e Vilanova.

Entre a multitude de pedras removidas tralo derrube atopamos, formando parte dun recheo, o que semellan ser dous fustes redondeados, un deles, cando menos, con aparencia de ser parte dunha columna romana. A empresa que realizou a obra colocounos atinadamente na entrada da calzada da pontella pola marxe dereita.

Este achado abre novas perspectivas sobre a presenza romana nesta zona. O propio topónimo “Briñal” procede sen dúbida do adxectivo “virinalis”, ou sexa zona “virinalis”, zona “viriñal”, zona de viño: Briñal.

Na década dos 90 do pasado século, un devastador incendio calcinou toda a marxe dereita do Arnoia a esta altura. Daquela ficaron nitidamente ao descuberto os restos de bancais que no seu día deberan ter sido viñedos. A configuración do terreo, con lixeira caída cara a ribeira do Arnoia e con orientación sur xogan a favor desta hipótese, así como a existencia de varios lagares rupestres claramente ligados a esta actividade. Quen sabe se o futuro non nos deparará unha nova denominación amparada por máis de 2000 anos de historia.

Conservar o patrimonio, aínda en pequenos elementos como estes, é símbolo de apego á terra, de memoria histórica e de cohesión social interxeracional. Que non se nos esqueza.



# CASTROMAO 2020

## PORQUE OS CLÁSICOS NUNCA MORREN

**Eduardo Breogán Nieto Muñiz**

Arqueólogo municipal do Concello de Celanova dende o ano 2017  
e xerente de Breogán Arqueoloxía

O xacemento arqueolóxico de Castromao é un dos fitos máis importantes dentro da historiografía arqueolóxica galega. Trátase dun dos castros de referencia clásica para o estudo da cultura castrexa do noroeste, cunha traxectoria de décadas de investigación, aportando datos de grande interese e algunhas das pezas máis singulares para o afondamento da protohistoria galega e a romanización inmediata.

As primeiras referencias bibliográficas do xacemento dánolas Ceán Bermúdez (1832) e Barros Silvelo (1875). En 1928, o grupo Nós catalogou o xacemento (S.E.G. 1928), complementando os traballos iniciados en 1923. Pero non sería ata 1965 cando García Rollán emprenda as primeiras escavacións sistemáticas no castro, que se prolongarán ata 1967. De 1969 a 1974 os traballos serán dirixidos por Ferro Couselo e Xaquín Lourenzo, xa ligados á actividade do

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, recollendo o relevo en 1976 Fariña Busto e Cavada Nieto. En 1982 e 1983 lévanse a cabo novas intervencións, de novo baixo a dirección de Fariña Busto, desta volta xunto a Seara Carballo, realizándose no ano seguinte (1984) labores de consolidación na parte da muralla escavada.

Os traballos no xacemento interrómpanse ata que en 1992 se asina un convenio entre o concello de Celanova e a Consellería de Cultura, tomando a dirección dos traballos Luis Orero Grandal, quen continuou os traballos dos seus antecesores, ampliando as áreas de escavación a novos sectores e levando a cabo a limpeza e consolidación sistemática de tódalas estruturas visibles. Durante a década seguinte converteuse nun dos sitios arqueolóxicos máis visitados de Galicia, chegando incluso a abrirse o expediente para declaración de BIC xa no ano 1997,

acompañado da redacción dun Plan Especial para a área arqueolóxica de Castromao e a súa contorna.

O ano 2009 sería o da última campaña de escavación, sendo logo só sometido a labores periódicos de limpeza e roza, inda que sen a intensidade nin alcance dos levados a cabo nos anos en que os traballos arqueolóxicos estaban vixentes, quedando ocultos elementos moi visibles do conxunto: pavimentos, fogares, lousados... Este escaso alcance dos labores de mantemento, xunto coa ausencia dun roteiro ou dunha sinxela sinalización, da escasa ou nula difusión e promoción do mesmo e paralelamente o avance dos traballos de investigación e promoción doutros castros durante este período, relegou a Castromao a unha segunda ou terceira liña totalmente inmerecida, incluso caendo no esquecemento a tan merecida e necesaria declaración de BIC e Plan Especial.



Vista aérea do sector 01, con organización tipicamente castrexa

O ano 2018 supuxo un punto de inflexión nesa tendencia negativa, reactivándose a incoación de BIC, cuxa declaración se acadou co Decreto 147/2019, do 24 de outubro de 2019<sup>1</sup>, simbolizando un claro cambio de tendencia no que a atención ao conxunto arqueolóxico se refire por parte das administracións. Nese mesmo ano, a situación de abandono foi revertida logo dos traballos abordados polo Concello de Celanova, grazas ao financiamento da Axencia de Turismo de Galicia. Estes traballos centráronse na roza dos espazos intramuros e na instalación dunha serie de paneis interpretativos acompañados dunha aplicación para móbil para unha visita autoguiada.

Continuando con ese cambio de tendencia, o Concello de Celanova, coa colaboración da Fundación Curros Enríquez e a través dunha solicitude dirixida ao GDR-10 Limia-Arnoia para a bianualidade 2019-2020, acadou fondos Leader para a realización dun proxecto para a pos-

ta ao día e creación dun documento de xestión, sentando así as bases dun novo relanzamento do conxunto arqueolóxico.

Debido ao longo período de abandono, fíxose imprescindible levar a cabo unha serie de reparacións e adecuacións da área arqueolóxica, as estruturas que a compoñen na actualidade e dos espazos periféricos, así como a habilitación dun espazo para aparcadoiro no acceso principal ao castro.

A grande extensión de área visitable do xacemento facía inviable unha actuación intensiva xeral en todo o conxunto, por iso foi preciso elaborar unha diagnose do seu estado actual, esta si a nivel individual de cada estrutura e sector do castro coa que, a través dun documento de patoloxías e análises, crear unha ferramenta de xestión e valoración que permita analizar as prioridades reais de cara unha intervención inmediata do castro e a súa conservación futura.

A actuación dividiuse en varias partes ou accións concretas:

Limpeza das áreas arqueolóxicas, contorna perimetral e acondicionamento xeral.

Diagnose do estado actual e labores marco para a valoración e conservación do sitio.

Reparacións puntuais de estruturas arqueolóxicas.

Creación de produtos de difusión activos e para discapacitados.

Adecuación accesos e área de aparcadoiro.

### **LIMPEZA DAS ÁREAS ARQUEOLÓXICAS, CONTORNA PERIMETRAL E ACONDICIONAMENTO XERAL**

Para unha posta en valor efectiva do castro faise imprescindible contar

1. DOG N°219, do luns 18 de novembro de 2019, p.49001 e ss. / BOE n°6, martes 7 de xaneiro de 2020, p.1350 e ss



cunha área visitable limpa e axeitada para a circulación de persoas tanto en solitario como en grupos.

Se ben a área arqueolóxica ten sido sometida a diversas rozas superficiais nos últimos anos, non así o interior das estruturas conservadas nin os espazos aínda sen escavar pero que forman parte igualmente do xacemento e polos que necesariamente hai que circular para poder levar a cabo unha visita completa, polo que se fixo preciso abordar esa limpeza integral.

Do mesmo xeito, as áreas periféricas teñen sido esquecidas destas limpeza periódicas, sobre todo cando nos últimos anos as parcelas, que anteriormente estaban en cultivo e polo tanto limpas, hoxe en día están abandonadas e son froito dun crecemento desmedido de maleza e foresta.

Esta foresta tamén estaba a ocultar e romper a relación do castro coa súa contorna inmediata, sobre todo no lado E e NE, impedindo mostrar a importancia do castro coma punto de control territorial, ou a súa inter-visibilidade coa aldea de Castromao ou Vilanova dos Infantes.

Ao mesmo tempo, a invasión da maleza ten dúas consecuencias graves: unha a nivel interno, co crecemento de xestas e outras especies arbustivas directamente nos muros das estruturas conservadas e nos niveis de terra que as sosteñen, con graves afeccións á súa estabilidade, así como a interrupción da circulación por certas áreas; e outra a nivel externo, coa invasión por parte da maleza das áreas periféricas, con gran risco de cara a unha prevención de incendios nunha área castigada gravemente no



*Traballos roza e limpeza manual en área arqueolóxicas*



*Limpeza da aba E do castro, con visión directa dende a aldea*



*Redescubrimento do lousado da E032*

último ano debido precisamente a ese abandono.

A recuperación do espazo arqueolóxico e perimetral de Castromao implica un tratamento ambiental, no que se rozan as malezas pero son respectadas as especies arbóreas autóctonas. A área norte das abas do castro é tamén unha área micolóxica de gran tradición na contorna. Na zona sur a maleza e crecemento desmesurado da vexetación impide igualmente non só a contemplación do castro, perdendo o *skyline* tradicional e xa icónico do lugar, senón tamén un cómodo acceso aos visitantes dende as áreas de aparcadoiro que se que- ren potenciar para organizar o estacionamento dos non poucos coches e autobuses que acoden ao lugar sobre todo nas fines de semana e períodos estivais, procurando así a boa convivencia entre os veciños de Castromao e os visitantes.

No proceso de limpeza cobrou especial importancia o traballo da aba SE, a carón do sendeiro tradicional que sobe ao castro directamente dende a aldea de Castromao, así como na aba E, recuperando a visibilidade entre o castro e a aldea, ambos integrantes dunha mesma realidade arqueolóxica, incentivada trala inclusión de ambas na delimitación da área BIC.

Dentro das estruturas compre destacar tamén a limpeza do lousado do chamado barrio IX, ou da tábula, na área norte do castro. O lousado estaba completamente oculto pola cobertura vexetal, que o foi cubrindo progresivamente dende a última limpeza en detalle á que fora sometido,

no ano 2008. Para deixalo de novo á vista, coñecendo con antelación a súa posición, extensión e delimitación en función da documentación existente, bastou con retirar o terrón vexetal que o tapaba, someténdoo despois a un sinxelo barrido manual.

En canto ao acondicionamento xeral do sitio, ademais da limpeza, roza e corta selectiva indicada, fíxose reconto dos milladoiros e pedreiras de escavacións antigas amoreadas en diferentes puntos do castro, e que interrompían a visión xeral do castro, dificultaban os labores de limpeza e incluso cortaban o paso nalgún punto nos actuais carreiros de circulación.

Na presente actuación retiráronse todos estes pequenos milladoiros, pasando de 14 a 6, máis concentrados e organizados en puntos moi concretos, en diferentes sectores do castro e accesibles para futuros labores de restauración nas que se precisará ese material pétreo orixinal.

## **DIAGNOSE DO ESTADO DE CONSERVACIÓN E LABORES MARCO PARA A VALORIZACIÓN E CONSERVACIÓN DO SITIO<sup>2</sup>**

Ao mesmo tempo que se levaba a cabo a limpeza das áreas arqueolóxicas e perimetrais, foise elaborando unha exhaustiva diagnose do estado de conservación actual do castro.

Esta diagnose consiste nun estudo intenso, minucioso e específico de cada estrutura e de cada área do castro, para coñecer e establecer, logo de anos de abandono, as prio-

ridades de actuación para poder consultar as liñas de actuación precisas e máis adecuadas para os vindeiros anos de cara á conservación futura do sitio e á súa visibilidade efectiva.

Nas fichas de diagnose recóllense:

Datos referentes aos elementos conservados das estruturas e descrición dos mesmos: presenza de alicerces, tipos de aparellos, relación entre as estruturas, pavimentos, argamasas, recibos, etc.

Datos referentes á vexetación, con urxencias marcadas para cada unha delas: presenza de tocóns, acción da raizame, inzamento de especies que as danan...

Datos referentes á topografía inmediata ás estruturas e áreas, dos sedimentos ou ecosistema.

Datos referentes ás patoloxías observadas: asolagamentos, escorrentadas, risco de derruba, asentos puntuais ou continuos, esforzos a tracción, compresión, esforzo flexor, riscos antrópicos, riscos químicos, físicos e formas detectadas, como a perda de chumbada, fendas verticais ou horizontais, hidrólise, estados areentos en rochas, movementos de cachotes, etc.

Con todos estes datos fíxose unha valoración cuantificada de cada unha das cuestións anteriores, quedando plasmadas sobre diferentes mapas de alteración e cartas de risco.

Detectados eses procesos, axentes e formas de alteración foi posible propor as liñas de actuación a seguir en

2. Tanto a diagose como a reparación de estruturas foron levados a cabo por un equipo conxunto de arqueólogo e restauradores, nomeadamente Gonzalo Buceta Bruneti e Carmen Gómez Feito, dentro dun equipo multidisciplinar que se mostra coma o modelo a seguir para acadar unha máis eficaz xestión do futuro do xacemento.

cada unha das estruturas e establecéronse as necesidades de escavacións urxentes ou de carácter científico.

Todo o anterior pasou a formar parte dun documento tipo que recolle todas esas inxedanzas e establece unha uniformidade de criterio e procedemento protocolado para intervencións futuras, xustificadas sempre en base a razóns científicas e conservativas.

En resumo, creouse unha ferramenta de valoración realmente efectiva e necesaria, anteriormente inexistente, para unha xestión inmediata e futura do castro que combine a conservación arqueolóxica do lugar, a investigación científica do castro e a explotación do ben patrimonial que supón coma recurso de primeira orde dentro da política de promoción e difusión cultural do concello, centrada neste caso no patrimonio arqueolóxico.

Para a fase de diagnose primeiro foi preciso realizar un intenso labor de documentación, no que se revisaron as memorias das intervencións arqueolóxicas levadas a cabo no xacemento, das que obtivemos os datos relativos ás características concretas de cada unha das estruturas no momento do seu descubrimento. Recolléronse así os datos referentes á presenza de pavimentos, restos de recibos, tipos de morteiros, material construtivo que puidera ter aparecido relacionado coas mesmas, ano de escavación, anos de intervencións seguintes e de que tipo: re-escavación, consolidación, etc., e calquera outro tipo de información relativa a cada unha das estruturas analizadas.

Nesa fase de documentación previa tamén se fai referencia ás denominacións de cada unha desas estru-



*Recollida de datos en campo para a diagnose das estruturas visibles*



*Vista área dos sectores 4 e 5, ao redor da gran estrutura rectangular E048*

turas, inda que se lle proporcionou unha numeración propia para todo o xacemento; numeración e denominacións das que carecía anteriormente.

A área escavada actualmente supón un cuarto das 2'26 Ha da superficie total do espazo dentro da muralla. Neste ámbito documentáronse un total de 136 estruturas, das que unhas 80 se corresponden a construcións habitacionais ou de almacenaxe, formando ata 36 conxuntos construtivos, barrios ou unidades familiares, aos que tamén se asignou unha denominación específica.

Toda esta información foi recollida en base de datos e en fichas normalizadas. A estas fichas descritivas principais, organizadas por barrios e estruturas, engadíronselle outras referentes ao estado de conservación, recollendo patoloxías, alteracións, mapa de riscos, recollida de mostras, e toda a información referente ao estado de conservación. Recóllense tamén propostas de tratamento futuras, co obxectivo de ir recuperando a lectura e comprensión dos restos, primando sempre a súa conservación e mantemento.

## REPARACIÓNS PUNTUAIS DE ESTRUTURAS ARQUEOLÓXICAS

Unha vez elaborado o documento de análise e xestión e valoradas ás áreas de maior necesidade, obtivemos un mapeo xeral do xacemento en función das prioridades e urxencias á hora de abordar próximas actuacións de conservación activa.



*Estrutura 048, obxecto de restauración inminente*

En todo caso, para algunhas das estruturas esa urxencia era evidente e inminente, coma sucedía na grande estrutura rectangular, de presumible uso colectivo, situada na plataforma superior da aba N do castro. Esta estrutura, aparecida durante as escavacións da década dos 70 e da que non quedou rexistro ningún coñecido, foi consolidada na campaña de 1998, identificándoa coma estrutura nº1. Na denominación actual correspóndese coa E.048, no barrio XVI do sector 4.

Presenta unhas características construtivas moi concretas e singulares, sendo a estrutura de maior tamaño de todo o xacemento, con 18 m de longo por 7 m de anchura, con

muros rectos, esquinas escuadradas e un amplo espazo interior dividido en dúas estanzas. Está construída ademais sobre cabanas circulares cronoloxicamente anteriores, que foron escavadas en 1999, por Luis Orero Grandal. Estes traballos proporcionaron material que permitiu datar a estrutura E.048 ao redor do século I.d.C.

A escavación destas estruturas inferiores fixo que certos treitos da estrutura superposta quedaran apoiados directamente sobre perfís terreiros, evidenciando unhas cimentacións rechamantemente febles. A exposición destes perfís á intemperie durante longos anos levou á súa progresiva erosión, afectando en consecuencia á perda na base de apoio do muro superior e provocando a derruba dun treito da esquina NE do muro N.

Propúxose entón abordar a restauración desta esquina da estrutura con carácter inmediato, para o que foi preciso reforzar a base, previamente de terra ou directamente inexistente logo dos derrubes sufridos. Para poder levar a cabo a reintegración

estrutural foi indispensable construír un muro soporte, con apertura para desaloxo e drenaxe de augas interiores. Este muro portante foi adaptado ao terreo e ao orixinal perfil de terra, mediante a técnica de bataches, cun tratamento exterior recibido con cal hidráulico con coloración a imitación das terras locais. A técnica e solución adoptados combinaron criterios de identificación rápida dun elemento moderno non orixinal engadido, coa súa integración estética no contexto do xacemento.

Para levar a cabo a consolidación puntual da estrutura indicada foi preciso someter a unha limpeza intensa o treito do muro obxecto de intervención. Neste proceso de limpeza descubríronse outro dous puntos críticos dentro da mesma estrutura: no treito central do paramento N, asentado sobre a E.049B, e no nivel de asento do paramento E, coincidente co muro W da estrutura E.050. Ambos casos foron tamén tratados na presente actuación de xeito adicional e urxente dada a súa gravidade.

O treito de muro a consolidar, dada a perda de cimentación, debeu ser desmontado por completo, o que permitiu preparar a base para a construción do muro portante. A desmontaxe do muro fíxose previa numeración dos cachotes que o conforman, rexistrándose adecuadamente para a súa posterior reintegración.

Ante a previsión de atopar niveis arqueolóxicos sen escavar na mesma base do muro, aplicouse unha metodoloxía de escavación arqueolóxica, localizándose niveis de recheo sobre un terreo firme de sábrago compactado. Sobre este firme preparouse a base para a construción do muro portante.

A cota superior deste muro de soporte, acadou a base do muro orixinal desmontado, para sobre esta colocar a primeira fiada do muro reintegrado. Posteriormente fóronse colocando os cachotes numerados na súa posición e aspecto orixinais, ata acadar a altura orixinal inicial. O aparello orixinal foi respectado e a consolidación foi fiel á técnica construtiva primitiva.

Fíxose unha análise compositiva e cromática dos morteiros orixinais, cuxos resultados foron empregados na elaboración do novo morteiro, de base de cal hidráulico e de tipo hidrófugo, que se empregou na restauración.

O muro portante, unha vez rematado, recebose con morteiro de cal hidráulico, con remate cromático a imitación das terras locais, cunha integración estética dentro do seu contexto. En todo caso, seguindo os criterios das leis internacionais de conservación e restauración de sitios arqueolóxicos, a intervención deberá ser doadamente identificable entre os restos orixinais, neste caso reintegrados.

Aproveitouse a construción da nova cimentación para colocar un sistema de drenaxe interior, sen afondar máis ca propia capa vexetal, pero suficiente para recoller a auga da choiva e conducila para o tubo de desaugue colocado baixo o batache, dando así saída as augas e minimizando o risco de formación de bolsas de auga internas que leven a novos derrubes.

No proceso de escavación para preparación dos traballos de restauración foron recollidos varios fragmentos cerámicos, con tipoloxías homoxéneas en tódolos niveis documentados, levándonos a un momento cronolóxico situado entre os século I a.C.



*Estado previo da esquina NW da E048, obxecto de restauración*



*Construción de muro soporte en E048*



*Estado final da restauración en E048, con falso perfil sobre estrutura soporte por bataches*

e l d.C., o que coincide co “castrexo clásico” e coa ocupación barallada para a estrutura E.048 de acordo aos datos aportados polos traballos de Otero Grandal de 1999.

## **CREACIÓN DE PRODUCTOS DE DIFUSIÓN ACTIVOS E PARA DISCAPACITADOS**

Dende 2018 Castromao dispón de roteiros interpretativos e informativos que, tanto *in situ* como con acceso dende unha plataforma virtual aloxada no servizo web do concello<sup>3</sup> explican ao visitante as características e singularidades do xacemento, así coma o seu contexto histórico e encadre cronolóxico xeral. A ruta componse actualmente de sete paneis: un de benvida e seis máis explicativos de sectores e aspectos diferentes do xacemento.

A proposta de actuación quere crear un novo servizo que, a través dun sistema de narración por voz en distintos idiomas, invitando ao paseo entre as ruínas mentres se escoita a explicación e facéndoo accesible a persoas cegas ou con déficit de atención ou comprensión lectora.

Aproveitarase a ocasión, con ese obxectivo de darlle un valor engadido á aplicación, para complementar a información existente, con información e material gráfico adicional: fotos antigas, textos adicionais, vídeos, etc. Para a elaboración deste material, ademais da consulta dos arquivos fotográficos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e do propio Concello, foi preciso levar a cabo unha reportaxe aérea mediante RPAS (dron), para a gravación de vídeos e toma de imaxes.

A aplicación de RPAS é moi útil, non só para a obtención de material visual, senón que servirá, e así se fará, para a realización dun levantamento topográfico xeorreferenciado, obtendo unha nube de puntos 3D para creación de ortofotografías e topografía básica, con curvado e modelo fotogramétrico tridimensional, que servirá como ferramenta básica para apoio e desenvolvemento dos traballos futuros e como base para o documento de xestión. O modelado 3D, que pode ser doadamente actualizado nas sucesivas intervencións, poderá ser empregado no futuro para recreacións virtuais.

O roteiro foi tamén ampliado e completado cunha imaxes panorámicas 360°, na que indican os sitios máis destacados na ampla contorna visual do castro, tanto núcleos de poboación actuais, fitos xeográficos e outros castros visibles dende Castromao, relacionándoo de xeito moi visual coa súa contorna paisaxística e cultural.

## **ADECUACIÓN ACCESOS E ÁREA DE APARCADOIRO**

Outro dos obxectivos desta actuación era atender á mellora das áreas de recepción de vehículos dos visitantes que acoden ao xacemento, e para os que se carecía de espazos axeitados para o estacionamento, empregándose as beiras dos camiños locais de xeito desorganizado, o que ten ocasionado non poucos trastornos no tránsito e na actividade diaria dos veciños de Castromao.

Tamén se tiña observado a presenza de coches turísticos nos camiños

de servizo e de acceso ás parcelas máis achegadas á muralla, nomeadamente no acceso de servizo S; feito que se quere evitar coa colocación de elementos disuasorios, primando o acceso a pé dende as áreas que se habilitaron e sinalizaron para aparcadoiro.

Establecéronse así dúas áreas de aparcadoiro. Unha primeira no acceso S ao castro, no inicio dunha pista rural que dá acceso a dúas parcelas situadas na ladeira S do castro e que se ten empregado nos últimos anos como acceso de servizo ás escavacións, e onde se sitúa o panel de benvida ao castro. En calquera caso, inda habilitando esta área para os coches, a idea é instar aos visitantes a que estacionen no segundo aparcadoiro, situado máis adiante na pista, a carón do cruce desta coa entrada da aldea de Castromao e o inicio do sendeiro peonil que dende a aldea ascende directamente ao castro, a través dun camiño tradicional entre valados. Sepáranse así a área de aparcadoiro e acceso de servizo, polo S, e a área de aparcadoiro e sendeiro de acceso para visitantes, polo SE. Dende este aparcadoiro 2 é moi visible, logo da limpeza da aba E, todo o castro, recuperando esa unión visual e comunicativa perdida coa falla de limpeza e mantemento por esta banda nas últimas décadas.

## **CONCLUSIÓNS**

Os traballos realizados no conxunto arqueolóxico de Castromao, a pesar de non implicar escavacións nin ampliación do coñecemento cien-

3. [www.celanova.gal/castromao.html](http://www.celanova.gal/castromao.html)

tífico, si contribuirán de xeito definitivo á continuación destes ao crear as ferramentas e sentar as bases dun traballo sistematizado.

Despois de longos anos sen labores de mantemento efectivos e ante a perspectiva de retomar os traballos no castro a premisa era clara: conservar de maneira óptima os restos visibles, antes de abrir novas fronteas. Garantir a conservación dos restos é unha cuestión indispensable para protexelos da presión das numerosas visitas que recibe o castro, combinando a visibilización dos mesmos de modo entendible e preservando o seu legado para o futuro.

As sistematización da información existente permitiu, en función das características, disposición e orientación das estruturas visibles, identificar diferentes agrupacións construtivas, equiparables a conxuntos familiares ou barrios, sentando as bases para a análise urbana do poboado.

Os resultados desta sistematización e diagnose dos restos existentes levaron á redacción dun documento de xestión integral para o xacemento, na que se protocolizan os procesos de traballo e se establecen uns criterios para as actuacións futuras. Estes criterios baséanse na ampliación do coñecemento científico, na garan-

tía da conservación dos restos, na ampliación da visibilización didáctica destes, en facilitar os labores de mantemento anuais e na conservación dos valores naturais do castro, ademais de no fomento e promoción de todos os valores culturais que atesoura.

Un traballo arqueolóxico apenas visible de cara ao público, pero indispensable para a conservación, a preservación e o rexurdir de Castromao de xeito decidido.




*Vista NW do castro tralas labores de limpeza e conservación*

## BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

- BARROS SILVELO, R. 1875: *Antigüedades de Galicia*, Coruña.
- CALO LOURIDO, F. 1990: "Trisquel calado", en *Galicia no Tempo*, p.111, Santiago de Compostela.
- CALO LOURIDO, F. 1994: *A plástica da Cultura Castrexa galego-portuguesa*, Fundación Pedro Barrié dela Maza, Coruña.
- CEÁN BERMÚDEZ, J.A. 1832: *Sumario de antigüedades romanas que hay en España*, Madrid.
- FARIÑA BUSTO, F. 1980: "Castromao, Castro Mao o Coeliobriga (Castromao)", *Arqueología*, 79, pp.166-167, Madrid.
- FARIÑA BUSTO, F. 1981: "Castromao", *Arqueología*, 81, p.196, Madrid.
- FARIÑA BUSTO, F. 1983: "Castromao", *Arqueología*, 82, p.223, Madrid.
- FARIÑA BUSTO, F. 1990: "Torso de guerreiro", en *Galicia no Tempo*, p. 108, Santiago de Compostela.
- FARIÑA BUSTO, F. 1991-a: "Dos notas a propósito de Castromao (Celanova, Ourense)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIX, fasc. 104, pp. 57-71, Santiago de Compostela.
- FARIÑA BUSTO, F. 1991-b: "Datacións absolutas de xacementos galegos", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIX, fasc. 104, pp. 49-55.
- FARIÑA BUSTO, F. 2000: "Áureo de Claudio", *Peza do mes novembro 2000*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- FARIÑA BUSTO, F. 2001: "Forno cerámico, Castromao", *Peza do mes marzo 2001*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- FARIÑA BUSTO, F. 2005: "Figura zoomorfa, Castromao", *Peza do mes marzo 2005*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- FARIÑA BUSTO, F. 2010: "Pedra castrexa calada (Castromao)", *Peza do mes xaneiro 2010*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- Ferro Couselo, X. 1943: "Museo Arqueolóxico de Ourense", *Memorias de los Museos Arqueológicos Provinciales 1942* (extractos), Madrid.
- FERRO COUSELO, X. 1971: "Breve reseña del Museo", *Boletín Auriense*, I, pp. 301-302, Ourense.
- FERRO COUSELO, J. 1974: "Guía abreviada del Museo", *Boletín Auriense*, IV, pp. 199-238.
- FERRO COUSELO, X. e CAVADA NIETO, M. 1976: "Las monedas de Castromao", *Boletín Auriense*, VI, pp. 149-168, Ourense.
- FERRO COUSELO, J. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1971: "La tessera hospitalis del Castromao", *Boletín Auriense*, I, pp.9-18.
- FERRO COUSELO, J. e LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1976: "Excavaciones en el Castromao, Celanova (Ourense)", *Noticiario Arqueológico Hispánico, Prehistoria 5*, pp. 349-354, Madrid.
- GARCÍA ROLLÁN 1966: "El Castro de Castromao", *Archivo Español de Arqueología*, XXXIX, nº 113-114, p. 197-200.
- GARCÍA ROLLÁN 1971-a: "Memoria de la excavación arqueológica de Castromao (Coeliobriga)", *Archivo Español de Arqueología*, 44, nº 123-124, pp. 175-211.
- GARCÍA ROLLÁN 1971-b: "El Castro de Castromao", *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología*, p. 403 e ss., Coimbra.
- GARCÍA ROLLÁN, M. 2004: Hitos importantes en la excavación de Castromao (Coeliobriga), *Boletín Auriense*, tomo 34, pp.9-14.
- HERVÉS REIGOSO, F.M. 1991: "Achado dun fragmento de estatua de guerreiro galaico nas proximidades de Celanova", *Larouco*, 1, pp. 151-155, eds. do Castro, Coruña.
- LÓPEZ MONTEAGUDO, G. 1975: "Notas sobre Castromao", *Archivo español de arqueología*, vol. 48, nº131-132, p.198.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1973: "Metamorfosis dunha casa castrexa", *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. XXII, fasc. 3, pp. 225-229, Porto.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. 1980: "Unha casa do Castromao (Celanova)", *Boletín Auriense*, X, pp. 203-210.
- NIETO MUÑIZ, E.B. 2002: "A tabula hospitalis de Castromao", *Onde o Mundo se chama Celanova*, nº 30, pp. 6-12, Celanova.
- NIETO MUÑIZ, E.B. 2004: "A tabula de Castromao", *Revista Arraianos*, nº 1, pp. 28-30, Celanova.




- NIETO MUÑOZ, E.B. 2005: "A reconstrucción dun conxunto castrexo: O barrio da tábula de Castromao", *Revista Minius*, nº13, pp.69-102.
- NIETO MUÑOZ, E.B. 2006: *Tríscele calado de Castromao, peza do mes setembro 2006*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
- ORERO GRANDAL, L. 1992: *Castromao, Celanova*, folleto editado pola Dirección Xeral de Patrimonio e o Concello de Celanova.
- ORERO GRANDAL, L. 1994: "Novos achados no Castromao (Celanova-Ourense)... Unha estraña escultura zoomorfa", *Boletín Auriense*, XXIV, pp. 113-139.
- ORERO GRANDAL, L. 1997: "Castromao", en *Galicia Castrexa e Romana, Galicia Terra Única*, Xunta de Galicia.
- ORERO GRANDAL, L. 2000-a: "Os castros da Terra de Celanova: Castromao como paradigma", en Eguileta Franco, J.M., Orero Grandal, L. e Castro Pérez, L. (co.) *Arqueoloxía prehistórica na Terra de Celanova*, pp. 155-168, Concello de Celanova.
- ORERO GRANDAL, L. 2000-b: "Castromao (Celanova-Ourense)", *Brigantium* 12, pp. 179-185.
- ORERO GRANDAL, L. 2008: "Intervención arqueolóxica no xacemento de Castromao, Campo de traballo arqueolóxico, Celanova (Ourense)", *Intervencións Arqueolóxicas 2006*, Xunta de Galicia, pp.29-30.
- ORERO GRANDAL, L. 2009: "Escavación e consolidación arqueolóxica no xacemento de Castromao, Celanova (Ourense)", *Intervencións Arqueolóxicas 2007*, Xunta de Galicia, pp.51-52.
- ORERO GRANDAL, L. 2010: "Limpeza, escavación e consolidación arqueolóxica no xacemento de Castromao, Celanova (Ourense)", *Intervencións Arqueolóxicas 2009*, Xunta de Galicia, pp.30-31.
- ORERO GRANDAL, L. 2011-2012: "Catálogo de pedras de especial interese recuperadas no xacemento de Castromao (Celanova, Ourense): campañas 1992-2008", *Boletín Auriense*, tomo 41-42, pp.121-138.
- ORS, A. 1973: "El Consul Augurino de la tabla de Castromao", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 28, fasc. 85, pp.244-247, Santiago de Compostela.
- PEREIRA MENAUT, G. 1985-1986: "Nueva Tabula Patronatus del Noroeste de Hispania", en *Veleia*, 2-3, pp. 299-302.
- RODRIGUEZ COLMENERO 1977: *Galicia meridional romana*, Universidad de Deusto
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1987: *Fontes epigráficas, Aquae Flaviae*, 1, Chaves.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X. 2002: "Chave romana de Castromao", *Peza do mes febreiro 2002*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X. 2003: "Tabula de Castromao", *Peza do mes xaneiro 2003*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X. 2016: "Cerámica marmorata. Castromao", *Peza do mes decembro 2016*, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X. e Seara Carballo, A. 1983: "Localización del ara nº 2597 de C.I.L. II y nuevos apígrafes en la provincia de Orense", *Boletín Auriense*, XIII, pp. 23-29.
- ROMERO MASIÁ, A.M. 1974: "Castromao", en *Gran Enciclopedia Galega*, VI, pp. 16-17.
- SEARA CARBALLO, A. 1984: "Castromao", *Arqueología*, 83, pp. 225-226.
- SEARA CARBALLO, A. 1988: *Cerámica castrexa de Castromao*, Tese inédita, Madrid.
- S.E.G. 1928: "Catálogo dos castros galegos, fasc. II, Terra de Celanova", pp.17-19. Nós, Coruña.



*Ortofoto do complexo arqueolóxico de Aquis Querquennis. Este complexo arqueolóxico conta, na actualidade, cun centro de interpretación destinado a exposición das maneiras de viaxar na antigüidade, así como a explicación das ruínas exhumadas durante os últimos 45 anos, executadas baixo a dirección, da alma mater do xacemento, o catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela D. Antonio Rodríguez Colmenero e dende o ano 2000 polo arqueólogo que subscribe estas páxinas.*

# O CAMPAMENTO ROMANO DE AQUIS QUERQUENNIS

(BANDE, OURENSE)



Santiago Ferrer Sierra  
Grupo Arqueolóxico Larouco

O complexo arqueolóxico de *Aquis Querquennis* atópase situado entre as poboacións de Portoquintela e O Baño, pertencente á parroquia de San Xoán do Baño no término municipal de Bande, na comarca natural de A Baixa Limia, no suroeste da provincia de Ourense. Localízase, ademais, na ribeira dereita do río Limia ocupando unha situación a media ladeira, no entorno duns mananciais de augas termais, aproveitadas ó longo do tempo polas súas condicións mineiro medicinais, orixinando o nome do lugar, xa na antigüidade, como *Aquae Querquennae*, na Idade Media *San Martiño de Calidas* e na actualidade *O Baño*, como podemos observar, facendo sempre referencia as augas termais. Na actualidade tanto o xacemento como o lugar dos afloramentos termais atópanse intermitentemente asolagados polas augas do encoro de As Conchas construído, pola empresa hidroeléctrica FENOSA, nos derradeiros anos da década dos 40 da pasada centuria, terreos nos que existía a igrexa parroquial de San Xoán de O Baño xunto coas dependencias do abade, diversas casas da aldea e un edificio dedicado a explotación das augas mineiro medicinais, dos cales aínda se poden observar as ruínas cando baixa a cota do encoro, xeralmente

durante o verán, permitindo, así mesmo, tanto as labores de investigación arqueolóxica como a explotación turística do xacemento.

*Aquis Querquennis* é unha creación *ex novo* e xurde como unha mansión da *Via Nova* ou *Vía nº18 do Itinerario de Antonino*, segundo numeración do enxeñeiro de camiños Eduardo Saavedra realizada a finais do século XIX con motivo dun traballo de sistematización das vías romanas da Península Ibérica, unha verdadeira autoestrada que comunicaba as capitais dos conventos xurídicos de *Bracara Augusta* con *Asturica Augusta*, posiblemente primeiro ou senón ó mesmo tempo, como lugar de asentamento dunha unidade militar dependente da *Legio VII Gemina* asentada na cidade de León, que vai a levantar aquí o seu lugar de residencia converténdose na base de operacións dos enxeñeiros militares que dirixiron os traballos de construción desta vía. Sabemos que *Aquis Querquennis* pertence administrativamente ó convento xurídico bracarense por estar situada a 53 millas da capital lusa segundo nos relata o *Itinerario de Antonino* e nos certifica un miliario

aparecido nas inmediacións da aldea de As Maus marcando a milla LIII dende Braga<sup>1</sup>.

O nome que se lle dá ó xacemento procede do que posuía o *populus* ou a *civitas* que habitaba a comarca actual de A Baixa Limia, os *Quarquerni* si facemos caso a unha inscrición que se conserva na ermida de Vilameá, preto de Bande<sup>2</sup> ou os *Quarquerni* si tomamos como referencia ó historiador Plinio<sup>3</sup>, precedido de *Aquae* facendo alusión ó nacemento das augas mineiro medicinais.

As primeiras noticias, sobre o xacemento, temos que remontalas ó século XVII cando o celanovense Mauro Castellá Ferrer na súa obra *Historia del Apostol de Iesu-Cristo Santiago Zebedeo* nos di textualmente: "... a media legua de la Yglesia (Sta Comba)... ay ruynas de una grande, y populosa ciudad, y muchos cimientos antiguos de ladrillo argamassado y otros de piedra, y así llama aora los comarcanos al lugar adonde están estas ruinas de la ciudad, y dicen se llamava Quitania; y hállanse por allí y en todo aquel contorno otras memorias Romanas, sin las que hemos dicho, que dan muestras de aver avido por allí gran población Romana...". Debemos, tamén, a este autor as controvertidas noticias da existencia dun miliario en Baños de Bande marcando a milla 38 dende Braga dedicado ó emperador Traxano, determinando que durante os séculos XVIII e gran parte do XIX, neste lugar se localizase a segunda mansión da *Vía Nova*, *Aquis Ogeresibus*, en vez da terceira *Aquis Querquennis*. Situación controvertida que se empeza a clarexar cando D. Ramón Barros Sibelo acomete o estudo da *Vía Nova* xa a finais do século XIX, nunha obra que se mantén inédita na Real Academia da Historia titulada: *Memoria descriptiva de la 3ª vía militar*

*Romana Bracarense, para ilustrar el plano de la misma, lebandado por D. Ramón Barros Sibelo bajo la protección del Exmo Sr D. Manuel Yáñez Rivadeneira y dedicado a la Real Academia de la Historia*<sup>4</sup>. Nos inicios do século XX, D. Manuel Díez Sanjurjo en *Los caminos antiguos y el Itinerario N° 18 de Antonino*, publicado nos distintos Boletíns da Comisión Provincial de Monumentos Histórico y Artísticos de Orense, dun xeito definitivo sitúa a mansión de *Aquis Querquennis* en Baños de Bande, cuestión que hoxe non ofrece dúbida algunha.

Por outra banda, as primeiras intervencións arqueolóxicas, das que temos noticia, realizadas no xacemento, débemolas a un grupo de amigos comandados por D. Florentino López Cuevillas, aló polos anos vinte da pasada centuria,<sup>5</sup> quen mediante a realización dunhas sondaxes puxeron ó descuberto varios lenzos de muros, un deles identificado hoxe cun tramo da muralla campamental, pero dado a breve descrición que nos ofrece e a ausencia de planimetría impídenos determinar con exactitude o lugar exacto onde foron practicadas. Será no ano 1975 cando A. Rodríguez Colmenero inicie un programa de escavacións sistemáticas que se foron prolongando ata a actualidade dun xeito intermitente, interrupcións que estiveron motivadas máis por cuestións económicas que pola vontade dos escavadores. Estas primeiras campañas localizáronse na muralla dando lugar a interpretación de que se trataba dun recinto amurallado correspondente a redución da cidade durante a crise do século terceiro<sup>6</sup>, hipótese que se mantivo durante cinco anos ata que en 1980, e tras diversas estancias en campamentos do limes renano, permitiron comparar o noso xacemento con outros similares emprazados nos límites do imperio, permitindo mudar a primitiva interpretación por outra máis axustada a

1. A aldea de As Maus atópase situada a un quilómetro aproximadamente do manancial das augas termais e da antiga aldea de O Baño. O miliario foi atopado nunha posición intermedia entre ambas poboacións.

2. Rivas Fdez, J.C. *Un nuevo testimonio epigráfico de los quarquerni y otras cuestiones en torno a la civitas de este pueblo*. Boletín Auriense, 9, 1979, 51-66. Rguez Colmenero, A. *Aquae Flaviae*. *Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Chaves, 1997, 440-441.

3. Plinio, *Nat. Hist.* III, 28.

4. R.A.H. 9/7965-4.

5. López Cuevillas, F.- "A mansión de Aquis Querquennis" *NÓS* 9, 1922, pp. 10-16. No mesmo ano de 1921 emprenderon a execución de dúas escavacións arqueolóxicas unha "O día 5 de San Xoan, fíxose unha esporación preliminar nos vestixos d'unha antiga vila romana, no lugar dito a cibdade, á veira do río Limia en Porto Quintela perto dos Baños de Bande, pol-os nósos compañeiros Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas e Vicente Risco, acompañados do culto abogado de Bande D. Farruco Pena". "O día 9 do pasado Outubro y-acompañados ista vez do noso entrañable amigo o cultísimo catedrático de Literatura do Instituto d'Ourense, Xaime P. Coleman, voltamos a Baños de Bande para recomenzar as nosas esporacións arqueolóxicas."

6. Rodríguez Colmenero, A.- *Galicia meridional romana*, Bilbao, 1977, p. 102. "Como quiera, además, que el bronce de Trajano atestigua la existencia de construcciones que datan del siglo I y los recintos amurallados de llanura no aparecen, que sepamos, anteriormente a mediados del siglo III, es por lo que nos atrevemos a sostener que el circuito defensivo pudiera datar de la segunda parte de la tercera centuria o primeros años del siglo IV. De momento, no contamos con datos definitivos para determinar este particular." e *Augusto e Hispania, Conquista y Organización del Norte Peninsular*, Bilbao, 1979, p. 183 e lám. IX.




Vista aérea do campamento romano de Aquis Querquennis realizada durante a campaña arqueolóxica de 2019

realidade, sendo identificado como un campamento militar, hipótese que se viu confirmada en campañas arqueolóxicas posteriores e que na actualidade non deixan lugar a ningunha dúbida.

Froito das distintas campañas de escavacións que se veñen realizando, dende finais do século XX, podemos constatar que o complexo arqueolóxico se atopa dividido en dous amplos sectores: o campamento militar destinado a albergar unha *cobors quingenaria equitata*, composta por tropas mixtas, teoricamente, 608 soldados dos cales 480 pertencen a infantaría e o resto a cabalaría, coa súa *canaba* correspondente e unha poboación civil que se localiza no entorno do manancial das augas termais, xurdindo inicialmente como unha *mansio* ou edificio destinado ó servizo dos viaxeiros converténdose, pouco a pouco, nun verdadeiro núcleo urbano considerado xa, por Ptolomeo, no século II d. C, como unha *polis*.<sup>7</sup>

Así pois, as campañas arqueolóxicas realizadas ate o de agora concentraron os seus esforzos na exhumación do campamento militar relegando a un segundo plano as intervencións na mansión viaria. Do recinto militar temos descuberto, na actualidade, a totalidade do sector da *retentura* (parte occidental do campamento) e o edificio dos *principia* (cuartel xeral) localizado na parte dos *latera praetori*, un gran lenzo de muralla así como tres portas de acceso ó interior do recinto. Si a este lle engadimos os datos obtidos a través do estudo da fotografía aérea e do xeoradar contamos, na actualidade, cun amplo coñecemento deste establecemento militar, fundamentalmente no que se refire ó seu aspecto urbanístico. Así temos que o campamento aparece estruturado de forma ortogonal respectando os modelos clásicos coñecidos, de 176 m de lonxitude no seu eixe máis longo por de 146 m no eixe norte-sur acadando unha superficie interior aproximada de 2,6 ha (25.696 m<sup>2</sup>),

7. Ptolom. II, 6, 46 in Schulten e Maluquer (1987).



*Plano coa interpretación das estruturas identificadas no campamento de Aquis Querquennis*

tral entre a a *via quintana* e a *via principalis* os *latera praetorii* e na zona oriental entre a *via principalis* e a *porta praetoria* o sector da *praetentura*.

O recinto aparece delimitado en todo o seu perímetro por un complexo sistema defensivo composto por un foxo e unha potente muralla construída a base de pequenos mampostos graníticos na que se interpoñen catro portas de entrada: a *porta principalis sinistra* ó norte, a *porta principalis dextra* ó sur, a *porta decumana* a occidente e a *porta praetoria* a

de proporcións moi similares ás que presenta o veciño campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) que alberga a *Cobors I Celtiberorum*, mostrando unha planta rectangular coas esquinas redondeadas en forma de naipe, tratándose dun recinto militar permanente dos coñecidos como *castra stativa*.

Urbanisticamente estrutúrase, a semellanza do que ocorre nas cidades romanas, en torno a dous eixes de carácter principal: o cardo máximo, coñecido nos establecementos militares como *via principalis* e o decumano máximo, interrompido polo edificio dos *principia*, dando orixe a dúas vías a *via praetoria* a oriente e a *via decumana* a occidente. Si a estes lle engadimos un terceiro vial constituído pola *via quintana*, o campamento de *Aquis Querquennis*, a semellanza con outros, aparece dividido en tres amplos sectores: na zona occidental entre a *porta decumana* e a *via quintana* o sector da *retentura*, no cen-

oriente. Por outra banda, constatouse que as portas principais aparecen desprazadas da súa posición central cara oriente dividindo o campamento en dúas zonas desiguais, deixando unha maior superficie para a zona occidental (*retentura*) que para a oriental (*praetentura*), circunstancia que actualmente podemos explicar debido ó emprazamento das distintas unidades militares que formaban parte deste destacamento. Así, na parte occidental, de maior superficie, constatamos a presenza de seis edificios destinados ó albergue dunha cohorte de infantaría e cada un deles, a residencia dunha *centuria*, mentres que na parte oriental, sen escavar, consideramos que estarían destinadas as tropas de cabalaría cun menor número de continxentes militares.

Deste sistema defensivo, na actualidade, lévase exhumado un gran treito de lenzo de muralla correspondente co sector da *retentura*, podendo comprobar as



*Porta Principalis Sinistra despois da súa restauración*

súas características construtivas, diferenciando claramente dúas partes superpostas, o zócalo de cimentación e a obra vista. Para a escavación da cimentación abriuse unha gran gabiña de 3,20 m de anchura e unha profundidade media de 1,50 m no terreo natural ata acadar unha base consistente sobre a que asentar os fundamentos sólidos, levantados con pedras irregulares de granito, servindo as súas paredes como límite de encofrado. Sobre estes fundamentos sólidos érguese o paramento da muralla, con 3 m de anchura e dúas caras vistas construída a base de mampostos graníticos de tamaño medio dispostos en fiadas, máis ou menos, horizontais ofrecendo a obra acabada un aspecto de *opus vitatum*. A intervalos regulares intercálanse torres cadradas de 3,60 x 3,60 m de lado a excepción das situadas nos esquinais que presentan planta semicircular, destinadas ós corpos de garda, saíndo da liña do lenzo de muralla 0,50 m cara o lado interior e 0,10 m cara o exterior. En canto ó foxo, escavado parcialmente, aparece aberto no terreo natural de sábreo discorrendo paralelo ó lenzo de muralla polo exterior separado da mesma por unha estreita franxa de 1 m de ancho (*berma*) inte-

rrompidos, ambos, unicamente nas zonas onde se localizan as portas de entrada. Presenta unha sección transversal en forma de V (*fossa fastigata*) cunha anchura que ronda os 5 m e unha profundidade de 2 m. Complementando estes dous elementos defensivos aparece un espazo baleiro de edificación de 11-12 m de anchura que percorre todo o perímetro interior do campamento (*intervallum* ou *vía sagularis*) constituíndo un camiño de ronda ó que se abren as entradas dos distintos barracóns de tropas. Fronte a estas entradas, adosadas ó lenzo da muralla, unicamente, aparecen unhas plataformas circulares pertencentes a fornos de panificación, un por cada *centuria*, así como un pequeno edificio que identificamos como as latrinas, localizado no ángulo suroccidental do recinto militar.

Como subliñamos anteriormente, tanto o lenzo de muralla como o foxo que abranguen a totalidade perimetral do recinto militar, vense interrompidos polas portas de entrada, na actualidade exhumadas tres das catro que daban acceso ó interior do cuartel. A primeira en ser descuberta foi a *Porta Principalis Sinistra*,




*Porta Decumana unha vez finalizada a súa escavación arqueolóxica*

seguida anos despois, pola *Porta Decumana* e xa na derradeira campaña arqueolóxica de 2019 a *Porta Principalis Dextra*, quedando, para un futuro, a escavación da *Porta Praetoria*. Trátanse, posiblemente, dos elementos máis monumentais do recinto militar construídos a base de grandes perpiaños de granito desentoando do resto das edificacións do campamento a excepción co cuartel xeral. Das catro a máis grande e monumental é a *Porta Principalis Sinistra* mentres que as outras tres resultan de dimensións máis reducidas o que nos está a indicar, indirectamente, que esta sería a saída principal cara a *Vía Nova* dende o interior do recinto. Presenta unhas dimensións, na súa fronte, de 21,10 m de ancho, flanqueada por dúas torres rectangulares de 12,5 m x 4,85 m deixando un espazo de tránsito de 11,40 m dividido en dous carrís, un de entrada e outro de saída, por unha espina central formada por ambos pilastróns de 2 x 2 m que serven de apoio dos arcos onde ían colocadas as portas de madeira. As outras tres entradas ó recinto militar presentan características construtivas moi se-

mellantes ás da *Porta Principalis Sinistra*, aínda que de dimensións máis reducidas, carecendo de espina central e con un único vano de entrada e 14,40 m de fachada. Pola parte interior destas torres, invadindo o espazo de tránsito sobresaen catro perpiaños, que corresponden aos fundamentos das xambas das portas, manténdose aliñadas dúas coa parte externa da muralla e as outras dúas nos ángulos interiores das torres, deixando un vano de entrada de 3,10 m de anchura. Ao mesmo tempo avanza, de xeito simétrico, ambas torres cara o exterior e o interior do recinto campamental uns 4,7 m medidos dende os paramentos exteriores e interiores da muralla.

Xa no interior do campamento lévanse exhumado unha serie de edificios independentes destinados a diferentes funcións: na zona da *retentura* podemos identificar catro barracóns de tropas, o edificio dos *borrea* (graneiros) e o *valetudinarium* (enfermería) e na zona dos *latera praetori* o edificio dos *principia* ou cuartel xeral flanqueado por outros dous ba-





*Distribución dos edificios no ángulo noroeste do campamento*

rracóns de tropas, un deles sen escavar pero detectado a través do xeoradar.

En canto ó edificio do *valetudinarium*, estaba dedicado a funcións de hospital ou enfermería, presenta planta rectangular de 24,40 x 20,80 m, é dicir unha superficie aproximada de 508 m<sup>2</sup>, estruturado en tres bandas concéntricas, un patio interior aberto ou *impluvium* ó que van a parar todas as augas das cubertas, evacuadas cara ó exterior por medio dunha canle que cruza toda a *vía decumana*, un pasillo ou peristilo de 2,89 m de ancho rodeando ó patio polas catro caras daba acceso a outra banda perimetral dividida en trece habitacións independentes distribuídas en tres ringleiras destinadas a estancias dos enfermos.

Limitando co hospital, pola súa banda occidental, sitúanse os *horrea* ou cabaceiros destinado a labores de intendencia constituídos por dous grandes edificios de planta rectangular aparentemente xemelgos unidos pola banda do sur por medio dunha grande

estancia alongada que percorre a súa fachada principal ó cal se accede dende a *vía decumana*. O cabaceiro máis pequeno localízase na parte oriental presentando unhas dimensións de 21 m de longo por 8,20 m de ancho podendo apreciar no interior ata cinco aliñacións de pilotes cúbicos de granito distribuídos a intervalos regulares de 1,5 m. O outro hórreo, con dimensións maiores que as do anterior, de 21 m de longo por 10,30 m de ancho, mostra as súas paredes moito máis robustas mantendo a presenza de cinco aliñacións de pilotes pero con maior separación entre eles, pilotes que non tiñan outra finalidade que a de servir de apoio a unha gran tarima de madeira que facía as veces de chan dos *horrea* evitando, deste xeito, a penetración de humidades, tan prexudiciais para o almacenamento do gran, permitindo a circulación do aire mediante pequenas aberturas nos muros laterais. Outra característica a destacar, destes almacéns, será a de contar con grandes contrafortes situados tanto cara o exterior como cara o interior do edificio co obxectivo de contrarrestar o empuxe que



*Escavación dun barracón de tropas*

os sacos de gran efectuaban sobre as paredes laterais así como para suxeitar unha pesada cuberta construída con grandes vigas de madeira e tellas. Esta separación, dos *horrea*, en dúas grandes naves parece que responde a cuestións relacionadas coa intendencia e a división deste destacamento militar formado por tropas de infantaría e tropas de cabalaría necesitando máis espazo as primeiras, por ser máis numerosas, que as segundas.

Outra categoría de edificios exhumados dentro do recinto campamental constitúeno os barracóns de tropas, construcións independentes destinadas cada unha delas a albergar unha *centuria* composta por unha dotación de 80 soldados comandados por un centurión. Ate o de agora, lévanse exhumado, total ou parcialmente, cinco barracóns de tropas ós que lle temos que engadir un sexto detectado mediante a utilización de métodos xeofísico con radar de penetración terrestre (GPR). Trátase de edificios que presentan idéntica disposición, divididos en dúas alas articuladas en torno a un patio central aberto, no que se localiza, ás veces, unha cisterna circular para a

recollida de augas pluviais e outras veces pozos de auga para a utilización e o consumo dos soldados. Cada unha destas alas compóñense de habitacións dúplices denominadas no argot militar como *contubernia*, unha delas destinada a ámbito de cociña e a outra a dormitorio. Na ala dereita podemos comprobar a presenza de seis *contubernia* mentres que na da esquerda unicamente catro complementadas por outro edificio destinado a residencia dos mandos da centuria, á cabeza deles o centurión. En cada unha destas habitacións dúplices residía un total de oito soldados (*milites*) que multiplicado polas dez habitacións computadas en ambos lados fan un total de oitenta soldados en cada barracón de tropas, é dicir, os compoñentes dunha *centuria* en tempos normais. Catro destes edificios localízanse na zona da *retentura* ós que se accede dende o *intervallum* mentres que os outros dous aparecen flanqueando ó edificio dos *principia* ou cuartel xeral tendo o acceso dende a *via principalis*.

No ángulo suroccidental deste recinto militar foi escavado no ano 2018 un pequeno edificio destinado a



*As latrinas despois da súa escavación arqueolóxica*

solucionar as necesidades fisiolóxicas dos soldados, as latrinas, de planta rectangular, con dimensións de 4,35 metros de ancho por 7 metros de longo, adosado ó esquinal do lenzo de muralla pola súa banda sur e no que se detecta unha única cloaca situada no centro do edificio a diferenza dos paralelos coñecidos nos que aparecen distribuídas xunto as paredes laterais. A evacuación dos residuos cara o exterior do recinto militar realizábase a través dunha canalización deseñada polo interior da muralla construída con sillarejos e pavimentada con laxas de granito presentando unhas dimensións de 3 m de longo por 0,45 m de ancho descoñecendo, debido ó seu estado de conservación, a altura e a solución de remate superior que ben puidera ser adintelada ou formando arco de medio punto seguindo modelos coñecidos doutros campamentos militares.

Pero sen lugar a dúbidas o edificio máis importante de todo campamento militar veñen a ser os *Principia* (cuartel xeral) posto que ocupan un espazo medular no que se acomodan os órganos esenciais da administración, os espazos sagrados destinados ó culto e a

custodia dos estandartes militares da unidade acantoadada así como a forza moral da disciplina militar, destacando dentro do conxunto a *aedes* (templo) sendo un referente axial coincidente co centro do neurálxico do campamento. No outono de 2005 quedou exhumado un grande edificio de 35 m de fachada aberta á *via principalis* por 35 m de fondo, un total de 1.162 m<sup>2</sup>, é dicir, o equivalente ó 4,4% da superficie total do campamento. Ó longo do eixe visual que une a entrada do edificio co templo atopamos ensartados catro ámbitos sucesivos, que se descubren na maioría dos *principia* doutros campamentos militares: un gran vestíbulo flanqueado por pórticos cubertos e abertos á fachada principal, patio rectangular aberto peristilado mediante pórticos laterais, basílica e área sacro administrativa ó fondo.

Rematada a descrición urbanística das estruturas exhumadas dentro do recinto campamental, unicamente nos queda, a modo de conclusión resaltar unha serie de cuestións de carácter xeral. Así podemos observar como o desprazamento das portas principais cara a zona oriental divide o campamento en dúas



*Cuartel xeral ou principia*

partes desiguais respondendo a unha concepción perfectamente estudada e preconcebida aparecendo distribuídos, na metade occidental seis barracóns de tropas, é dicir seis *centurias*, o que nos están a indicar a presenza dunha cohorte de infantería reservando a outra metade, máis pequena, para un destacamento de cabalería configurando o que se coñece tecnicamente como unha *cohors quingenaria equitata* composta por tropas mixtas de infantería e cabalería quedando esta unidade da seguinte maneira: unha cohorte de infantería formada por seis centurias de oitenta soldados cada unha, fan un computo de 480 infantes, máis catro *turmae* de cabalería compostas, cada unha delas, por 32 soldados, é dicir, 128 cabaleiros, un continxente militar total de 608 soldados baixo o mando superior dun *Praefectus* a diferenza das cohortes miliarias que estaban baixo o mando dun *Tribunus*.

Quedarían por responder dúas cuestións, non de menor importancia, como serían ¿Qué unidade estaba acantonada en *Aquis Querquennis* e con que motivo? A tenor da cronoloxía que establecemos para a vida deste campamento militar con data de construción de mediados do reinado do emperador Vespasiano e data de abandono en torno ós primeiros anos do reinado do emperador Adriano a relación coa construción da *Via Nova* parece facerse evidente, xa que a primeira inauguración desta estrada se produce no ano 79-80 d.C. segundo testemuñan os miliarios dedicados ós emperadores Tito e Domiciano e a segunda e definitiva inauguración en tempos do emperador Adriano confirmada polo miliario *in capite viae* aparecido na cidade de Braga.<sup>8</sup> Con respecto á unidade militar acantonada nestas terras de A Baixa Limia, nun primeiro momento críase que podería tratarse da *Cohors I Celtiberorum* por aparecer o seu *prae-*

8. Rodríguez Colmenero, A, Ferrer Sierra, S e Álvarez Asorey, R.D.- *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do Noroeste Hispano*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2004, p.400.



*Selo da unidade militar de Aquis Querquennis. CIII*

*fectus, Gaius Antonius Aquilus Novaugustanus*, facendo un pacto de hospitalidade cos coelernos habitantes da comarca veciña de Celanova ou da *Cohors I Galica Civium Romanorum* por aparecer nun epígrafe que se conserva na igrexa parroquial de Rairiz da Veiga a pouca distancia do complexo arqueolóxico de *Aquis Querquennis*. Pero foi na campaña de escavacións arqueolóxicas realizadas no ano 2005 cando, por primeira vez, aparece un selo de carácter militar estampado nun anaco de tella, aínda que incompleto, resulta extremadamente clarificador, podéndose apreciar con nitidez as letras CIII que veñen a complementar as sospeitas detectadas con anterioridade nun ladrillo coas mesmas letras pero esta vez feitas cos dedos no barro fresco, así pois, estamos convencidos que o destacamento militar que ocupou as instalacións de *Aquis Querquennis* foi a *Cohors III*,

unha das dez cohortes que compoñían a *Legio VII Gemina* asentada na actual cidade de León. Estas instalacións son abandonadas de modo pacífico nos primeiros anos do reinado do emperador Adriano collendo, esta unidade, novo rumbo e misión para outro destino, que segundo recentes investigacións, sería o forte de Pomet Hill en *Porolissum*, na fronteira NW da *Dacia* na actual Romanía<sup>9</sup>.

9. C.H. Opreanu.- *Corrigenda Porolissensia (I)*. *Cohors III la Porolissum*. *Acta Musei Porolissensis*, 35, 2013, p. 177-189. *A detachment of Legio VII Gemina Felix at Porolissum. When and why? DACIA*. *Revue d'archéologie et d'histoire ancienne*, LIX, 2015, p. 299-388. Vega Avelaira, T.- *Aquae Querquennae (Porto Quintala, Ourense, España): un campamento romano en el NW de Hispania*. *EPHEMERIS NAPOCENSIS*, XXV, 2015, p. 43-81.



Mapa xeral de situación

# Parque Arqueolóxico


do

## *Monte Grande*



**David Pérez López**  
Arqueólogo  
**Celso Hugo Barba Seara**  
Arqueólogo

### **1. Situación e marco xeográfico**

 Parque Arqueolóxico do Monte Grande, sitúase dentro dos límites do concello de Bande, na portela natural das Terras da Celanova ás Terras do Xurés ao través do Alto do Vieiro. Todo este cordal montañoso que forma a divisoria de augas entre o territorio que forman o Val do Limia e o curso medio do Arnoia, coñécese como a Serra de Bande, Monte Grande ou Arnedo. Un monte cunha gran riqueza patrimonial que se prestou para a creación do espazo cultural e arqueolóxico do Monte Grande.

Presenta unha salientable variedade xeográfica entre a zona norte e a zona sur, cunha clara diferenza de aproveitamentos: a primeira delimitada pola propia serra do Arnedo, con altitudes que superan os 1.000 metros, e a segunda con penden-

tes moderadas que se distribúen ao carón das veigas do río Limia. Con respecto á primeira, o Monte Grande sitúase no centro do anfiteatro que forma coa Serra do Leboreiro e a Serra de San Tomé, ocupando a zona alta do territorio; en canto á segunda, os terreos suavízanse formando veigas e pequenos cordais montañosos.

A liña de cumios do parque arqueolóxico traza unha divisoria das augas de terceira orde: Penedos de Montería (958 m), Lama Morta (1.024 m), O Arando (1.053 m), Coto da Fonte Santa (1.088 m) e Os Penediños (992 m) que separan pequenos regatos que alimentan aos ríos Limia e Arnoia; destacando como fontes principais As Regueiras, Regato de Carpezás, Regato de Lamas e Corga das Velas.

A área de información estableceuse nunha parcela situada ao pé da estrada OU-540 e a menos de 2 kms da


vila de Bande. Nela, aproveitouse para crear un espazo didáctico e artístico, no que se colocaron diferentes esculturas con temáticas asociadas ás visións dos artistas da evolución histórica do territorio; plasmados nos máis distintos soportes (pedra, vellas cañotas de castiñeiro, aceiro corten...), realizadas polo escultor Toño Monteiro e o canteiro Diego Currás. Dende este sitio interconectáronse todos os puntos de interese do parque arqueolóxico, a partires do que se poden acometer roteiros a pé, en bicicleta, a cabalo ou en todoterreo.

### **2. Descrición**

A área de implantación do parque, distribúese entre os 800 e os 1.100 metros sobre o nivel do mar, comprendendo unha ampla franxa de territorio disposto entre as aldeas das parroquia de San Pedro de Bande, San Pedro de Carpezás e San Pedro Fiz de Vilar.



*Esculturas situadas na área de información*



*Principais elementos do parque arqueolóxico*

Os abundantes xacementos arqueolóxicos espállanse entre as diferentes lomas e outeiros dun monte de gran variedade silvícola; con masas forestais de pino silvestre e pinaster, carballeiras e bidueirais de gran valor ecolóxico. O monte está totalmente vertebrado por pistas forestais creadas a partires das grandes reforestacións realizadas durante a época franquista, as cales se implantaron obrigatoriamente, prohibíndolle aos propietarios os usos tradicionais do monte e sancionándoos se lles escapaba o gando para a foresta.

Os restos arqueolóxicos distribuídos por toda a extensión da serra e perfectamente adaptados á paisaxe, concréntanse en xacementos que abranguen un longo período de tempo que vai dende a Prehistoria até a Idade Media; destacando necrópoles megalíticas, petróglifos, castros e foxos do lobo. Os máis representativos están integrados no Parque Arqueolóxico; concretamente as mámoas das Terras Brancas, as mámoas do Arando, a mámoa do Vieiro, as mámoas e petróglifos da Fonte Santa, os petróglifos do Arieiro e o foxo do lobo das Covateiras.

As mámoas das Terras Brancas alíñanse nun grupo de tres, nunha pequena chaira de montaña; todas con cámara funeraria poligonal, destacando unha delas polo seu espectacular tamaño.

As mámoas do Arando, distribúense igualmente nunha chaira a 1.000 metros de altitude entre os altos do Arando e a Fontesanta, dentro dun magnífico entorno forestal; forman parte dunha necrópole megalítica máis ampla chamada Penamá.






*Mámoas das Terras Brancas*

As tres posúen cámara funeraria e fican integradas no entorno elevándose sobre a paisaxe circundante.

A necrópole da Fontesanta está formada por sete mámoas repartidas seguindo a divisoria do Alto da Fontesanta, aliñadas na paisaxe en dirección leste-oeste. Compléméntanse cunha pequena estación de arte rupestre no punto máis alto; con coviñas petrografadas sobre un afloramento granítico de gran tamaño.



*Petróglifos do Monte Arieiro*

A mámoa do Vieiro sitúase ao pé da Estrada OU-540, na vertente oeste do monte cara ao regato de Bande. A ubicación é axeitada para unha mámoa de portela, á beira dun paso histórico entre dife-



*Foxo do lobo das Covateiras*

rentes comarcas. É a mámoa ideal para servir no futuro, coa súa escavación, como referente explicativo para o megalitismo integrado no parque arqueolóxico.

Os petróglifos do Monte Arieiro, sitúanse na vertente sur do Monte Grande, sobre afloramentos rochosos de diversa índole, formando unha grande estación de arte rupestre onde están representados gran variedade de motivos artísticos: dende espirais, círculos concéntricos, coviñas e grandes composicións abstractas.

O foxo do lobo das Covateiras, construíuse na zona leste do Monte Grande, no paso natural do lobo entre o monte e as aldeas de media

montaña para conter e frear a presenza do lobo no ámbito de acción dos rabaños de gando. Trátase dunha trampa monumental de grandes dimensións, formada por catro paredes de pedra que superaban os 2 metros de altura, distribuídas polas ladeiras da montaña e converxendo nun profundo pozo central.

Todo esta variedade patrimonial representa unha gran riqueza cultural para o Monte Grande, un legado ancestral que os comuneiros teñen o deber de preservar e transmitir intacto ás xeracións futuras; por iso se acometeu a implantación deste parque coa finalidade de conservar, dinamizar e difundir o patrimonio arqueolóxico da Serra do Arnedo.

### **3. Fundamentos**

A creación dun Parque Arqueolóxico na Serra de Bande, obedeceu a unha iniciativa innovadora na que se conxugaron os elementos precisos para a súa posta en marcha, tanto pola existencia dun rico patrimonio cultural como pola iniciativa comuneira para poñelo en valor. Un proxecto non produtivo que ten como obxectivo contribuír á dinamización dunha comarca deprimida como é a Baixa Limia, ao través da recuperación do seu legado cultural.

Consideramos que recuperando o Patrimonio Arqueolóxico do Monte Grande, se lle incrementa o seu atractivo turístico e engádese-



*Penedo do Arando: Substrato granítico típico do Monte Grande*

lle ao xa alto valor forestal e natural. A súa posta en valor fomenta, do mesmo xeito, o coñecemento, o valor educativo e científico do monte, contribuíndo a unha xestión máis sustentable do territorio e a unha valoración integral e sostible dos seus recursos endóxenos. Mesmo podería chegar a xerar riqueza na comarca, incidindo na conservación do entorno rural, aumentando o valor de recreo público do monte, recuperando o patrimonio cultural abandonado e transmitíndoo ás futuras xeracións.

O impacto na estabilidade ecolóxica do medio foi mínima, dado que para realizar os traballos de arrastre da madeira que ateigaba as mámoas, empregouse tracción animal como ferramenta de traballo innovadora. Sentando un precedente para realizar os traballos

nas zonas delicadas polo seu valor natural e patrimonial, co emprego da tracción animal como unha fonte válida de enerxía; incidindo na preservación do medio, na redución de emisión de carbono á atmosfera e no menor consumo de recursos non renovables. Tamén se acometeron traballos de silvicultura, facendo unha selección de abrochos e podas nas carballeiras, provocando que no entorno das mámoas se rexenere o bosque autóctono en detrimento da masa de repoboación forestal artificial; en definitiva, abordouse o acondicionamento cultural dun espazo natural.

#### **4. O Substrato xeolóxico**

Este substrato considérase moi importante porque acostuma formar parte dos túmulos funerarios megalí-

ticos, ben sexa na cámara, na masa tumular, na coiraza ou no anel lítico; estando moitas veces os monumentos ben preto de grandes afloramentos rochosos. Na área de estudo do parque arqueolóxico hai dúas zonas xeolóxicas moi diferenciadas:

Por un lado a que pertence a Bande e Vereia, que xeoloxicamente califícase como *granitoide inhomoxéneo*, serie de rochas graníticas prehercínicas, que dentro do grupo das sincinemáticas pertence ao de granitos peralumínicos de dúas micas e moscovíticos.

E pola outra banda a que corresponde a Rairiz de Veiga, cun substrato xeolóxico do Precámbrico-Ordovícico composto por xistos feldespáticos paragneises e metevulcanitas.



As carballeiras desenvólvense perfectamente nos chans do Monte Grande

Hai tamén diferentes clases de Betas, unha que pertence ás filonianas, máis concretamente de seixo; outra con boa presenza dentro da serie de rochas graníticas hercínicas é a de granitos de dúas micas moderadamente leucocráticos, das sincinemáticas (granitos peraluminicos de dúas micas e moscovíticos).

Existen alén disto, nestas dúas áreas, pequenas betas xeolóxicas que paga a pena mencionar:

Pizarras grises, chamadas *Capas de Seceda*, que veñen do Devónico Inferior.

Traquitas do dominio xistoso Galicia-Tras-Os-Montes do Devónico.

Ortogneises, do mesmo dominio que as traquitas.

## 5. Climatoloxía

A climatoloxía desta zona é un tema de controversia, xa que hai autores que a califican con rasgos típicos do Mediterráneo e outros do Océánico. Seguindo o *Mapa de Cultivos y Aprovechamientos de la Provincia de Ourense*, do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, califica a área de estudo como unha zona a cabalo entre un Clima Mediterráneo Morno e un clima Mediterráneo Marítimo Fresco.

Os principais cultivos que se poden dar con estes dous tipos de clima son:

Cereais de grao: trigo, avea, centeo e cebada.

Leguminosas: lentellas, garbanzos, guisantes, xudías, etc.

Cultivos industriais: sobre todo liño.


Cereais forraxeiros de inverno: cabazo, col e remolacha.

Hortalizas: allo, acelga, leituga, etc.

Frutais: avelaira, castiñeiro, marmeleiro, ameixeiro, etc.

En contraposición a esta caracterización, o profesor Pérez Alberti, na *Xeografía de Galicia* (1982), amosa o val do Limia cun Clima Océánico Continental con rasgos mediterráneos; con invernos fríos e veráns quentes, con moitas xeadas nos meses fríos. A temperatura media oscila entre os 12 e os 14 grados centígrados, e a precipitación media anual é de 900 mm.

Pola súa banda, a profesora Elena de Uña ("As paisaxes da Limia. Medio Natural e transformacións antrópicas". Cuadernos Culturais do Limia, *Lethes* 1, páx. 32) define den-



Ilustracións do proceso de construción e uso dun túmulo megalítico por Diego Reboredo Prado

tro do val do Limia áreas climáticas ben diferenciadas:

As zonas altas con veráns frescos e invernos moi rigurosos, con precipitacións anuais que poderían chegar aos 1.400 mm (isto corresponde á nosa área de estudo).

As zonas máis baixas teñen veráns máis cálidos e precipitacións anuais ao redor dos 800 mm. A variabilidade climática segundo a profesora citada, relaciónase coa altimetría e a orientación das ladeiras:

- nos vales presenta un réxime subhúmido frío
- nas montañas un réxime hiperhúmido frío.

## 6. Edafoloxía

As distintas clases de solos fórmanse pola actuación conxunta dos dife-

rentes factores ecolóxicos: hidroloxía, climatoloxía e xeoloxía. Un tipo de chan moi abundante nesta serra que separa a zona de Bande da Limia é o *Protorranker*. As características fisiográficas da zona, non permitiron máis que a formación de litosolos cun magro horizonte pedregoso e pouca materia orgánica; atópase nos cumios e nos espazos de maiores pedentes da serra.

Outro dos tipos de chan son os *Ranker*, que se establecen nas ladeiras dos montes. A variante máis estendida é a que pertence ao tipo *Ranker Pardo*, que se particulariza por ter un horizonte A úmbrico, rico en materia orgánica e unha porcentaxe baixa de saturación por bases. Dedicase normalmente a monte, con matorral ou repoboación. De xeito que a pendente da ladeira diminúe, vai aumentando o horizonte B, facéndose cámbrico e convertendo ao chan gradualmente nunha terra parda.

En menor medida aparecen chans *Ranker gris distrófico*, cun horizonte de lavado AC moi ácido, que se asenta directamente sobre a rocha compacta. Coincide cun clima frío e húmido, frecuentemente con vexetación de uceiras.

## 7. Marco Patrimonial

Guiándonos polos achados arqueolóxicos, constátase que a zona do Parque Arqueolóxico estivo poboada xa no Neolítico, como denotan os monumentos megalíticos referenciados, tanto no Monte Grande como nas serranías circundantes. Todas estas construcións tumulares representan a pegada que as sociedades de cazadores e recolectores do Neolítico tiveron sobre estas terras, deixando os vestixios do seu culto á morte, as súas crenzas e rituais. Os principais condicionantes físicos do seu hábitat, danse perfectamente neste emprazamento:

- Cercanía dos recursos hídricos.
- Planaltos con terras poucos profundas e doadas de traballar con ferramentas rudimentarias.
- Abundante madeira para servizo dos poboados.
- Grande presenza de afloramentos rochosos.
- Espazos de gran potencialidade cinexética.

Seguindo co devir histórico deste territorio, denótase a presenza de comunidades humanas na Idade do Cobre e do Bronce Atlántico que deixaron as súas gravuras en pedra, coma no caso dos petróglifos do Monte Arieiro. Testemuñas complementadas con multitude de xacementos nas veiga do Limia e aflúntes, onde se localiza en superficie unha gran cantidade de cerámica Campaniforme e tipo Penha.

Cara a finais da Idade do Bronce Atlántico, por volta dos inicios do 1º milenio a.n.e, comezará a reorganizarse progresivamente o territorio, co retroceso dos poboados de veiga e a ocupación de outeiros con boa visibilidade e boas condicións defensivas, incrementadas con murallas e foxos. Son os comezos da Cultura Galaica co castro como núcleo principal de vivenda e un territorio de acción ao seu redor, onde desenvolver as actividades inherentes á súa subsistencia. No entorno do Parque Arqueolóxico temos os exemplos do castro do Ribeiro e o castro de Sarreaus.

Coa chegada dos romanos á *Gallaecia*, cambia radicalmente o modelo de explotación do territorio ao pasar a ser tributarios dun grande imperio; tendo moita incidencia nesta comarca, coa construción da *Vía Nova* ou *Vía XVIII* que

unía *Bracara* con *Asturica* pasando polo Campamento Militar Romano de *Aquis Querquernis*. Tanto esta vía coma outra vía de comunicación secundaria que pasa polo Alto do Vieiro, circunvalan a área de implantación do Parque Arqueolóxico, dando conta do elevado trafelgo de viaxeiros que circulaban pola comarca.

Dese xeito, fóronse despoboando progresivamente os poboados fortificados, aparecendo novos modelos de asentamento, as *villae* e os *vici*, en vales abertos e orientados á produción agropecuaria. As pequenas aldeas derivadas do novo modelo de organización territorial, establecido ao abeiro do modelo parroquial suevo, foron ocupando o espazo de produción deixado polos castros. A estas aldeas, ademais do rico patrimonio etnográfico que atesou-ran, está vencellado o foxo do lobo das Covateiras, construído na Idade Media para protexer a cabana gandeira comunitaria, reducindo a presenza de lobo no monte.

## 8. O Foxo do Lobo das Covateiras

O contexto histórico no que se integra o foxo do lobo das Covateiras, está relacionado coa elevada presenza de ruínas de monumentais construcións pétreas para a caza do lobo no noroeste peninsular. Galicia, xunto co norte de Portugal, concentran o maior número de trampas, circunscibíndose unha área de elevadísima intensidade ao longo de toda a *Raia Seca*, dende Melgaço até Lubián. As Serras do Xurés-Gerês, Peneda, Leboreiro, Súido, Courel e Ancares como mostra do Noroeste, dinnos que dende a Idade Media

existiu unha *cultura do lobo*, plasmanda sobre o terreo en numerosos foxos do lobo.

As referencias textuais do Fenómeno Foxo danse dende a Baixa Idade Media, cando aparecen os primeiros documentos escritos. Nas actas de vendas dos mosteiros, nas inquiricións portuguesas, nos tombos, nas escrituras de doacións do realengo, na *Historia da Igrexa Compostelana* e en todo tipo de documentos medievais.

Os modelos de foxo máis representativos que se constrúen son catro: o simple, o circular ou de *cabrita*, o de converxencia e en forma de cruz. Co paso do tempo, axentes naturais e antrópicos incidiron na conservación destes monumentos, e así moitos deles chegan a nós en estado ruinoso ou moi deteriorados, agás excepcións.

O foxo simple consistía nun buraco de ao redor de cinco metros de diámetro e certa profundidade, cos bordes das paredes recubertos con cachotería irregular nalgún caso, e noutros, simplemente eran de terra. Logo tapábase o buraco con xestas e pólas, de xeito que pasase desapercibido para o lobo e caese na trampa.

O foxo circular ou de *cabrita* é unha construción circular pétreo, con diámetros entre 50 e 80 m e máis de 2 de altura, de cachotería irregular coas paredes coroadas con lousas planas que sobresaen cara o interior, chamadas *tapias* ou *capeas*, coa función de impedir a saída do lobo do interior do recinto. O engano consistía en colocar unha cabra ferida ou esfameada (máis raramente unha ovella ou un can) para



*Foxo circular ou de cabrita da Serra do Xurés (Guende, Lovios)*



*Imaxe aérea do Foxo do lobo das Covateiras*



*Retirada da madeira das mámoas con tracción animal*

que berrase, aproveitando unha elevación natural no interior do foxo. Este era o reclamo para o lobo que, atraído polos berros entraba no interior do recinto que soía ser máis profundo. Abocada a presa, o depredador xa non podía fuxir, porque zoupaba contra as tapias que coroaban os muros. Á mañá seguinte era axustizado polos veciños, e retirado por un buraco cunha reixa na parte inferior da parede; ou amordazado para poder pasealo pola aldeas da contorna sufrindo todo tipo de humillacións. Estes foxos, a diferenza dos converxentes, sitúanse en áreas próximas ás aldeas, nalgunha pequena portela ou paso natural do lobo.

Os foxos de converxencia, están formados por longos muros a base de mampostería irregular en seco

dispostos liñalmente, abrangendo xeralmente as dúas vertentes dunha vaguada e nalgún caso, algunha das paredes laterais abrangue dúas ou máis vaguadas. As paredes vanse estreitando regularmente ladeira abaixo, tipo funil, para rematar nun pasadizo estreito que emboca nunha construción circular de reducido diámetro (ao redor de 4 metros), e fondo variable, cunha pequena porta a ras de chan para retirar á vítima. O aparello empregado alérganase, entre ciclópeo na parte baixa e cachotería irregular na superior. O buraco acostuma presentar un aparello máis concertado e unha mellor colocación. Os muros laterais son altos, máis de dous metros e paredes grosas, coroados con lousas planas, chamadas tapias ou capeas, que sobresaían cara dentro, dificultando o intento de fuga da presa. Neste

modelo insírese o foxo do lobo das Covateiras, coa singularidade que presenta a converxencia de 4 paredes, abrangendo todas as vaguadas para a batida do lobo, o que sería un Foxo de Cruz.

## **9. O modelo de Tracción animal**

A continuación descríbese o modelo de acción da tracción animal aplicado aos xacementos arqueolóxicos do Arando e das Terras Brancas, como unha fonte válida de enerxía, e como alternativa complementaria á tracción motorizada. A necesidade de preservar o medio, de reducir as emisións de carbono, de estimular a autosuficiencia e reducir o consumo de recursos non renovables contribuíu tamén para esta tendencia.



Con esta proposta de acción, pretendeuse:

- A retirada de árbores (*Pinus silvestris*) que se atopaban sobre as áreas de protección das Mámoas do Arando e Mámoas das Terras Brancas.
- Contribuír para un modelo de xestión baseado na sustentabilidade económica e o respecto ao entorno: patrimonio, solo e auga.
- Minimizar o impacto en áreas de especial interese e sensibilidade patrimonial e medioambiental.

## BIBLIOGRAFÍA


- ALONSO MATTHÍAS, F., BELLO DIEGUEZ, J. M., "Cronología y periodización del fenómeno megalítico en Galicia a la luz de las dataciones por carbono 14", *O Neolítico atlántico e as orixes do Megalitismo* (Antón Rodríguez Casal ed.), 1997, páxs. 507-520.
- BELLO DIEGUEZ, J. M., CRIADO BOADO, F., VÁZQUEZ VARELA, J. M., "Medio físico y sociedades megalíticas. Aproximación a los problemas constructivos de los megalitos en el NW peninsular", *Gallaecia* 7/8, 1984, páxs. 31-56.
- CRIADO BOADO, F., "Asentamiento megalítico y asentamiento castreño: una propuesta de síntesis", *Gallaecia* 11, 1989, páxs. 109-137.
- DE UÑA ÁLVAREZ, E., "As paisaxes da Limia, medio natural e transformacións antrópicas", *Lethes* 1, 1999, páxs. 32-44.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. e GIL SOTRES, F. *Capacidad productiva de los suelos de Galicia*, Mapa 1:200000, Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, TORRAS TRONCOSO, VÁZQUEZ VARELA, "Sobre el comienzo de la agricultura en Galicia", *Gallaecia* 6, 1984.
- EGUILETA FRANCO, J. M., *A Baixa Limia galega na prehistoria recente. Arqueoloxía dunha paisaxe na Galicia interior*. Deputación Provincial de Ourense, 1999.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., "Cronología y periodización del megalitismo en Galicia y norte de Portugal", *Espacio, tiempo y forma*, serie 1 Prehistoria y Arqueología, Tomo 1, 1998, páxs. 279-291.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., RAMIL REGO, P., "La adopción de la economía productora en el noroeste ibérico", *O Neolítico atlántico e as orixes do Megalitismo* (Antón Rodríguez Casal ed.), 1997, páxs. 463-484.
- FILGUEIRA REY, A., RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, T., "Túmulos y petroglifos. La construcción de un espacio funerario. Aproximación a sus implicaciones simbólicas. Estudio en la Galicia centro oriental: Samos y Sarria". *Espacio tiempo y forma, Serie I, Prehist. e Arqueol.*, Tomo 7, 1994, páxs. 211-253.
- GORDON CHILDE, "La revolución neolítica. Los orígenes de la civilización". Ed. Revolucionaria, La Habana, 1967, páxs. 81-136.
- LAMAS BÉRTOLO, J., *Cemitérios esquecidos. O fenómeno tumulario na comarca do Arenteiro*. Diputación de Ourense, 2016.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F., "A idade megalítica", *Historia de Galicia* III (Prehistoria), dir. OTERO PEDRAYO, R., Buenos Aires, 1952.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., *Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza*, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos-II-1929, sezón de prehistoria.
- PÉREZ LÓPEZ, D., *Os Foxos do Lobo. A caza do lobo na Cultura Popular*. Ed. Canela, 2010.
- RODRÍGUEZ CASAL, A., "Neolitización e Megalitismo en Galicia", *O Neolítico atlántico e as orixes do Megalitismo* (Antón Rodríguez Casal ed.), 1997, páxs. 447-462.

Ola, está vostede na  
Foto: está usted en la  
Foto: are you in the

## ÁREA ARQUEOLÓXICA



## ESTACIÓN DE ARTE RUPESTRE DAS PISADIÑAS



A estación de arte rupestre das Pisadiñas está formada por dous afloramentos rochosos de natureza calcárea, moi ben desenvolvidos no entorno, todos con gravados epigráficos distribuídos pola súa cara oeste do monte Lasteiro, situada cara o sur de Laza, entre os 700 e os 800 m de altitude.

O conxunto de estación ten unha total conformación xeroglífica entre os rochais, caracterizada, na que en moitos períodos de tempo, se poden ver as súas formas e contornos, os motivos gravados na rocha están a "Fenda das Pisadiñas", unhas e

moitas ledéras. Tamén se evidencian unha coherencia cronolóxica entre eles, probablemente gravados en varias etapas desde o Bronce até o século XVIII. Os gravados que destacan e se "organizan" en dous bloques, forman un significado de carácter ritual, cun espazo conche simbólico máxico-religioso.

Os motivos gravados son pedometrías, que no século de ouro toma a forma de "V" invertida, que se repite (fronte), "T" invertida, "U" invertida, "V" invertida, "W" invertida, "X" invertida, "Y" invertida, "Z" invertida e "O" invertida, ademais de "O" invertida e "X" invertida de cariz máis de distintos formatos.

conforme amosadas no conxunto. Estas son as "Áreas Epigráficas do Neolítico-Paleolítico", que se evidencian sobre todo pola presenza de "Cruzetas" e "Montes de Peneda", onde a Estación de Arte Antiquaria de Laza e o conche, frecuenta.

Tamén existe nesta zona arqueolóxica, na súa parte occidental do monte, unha zona romana de explotación de ouro do "I" século, formada por pedras, cerzas e canas de ouro, na que se atopan a presenza do "Monte", formado pola descomposición do ouro, que se atopa, do que se obtivo un 2000 anos pasado máis.



[daspisadiñas.blogspot.com](http://daspisadiñas.blogspot.com)

### RECOMENDACIONES DE USO:



WALKING  
Caminar por el sendero



KNEELING  
Rodarse por el suelo



STANDING  
Parar



SITTING  
Sentarse

## Comunidade de Montes de Laza, Cimadevila e Souteliño

# A ESTACIÓN DE ARTE RUPESTRE DAS PISADIÑAS



(LAZA, OURENSE):

## a súa interpretación e valorización



### Nieves Amado Rolán

Arqueóloga profesional. Forma parte do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antiquidade e Territorio (GEAT) da Universidade de Vigo, como colaboradora. Forma parte da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega.

No ano 2018 a CMVMC de Laza, Cimadevila e Souteliño (parroquia de San Xoán de Laza), decidiu promover, contando coa miña asesoría arqueolóxica, un proxecto de sinalización e valorización da Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, situada nunha ladeira ao norte da vila de Laza e moi perto dela, no monte Lastredo; é unha ladeira de solos pobres e multitude de afloramentos rochosos de pizarra, chamados aquí “lastras”, de aí o seu topónimo Lastredo. O conxunto de sete petróglifos e unha mina de ouro romana na mesma ladeira, ben comunicada por pistas forestais, de propiedade veciñal, ben conservados os bens, catalogados na DXPC da Xunta de Galicia con categoría xenérica de BIC, xa era coñecida e valorada desde “sempre” polos veciños de Laza, formando parte do mundo simbólico-identitario de crenzas e lendas da comunidade, así como de outros axentes culturais da comarca de Monterrei.



A visibilidade dos petróglifos era nesa data moi reducida, xa que o monte Lastredo estaba totalmente repoboado con piñeiros. Polo tanto as intervencións arqueolóxicas planificáronse en dúas fases: unha primeira no ano 2018, de limpeza e tala controlada dos piñeiros da ladeira onde se localizan os gravados, e unha segunda de sinalización, interpretación e divulgación, rematada a finais do ano 2020.

Na tala controlada arqueolóxicamente, liberouse o entorno dos petróglifos de piñeiros que tapaban totalmente a vista orixinal dos mesmos cara o val de Laza-val do Tâmega, e que tamén os facían invisibles dentro da ladeira. Foi unha revalorización moi importante non só polo enorme cambio no campo visual, senón porque se liberaron os afloramentos con gravados de posibles danos por incendios.



*Situación da  
Peneda das  
Pisadiñas antes  
e despois da  
intervención da  
tala controlada de  
piñeiros*



Na segunda fase de sinalización e interpretación<sup>1</sup>, actualmente executada, definiuse a rota máis curta de acceso desde o principio da vila de Laza<sup>2</sup>, deseñáronse os paneis interpretativos, o logo da estación, os postes de sinalización da rota e dos xacementos arqueolóxicos, un díptico de divulgación

coa información máis importante en varios idiomas e unha páxina web<sup>3</sup>. O criterio desta segunda fase foi o de “mínima intervención” no entorno dos xacementos, colocando tan só un panel vertical de información xeral ao comezo da área arqueolóxica con situación dos elementos, un panel interpretativo ho-

1. Para a fase de deseño gráfico e dixital, agradecemos a colaboración de Antonio Mota Mogrobejo, enxeñeiro forestal da CMVMC de Laza, Cimadevila e Souteliño.

2. Na sinalización da rota, contouse coa colaboración do concello de Laza, que xestionou e aportou a sinaléctica normativa para a parte da rota en solo urbano, desde a entrada da vila de Laza, vindo desde Verín, ata o comezo dos terreos propios da CMVMC de Laza, Cimadevila e Souteliño.

3. <http://daspisadinhas.blogspot.com/>

rizontal no petróglifo principal “Peneda das Pisadiñas”, e postes de madeira co logo da estación e frechas de dirección, nos cruces de pistas ao longo da rota e na localización dos petróglifos.

#### ANTECEDENTES ARQUEOLÓXICOS

Os petróglifos que conforman a Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, máis a mina romana de ouro do Regueiro da Boca, foron recoñecidos e catalogados en diferentes etapas.

-O petróglifo principal, A Peneda das Pisadiñas, coñecido desde sempre en Laza, foi catalogado pola arqueóloga que subscribe en 1991, baixo o “Proxecto de Catalogación e Delimitación Planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Laza”. Desde esa data ten o código da DXPC GA32039001. Ata o momento é o único contemplado no PXOM de Laza.

-Os petróglifos Pisadiñas 2 e Pisadiñas 3, foron recoñecidos e catalogados en 2013-14 baixo o marco do Proxecto Alto Támega da UVIGO xunto coa AC Alto Támega de Laza. No ano 2018 foron revisados e confirmados, no marco do proxecto de “Xeolocalización de Xacementos Arqueolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia” pola arqueóloga que subscribe. Teñen os códigos definitivos da DXPC, GA32039039 e GA32039040, respectivamente.

-Os petróglifos Lastredo 1, 2, 3 e 4, e a mina romana do Regueiro da Boca, foron recoñecidos e catalogados no marco do proxecto levado a cabo pola arqueóloga que subscribe “Control arqueolóxico de tala na CMVMC de Laza, Cimadevila e Souteliño, no entorno da Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, no monte Lastredo de Laza”. Estes xacementos teñen os códigos definitivos da DXPC, GA32039034, GA32039035, GA32039036, GA32039037, GA32039038, respectivamente<sup>4</sup>.



#### TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

Nos anos 2013 e 2014 levouse a cabo un proxecto de investigación sobre a Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas, así como de outros xacementos da comarca de Monterrei: “O proxecto Alto Támega: Accións na Paisaxe Patrimonial”. Naceu como resultado dos contactos previos realizados co tecido asociativo cultural da comarca, especialmente a Asociación Cultural Alto Támega e a Sociedade Antropolóxica Galega, así como distintos axentes preocupados pola xestión do seu patrimonio. Deste xeito foi creado un marco de colaboración para o desenvolvemento dun proxecto interdisciplinar integrado por profesionais e estudantes en prácticas formativas vinculados á universidade de Vigo, xunto coa participación integrada dos colectivos e axentes mencionados<sup>5</sup>.

Elixíronse catro temáticas que permitían facer visibles algúns dos potenciais e principais recursos patrimoniais, e que se materializaron en catro accións concretas:

O estudo, rexistro e posta en valor de dous petróglifos: o Penedo das Pisadiñas (Laza) e o dado a coñecer co nome de Covas Rubias (Vences, Monterrei), exemplos que permitían resaltar a importancia dos conxuntos de arte rupestre do interior de Galicia fronte aos mellor coñecidos das áreas costeiras, así como potencial dos mesmos.

4. Os petróglifos das Pisadiñas 2 e 3 e os do Lastredo 1, 2, 3, 4 foron localizados antes do 2013 por Héctor Salgado de Laza, membro da AC Alto Támega.

5. O equipo da Universidade de Vigo o compoñían Beatriz Comendador Rey, Elena de Uña Álvarez, Beatriz Vaquero Díaz e Félix González Insua, que dirixiu a intervención de campo, do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEEAT), coa colaboración da restauradora-conservadora Iria Sinde. Pola parte de Asociación Cultural Alto Támega o traballo foi encabezado por Nieves Amado, Héctor Salgado e Diana García, así como por Miguel Losada por parte da Sociedade Antropolóxica Galega.

A revisión e estudo territorial dos xacementos da Prehistoria Recente do val do río Támea (concellos de Laza, Castrelo do Val, Monterrei, Verín, Oímbra e Cualedro).

Unha primeira aproximación ao estudo do patrimonio industrial xeolóxico e mineiro da zona, especialmente referido aos conxuntos relacionados coa minería do estaño-wolframio de Arcucelos e Vilameá (Laza).

A proxección destes recursos patrimoniais mediante accións de dinamización social e cultural en colaboración con diversas asociacións e entidades, que permitían mostrar a importancia dos recursos humanos e axentes dispostos a traballar polo seu patrimonio<sup>6</sup>.



*Mina romana de Regueiro de Boca*

#### **DESCRIPCIÓN DA ESTACIÓN DE ARTE RUPESTRE**

A Estación de Arte Rupestre das Pisadiñas está formada por sete afloramentos rochosos de natureza xistosa, material predominante no entorno, todos con gravados antrópicos, distribuídos pola ladeira oeste do monte Lastredo, orientada cara o val de

Laza ou val do Támea, entre os 700 e os 800 m de altitude.

O conxunto da Estación ten unha total coherencia iconográfica entre os motivos insculturados, xa que en todos os penedos se repiten, aínda que en menor cantidade e variedade, os motivos gravados da rocha central, a “Peneda das Pisadiñas”, situada a media ladeira. Tamén se evidencia unha coherencia cronolóxica entre eles, posiblemente gravados en varias etapas, protohistóricas e históricas. Os gravados que delimitan e se “apropian” desta ladeira, terían un significado de espazo ritual cun especial contido simbólico máxico-relixioso e pode que tamén de “marca delimitadora territorial”.


Os motivos gravados son podomorfos, (pés, pisadas ou pasadas, de onde toma o topónimo), quiromorfos

(mans), ferraduras, cruciformes, símbolos fálicos (tesoiras), posibles zoomorfos, círculos e agrupacións de coviñas de distintos tamaños; conxunto encadrable no chamado Estilo ou Arte Esquemático do Noroeste Peninsular, que se estende sobre todo pola provincia de Ourense e o Norte de Portugal, onde o Estilo de Arte Atlántico da costa é menos frecuente.

Tamén existe nesta área arqueolóxica, na ladeira noroccidental do monte Lastredo, unha mina romana de explotación de ouro ao ar libre, polo sistema de zanzas-canais, que rematan no regueiro da Boca, no que posiblemente se lavou e procesou o substrato formado pola descomposición do cuarzo aurífero, do que se obtivo hai 2000 anos o prezado metal.

6. COMENDADOR REY, B., GONZÁLEZ INSUA, F.: *Proxecto Alto Támea: Accións na Paisaxe Patrimonial*. Preprint do volume dedicado a Proxectos INOU2013. Investigación aplicada na provincia de Ourense. Universidade de Vigo/Deputación de Ourense. Ourense, 2013. Inédito

Penedo das Pisadiñas (Laza) Paneis 1 e 2



Motivos do Petróglifos As Pisadiñas  
(Arte Esquemático Gravado)



*Pisadiñas 1, panel superior<sup>9</sup>*



*Pisadiñas 1 panel inclinado traballos para calco*

## **A PENEDA DAS PISADIÑAS 1**

A peneda das Pisadiñas está situada no centro da media ladeira, a 700 m de altitude, con orientación e dominio panorámico sobre o val de Laza. A peneda de pizarra, sobresaínte na paisaxe polo seu tamaño, conforma un abrigo natural cara o oeste. É o petróglifo central, o máis coñecido e monumental da Estación

de Arte Rupestre, o que lle da nome á zona –as Pisadiñas–, rodeada de outros seis petróglifos, todos situados desde o cumio do monte ata media ladeira.

Os gravados sitúanse na parte superior da rocha, distribuídos en tres paneis, acollendo unha gran cantidade de motivos: máis de 100 coviñas de distintos tamaños e agrupacións, ferraduras, podomorfos, quiromorfos, cruciformes, símbolos fálicos (coñecidos como tesoiras), e un motivo interpretado coma un zoomorfo esquemático<sup>7</sup>. A maior densidade de coviñas aparece na parte máis elevada dos paneis principais, mentres que a maior concentración de cruciformes, podomorfos, quiromorfos e ferraduras, sitúanse na parte inclinada oriental do panel principal, onde tamén se sitúa o zoomorfo bautizado coma “o cabaliño das Pisadiñas”, utilizado como símbolo da Estación de Arte Rupestre.

Lendas: Segundo a tradición oral, nesta peneda habitaban “os mouros”, seres míticos do imaxinario popular galego; ao loitar contra eles, Santiago deixou impresas as ferraduras do seu cabalo, lenda moi estendida na bisbarra de Monterrei. Outra lenda di que pola Peneda das Pisadiñas pasou a Virxe co Neno e San Xosé, na súa fuxida a Exipto, deixando gravadas as súas pisadas, as pegadas da burriña que os acompañaba, e os instrumentos de costura da Virxe: tesoiras, fío, agulla e dedal, lenda que se repite noutras estacións de petróglifos galaico-portugueses, con presenza de ferraduras e pegadas, pisadas ou pasadas<sup>8</sup>.

A peneda das Pisadiñas sempre foi coñecida e moi respectada no pobo de Laza, considerada coma un lugar sagrado: ata mediados do S. XX, facíanse rituais de limpeza da peneda e ofrendas de flores, oficiados polo cura da parroquia, con asistencia de mulleres que querían favorecer a súa fertilidade.

7. O gráfico cos motivos gravados das Pisadiñas está extraído do “Proxecto Alto Támea: Accións na Paisaxe Patrimonial” (Uvigo, 2013).

8. No Rosal, concello de Oímbra, na aba oeste do monte Ladairo, existiu unha peneda, hoxe destruída por unha graveira, “a Penediña da Nosa Señora”, asociada á lenda da fuxida a Exipto, que polas fotos antigas conservadas, tiña gravadas numerosas ferraduras, cruces, pegadas e outros símbolos. (Información e fotos de J. L. Arias, veciño do Rosal).

No norte de Portugal, no mesmo espazo xeográfico e cultural da bacía do Támea, e perto da “raia”, existen tres petróglifos coa mesma iconografía, topónimos e lendas: “as pegadas da Burrinha” perto de Vilar de Perdizes (Montalegre-Barroso), coa mesma lenda e con motivos de cruces simples, coviñas e ferraduras; “a Fraga das Passadas” en Bustelo, concello de Chaves, con podomorfos, ferraduras e coviñas, e coa mesma lenda asociada da fuga de Nosa Señora para Exipto; “as Passadas da Nossa Senhora” en Avarenta, concello de Valpaços, con pegadas e ferraduras e con lenda asociada ás pegadas do burro da Nosa Señora. (Fonte: Portal do Arqueólogo, Portugal)

9. Foto: <http://megaliticia.blogspot.com/2015/11/petroglifo-das-pisadinhas.html>



### As Pisadiñas 2


O petróglifo das Pisadiñas 2, atópase 125 m ao oeste-noroeste de Pisadiñas 1, na ruptura de pendente cara o regato Cáliz. Afloramento de pizarra de 9x3 m, con orientación N-S. Os gravados sitúanse na parte superior da rocha: tres ferraduras e cinco coviñas; sucesión de catro pequenas coviñas que puideron conformar unha posible ferradura; Unhas posibles tesoiras (símbolo fálico): dúas coviñas cun suco lineal no medio.

### As Pisadiñas 3


As Pisadiñas 3 atópase a 300 m de Pisadiñas 1, pegado á pista forestal, do lado esquerdo.

Afloramento de pizarra orientada NW-SE, de 5,50x4 m. A maioría dos gravados sitúanse sobre a rocha


más grande: catro ferraduras, unha cun apéndice superior; tres medias ferraduras; unhas tesoiras, dúas coviñas e un suco lineal; dúas coviñas e un suco lineal ou coviña aberta, que pode conformar outras tesoiras; unha posible ferradura; unhas posibles tesoiras pequenas: dúas cazoletas pequenas unidas e un pequeno suco lineal; dúas cazoletas na pedra máis ao W.



*Pisadiñas 2, traballos para calco  
(Proxecto Alto Tãmega)*



*Pisadiñas 3*



### LASTREDO 1

Os 4 petróglifos do Lastredo atópanse no cumio da ladeira da estación das Pisadiñas, co topónimo específico de Monte Lastredo. Estes catro pechan a ladeira polo NE, quedando os outros tres ladeira abaixo; forman parte da mesma estación, con gravados semellantes aos da rocha central e sobre o mesmo substrato rochoso de pizarra.



Lastredo 1 atópase a 570 m. ao norte-noreste de Pisadiñas 1. O petróglifo atópase nun afloramento de pizarra, moi perto do cumio, pero xa no inicio da ladeira do monte Lastredo que cae cara o Oeste, cara o val de Laza. Os gravados están no plano inclinado da rocha orientado cara o leste: ten, na parte central, unha ferradura aberta á esquerda, duns 10 cm de diámetro, moi uniforme e ben feita. Na parte norte da rocha ten catro símbolos fálicos, chamados en Laza “tixeiras”, moi irregulares en formas e tamaños polas mesmas irregularidades da rocha, e unha coviña entre eles.

### LASTREDO 2

Atópase a 60 m. cara o sur de Lastredo 1. Os gravados localízanse no plano inclinado da rocha orientado cara o leste: ten, no panel máis alto, no alto da rocha, 6 coviñas que varían de tamaño entre os 3 e os 8 cm. de diámetro. Catro delas están agrupadas no centro, tendo unha á esquerda e outra á dereita do conxunto central.




### LASTREDO 3

Atópase a 120 m. cara o sur de Lastredo 2. Os gravados localízanse no plano inclinado da rocha orientado cara o leste: ten dous motivos no panel inclinado cara o norte; unha ferradura aberta cara abaixo e un posible zoomorfo, formado por varias ferraduras unidas entre si e rematadas nunha coviña, esta figura ten uns 20 cm. de longo.



### LASTREDO 4

Atópase a 50 m. ao leste de Lastredo 3. Os gravados localízanse no plano inclinado da rocha orientado cara o leste: ten gravados dous motivos distintos en dous paneis situados a diferentes alturas. No panel da esquerda, máis alto, ten unha cruz latina cos brazos rematados en coviñas e unha coviña central, o que lle da aspecto de antropomorfo. No panel da dereita ten gravado un podomorfo bastante profundo.





*Fotografía aérea do Castro da Saceda*  
Autor: Mani Moretón

# O Castro de Saceda

(Cualedro)



Historiografía,  
caracterización  
e cronoloxía

Martiño Xosé Vázquez Mato

Arqueólogo Profesional en Xeitura S.Coop.Gal.  
e Investigador no Grupo de Estudos de Arqueoloxía,  
Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo

O xacemento castrexo recoñecido baixo os microtopónimos de *A Cidá*, *O Muro* e *Laxes* (López González *et al.* 2007) emprázase nun outeiro representado na cartografía baixo o nome de *O Carqueixal*, un topónimo que fai referencia ao uso e calidade do terreo na contemporaneidade (García Porral, 2010). Porén, a denominación máis coñecida na actualidade é a de **Castro da Saceda**. Un nome que nada ten que ver coa vinculación do castro como lugar con Salgueiros –*Salix*, *Salicetum*– do que semella derivar o topónimo de Saceda (Colmenero 1977: 182), senón pola difusión do lugar baixo tal nome outorgada tanto pola literatura científica (Carreño 1991; Ruibal 2005) como por outras obras cun fin máis divulgativo (Carballo 2005; Colmenero 1995; Dorribo *et al.* 2000).

O *Castro da Saceda* emprázase nun outeiro cónico sito sobre unha superficie de erosión (López González *et al.*, 2007) a 798 m no centro da penachaira que xorde inmediata aos pés da Serra do Larouco polo surlleste. Un fermoso val de montaña, conformado polas nacentes do Río Pichos, con pendentes sempre inferiores ao 10% que contrastan co encaixado do río principal na foz. Esta característica xunto coa súa localización no centro da penachaira, posibilita

tamén unha accesibilidade e visibilidade amplas e uniformes en tódalas direccións, aínda que máis concentradas ao mediodía.

## HISTORIOGRAFÍA

A primeira referencia documental sobre o xacemento arqueolóxico encontrada ata o momento (López González *et al.* 2007) figura no primeiro traballo de investigación publicado por Taboada Chivite no *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Orense* (Taboada Chivite, 1943-44). Con todo, o obxectivo deste autor non pasaba tanto por caracterizar o propio castro sito “*en Saceda al borde de la carretera de Cualedro a la Girona*” (*Ibid.*, 286), senón máis por contextualizar a contorna da súa área de estudo centrada no Castro de Medeiros. É por isto que Taboada non inclúe *A Cidá* da Saceda na súa cartografía e vaise cinguir unicamente a cívalo nunha numeración que, xunto con outros xacementos da contorna (*Casa da Mina*, *A Cidá de Grou...*), fundamenten a existencia dunha densa rede de poboamento castrexo no Alto Búbal e sírvalle de argumento para a identificar este territorio co que no seu día ocuparon os *Bíbalos*.

O erudito verinense, seguindo as pegadas de Fernández Guerra (1882) e ao contrario do que anteriormente defendía Flórez (1789), presenta neste traballo un alegato en prol da localización do *Forum Bibalorum* citado por Tolomeo nas “*laderas del naciente de la Sierra del Larouco y del Valle del Alto Búbal, en términos del Ayuntamiento transmontano de Montealegre y de los municipios de Cualedro y Oimbra*” (Taboada Chivite, 1943-44: 282). Unha liña interpretativa aínda aberta na actualidade e que foi ampliada por outros autores décadas máis tarde (Colmenero, 1977; Tranoy, 1981).

No ano 1953 seguindo as consignas establecidas polo CSIC na década dos 50 (Ayán, 2009: 172), o mesmo autor con idéntico discurso e obxectivos (1953A), citará de novo o xacemento da Saceda e os seus similares na Carta Arqueolóxica da comarca de Verín que presenta no III Congreso Nacional de Arqueoloxía de Galicia (1953B). Tempo máis tarde Rodríguez Colmenero o incluírá na súa tese de licenciatura primeiro (1971A), dentro dunha serie de traballos sobre o Alto Búbal (1971B), e na tese de doutoramento despois (1977), describindo o sitio como un “*castro sen vestixios de romanización, a diferencia do que acontece nas terras contiguas adicadas ao cultivo*” (*Ibid.*: 107) onde o propio autor localizaba numerosos poboados romanos (1983: 3), chegando a escavar un deles nos anos 1972 e 1973 -a *villa* romana de Santa Marta de Lucenza (1976)-.

Será precisamente esta hipótese da non romanización do xacemento castrexo a que implemente as primeiras campañas de escavación sistemática no inverno de 1982 e veráns de 1983 e 1984.

As intervencións arqueolóxicas dirixidas por Rodríguez Colmenero até 1984 centráronse esencialmente en dous sectores denominados por eles como:

- **SECTOR A:** recinto superior ou acrópole, onde descubriron unha importante área do seu cuadrante NO.
- **SECTOR B:** entrada máis setentrional do xacemento ou Porta Norte.

No ano 1985, e até a derradeira campaña de escavación nesta década no ano 1988, a dirección das in-

tervenções pasa a mans de Carreño (1985; 1986; 1991), quen vai completar a visión de conxunto do xacemento centrando as intervencións arqueolóxicas esencialmente no sector SO do recinto medio e a muralla asociada a este.

As intervencións practicadas no ano 1988 baixo a dirección de Carreño (1991) serían as últimas escavacións arqueolóxicas practicadas até a nosa chegada no ano 2015. Con todo, e malia a inexistencia de publicacións monográficas sobre o xacemento, as citas sobre o castro multiplicaríanse nas últimas décadas. Ben sexa en obras cun marcado carácter divulgativo (Carballo 2000; 2005; Colmenero 1995; Dorribo *et al.* 2000) ou como fundamento de obras de síntese sobre a Idade do Ferro do NO (Ruibal, 2006; Corral, 2009; Ayán, 2012).

A día de hoxe a proposta máis recente sobre o lugar parte do investigador Alfredo González Ruibal (2005). A única obra na que podemos albiscar un intento de interpretación dos datos aportados polas numerosas campañas de escavación no xacemento. Este autor contextualiza os últimos momentos de ocupación do castro dentro dun proceso de concentración de poboación e fortalecemento das xerarquías, visible tanto na configuración do propio poboado como dos materiais recuperados nas escavacións. Un proceso que se produce na súa opinión no sur da *Gallaecia* a mediados do s. II a.C. (*Ibid.*). Hipótese contraria á defendida por outros autores que ligan este proceso coa dominación romana (Fernández-Posse e Sánchez-Palencia, 1998).

Ruibal inserta *A Cidá* da Saceda no tamén citado proceso de sinecismo que tería o seu epicentro na área dos *oppida* bracarense. Unha transformación que non é homoxénea senón que podería ter diferentes manifestacións e que neste caso en concreto, ao igual que acontece noutros *oppida* como *O Sabroso e Briteiros* (Rubial, 2015), nós aventuramos tamén para o *Castro de Lobosandaos* e o *Castro de Rubiás* na Baixa Limia ourensá. Unha proposta que apunta a un fin destes castros por mor da perda de poboación duns lugares en prol doutros que adquiren unha maior importancia xa baixo dominación romana, nas Fases III e IV, como podería ser neste caso *A Cidá* do *Castro de San Millán* (Fariña e Rodríguez, 1986).



*Vista do poboado fortificado dende a aldea de Saceda*

Dende o ano 2015 e ata o 2020 é a quenda do noso traballo no xacemento arqueolóxico. Unha actividade concentrada primeiro na análise da cultura material depositada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, aquela recuperada entre os anos 1982 e 1988. E segundo practicando diferentes intervencións arqueolóxicas e de restauración que permitan avanzar na investigación e ao tempo acondicionar o monumento para a súa visita e difusión a tódolos públicos.

#### **CARACTERIZACIÓN DO XACEMENTO**

Malia a que a distribución do espazo resulta máis complicada se entramos a analizar en detalle cada unha das partes, tradicionalmente describiuse un poboado organizado en tres recintos imperfectamente concéntricos, separados polas súas respectivas murallas. Estes elementos defensivos ademais actúan como compartimentos pechados do propio espazo habitable orientado a norte e noroeste preferente-

mente. De tal modo que contemplado o castro dende a actual aldea de Saceda son facilmente recoñecibles tres grandes terrazas correspondentes a outros tantos recintos. Estes conflúen, mediante murallas erixidas a modo de lúas falsamente concéntricas, no bastión único que confina a acrópole. Porén, os traballos realizados por nós nos últimos anos permitiron identificar un novo lenzo de muralla ao leste, con grandes perpiaños ciclópeos, que semella actuar como socalco artificial de acceso dende o norte.

- O Recinto superior ou acrópole dótese dunha re-  
cia muralla mixta perimetral conformada por per-  
piaños poligonais na súa cara externa perfectamen-  
te labrados. Este circuío defensivo describe unha  
elipse con dúas áreas diferenciadas ao seu interior.  
Por unha banda, a metade setentrional chea de ro-  
chas graníticas irregulares que afloran en superfi-  
cie e que dificilmente acollerían estruturas habi-  
tacionais. Sendo este ademais o punto máis alto e  
máis exposto do propio xacemento. Pola contra, na  
súa metade meridional configurada a modo de qui-



*Estratigrafía da UR Cd26 que permite definir os diferentes momentos de ocupación do Castro da Saceda*  
 Fonte: elaboración propia a partir das memorias de escavación de Rodríguez Colmenero


Illa de barco, recuperáronse diferentes construcións na súa maioría pétreas, circulares e rectangulares, pero tamén líneas que conservan os buratos de poste feitos sobre o xabre natural para sustentar coberturas de madeira.

Sería neste sector onde se recuperaría a mellor secuencia estratigráfica rexistrada ata o de agora no xacemento. En concreto nas reducidas dimensións da denominada polos seus escavadores como Unidade de Rexistro Cd26. Esta aportaría unha grande información para definir *a posteriori* os diferentes momentos de ocupación do poboado. Así foi que toda vez escavado o denominado horizonte de carbonización (Est.3 ou N3) aparecía inmediatamente por baixo un estrato marrón escuro. En ambos niveis apareceron numerosos fragmentos cerámicos e pegado a cara interna da muralla, na transición de ambos horizontes, localizouse un denario da *Gens Procilia* datado no ano 80 a.C. Cronoloxía confirmada con posterioridade toda vez recibidas as analíticas de Carbono 14 de dito estrato e do inmediatamente inferior. Obtendo deste modo datacións relativas e absolutas que confirman dous claros momentos de ocupación do *Castro da Saceda*.

- No Recinto Intermedio as escavacións arqueolóxicas destaparon un conxunto de estruturas agrupadas en dous segmentos conformadores dun ángulo imperfecto cuxo vértice coincidiría coa porta ciclópea da muralla que transiciona cara o recinto inferior. O segmento setentrional polo que se accede á acrópole, dunha anchura total inferior aos 12 metros ofreceu parte da calzada citada arriba e varias construcións con diversos diámetros e tipoloxías construtivas pero asociadas entre si. Algunhas destas circulares, dotadas de canalizacións perimetrais ou non, e outras cuadrangulares con pavimentos pétreos de lousas graníticas.

O outro segmento, o meridional, expándese nunha zona máis ampla entre murallas cara o suroeste. Aproveitando os escasos espazos existentes entre os afloramentos graníticos aparecen diversas construcións, novamente combinando rectangulares con aquelas outras de perfil curvo. Entre estas faise visible novamente o decurso de canalizacións, socalcos e unha rúa central que poría enriba da mesa unha sorte de urbanismo e construción planificada do poboado, alo menos na fase de ocupación asociada á mesma.





Descrición gráfica do sector meridional do recinto intermedio do Castro da Saceda

Fonte: a partir de Reboreda A.



Síntese interpretativa sobre fotografía da escavación arqueolóxica practicada por nós na Porta Ciclópea do Castro de Saceda. Fonte: elaboración propia



*Porta Norte de acceso ao recinto inferior do Castro da Saceda. Fonte: Mani Moretón*

A muralla deste segundo recinto, reconhecida como muralla ciclópea malia a contar con engadidos posteriores, recibe tal nome pola tipoloxía construtiva da súa porta de acceso con dous monolitos de grande tamaño en posición vertical. Acceso moi próximo ao punto onde se anexaría a muralla na que foi localizada unha poterna oculta.

A escavación realizada por nós desta porta de acceso ou Porta Ciclópea (Vázquez Mato, 2018), puxo ao descuberto de novo neste sector, a existencia de dous momentos de ocupación no *Castro da Saceda* que teñen a súa correspondencia na existencia de dous momentos construtivos diferentes na propia muralla do recinto intermedio. Sendo os grandes bolos graníticos vinculables a un primeiro momento e a alma dos mesmos resultante dunha reforma posterior, probablemente vinculable coa construción-ampliación do resto de murallas do castro.

- No Recinto Inferior tan só foi recuperada ata o momento parte da entrada noroeste do castro. Unha singular porta de acceso cun lousado de pedra e dous

lenzos de muralla, un en forma de quilla, que dan imaxe da monumentalidade do conxunto completo.

#### **CRONOLOXÍA E INTERPRETACIÓN:**

As cercas do *Castro de Saceda* aproveitan os afloramentos graníticos dentro do trazado das liñas de muralla. O aparello construtivo combina grandes bloques ciclópeos nas bases con perpiaños de mediano tamaño en aparello poligonal, asumible este último aos derradeiros momentos da 2ª Idade do Ferro.

Por outra banda, a coincidencia tanto no aparello como na orientación das portas superior da croa e a Porta Norte, recordan ambas ás portas doutros grandes castros tardíos como *San de Cibrán das Lás* (Ruibal 2005: 273-274). Estas ábreanse nun plano inclinado sobre a muralla, con idénticos torreóns de reforzo defensivo aos lados, para deixar paso a amplas calzadas lousadas. Descrición contraria á vista para o acceso ao recinto intermedio, a cal faise mediante unha

simple interrupción da murella que apoia en dúas grandes rochas ciclópeas en posición vertical. Característica que podería poñer en evidencia a cerca máis antiga, probablemente ligada coa primeira fase de ocupación do castro, posteriormente reformada con aparello helicoidal en determinados puntos como vimos arriba.

Sería no recinto inferior, dentro dunha camada de terra moi areosa derivada do escorregadoiro do terreo, polo tanto nun nivel de arrastre, onde apareceron algúns dos materiais máis antigos e singulares do xacemento. Obxectos que aportan unha cronoloxía desigual e que deixan aberta a ocupación deste emprazamento dende o Calcolítico ata a Romanización (Vázquez Mato, 2015A).



*Numismas e cronoloxías asociadas recuperadas no Castro da Saceda*  
 Fonte: a partir de A. Reboreda

Malia ao anterior, o material arqueolóxico recuperado nas seis campañas de escavación dirixidas polos arqueólogos Antonio Rodríguez Colmenero e Covadonga Carreño Gascón (Carreño e Colmenero 1983, 1984, 1985, 1986 e 1991) reducen case en exclu-

*Cabana descuberta por nós na campaña de intervención arqueolóxica de 2018 fóra do poboado fortificado*



siva o abano temporal á 2ª Idade do Ferro. Así é que no estudio formal dos máis de tres mil fragmentos cerámicos recuperados, numismas e metais (Vázquez Mato, 2016), agás algúns individuos cerámicos que recordan as formas características dun Ferro Antigo, a maioría encaixan no abano temporal que vai dende o s. II a.C. ata o s. I d.C. Horizonte confirmado tamén nas intervencións arqueolóxicas practicadas por nós nos últimos anos. Estas teñen permitido obter lecturas estratigráficas de niveis de abandono tanto con cronoloxías absolutas como relativas aportadas por numismas de época republicana (79-44 a.C.) e un denario de Tiberio (14-37 a.C.). Sendo o estrato fértil máis antigo datado por nós tamén por C-14 no século IV a.C., moi lonxe do s.VIII a.C. apuntado por outros autores (Ruibal 2005: 270).

Constátanse así, baixo o noso criterio, dous grandes momentos de ocupación do poboado separados por un grande nivel de carbonización moi rico en materiais e restos orgánicos. A primeira fase (s.IV a.C.) con construcións de materiais perecedoiros en madeira e pallabarro, localizada preferentemente na croa, e da cal apenas restan elementos construtivos agás os fondos de cabanas circulares hoxe invisibles e os buratos

de poste escavados na rocha dos que aínda se aprecian varios nos afloramentos.

Esta primeira fase foi arrasada ao tempo que se reordenaba o poboado (s.II a.C.), enchendo as zonas máis baixas, xeralmente contra as murallas e cortando o espazo intermurallas con bancais paralelos ás mesmas. Neste momento probablemente remodelaríanse as cercas existentes (como vimos arriba no caso da Porta Ciclópea) que gañaron en anchura e solidez, e construírías o resto con rúas que ordenan o tránsito amosando a aparencia que presenta o castro na actualidade.

O que sucede no *Castro da Saceda* no s. I d.C., ao marxe da emerxencia e atracción que puidera xerar o próximo *Castro de San Millao*, probablemente deba pescudarse no exterior do Recinto Inferior, punto onde se concentran os materiais máis modernos. Precisamente neste lugar, nun plano orientado ao sur, vimos de localizar na anualidade 2018 unha cabana con fogar que nos avanza que o poboado estendeuse máis alá das súas murallas. Sector que debería concentrar por tanto todos os esforzos e traballos de investigación dos próximos anos.

## Bibliografía

- AMADO ROLÁN, N. (2010) – *Ruta cultural entre tres castros: o Castelo de Santigoso, o Carballerego de A Mezquita e o Cabezo de Caguazoso*. Concello de A Mezquita. A Mezquita.
- AYÁN VILA, X. (2009) – Entre Lusos, Bibalos e Tamagani: a arqueoloxía transfronteiriza de X. Taboada Chivite, en *Revista Aquae Flaviae*, Nº41, pp. 161-182.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1998) – O marco histórico da Cultura Castrexa, en Acuña, X.E. (coord.), *Historia da Arte Galega I*. A Nosa Terra. Vigo, pp. 114-128.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (2000) – *Os castros galegos*. A Nosa Terra. Vigo.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (2005) – *Guía de los Castros de Galicia*. Nigratrea. Vigo.
- CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C. (1985) – *Castro de Saceda, Cualedro (Orense)*. Campaña de 1985. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C. (1986) – *Castro de Saceda, Cualedro (Orense)*. Campaña de 1986. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C. (1991) – Castro de Saceda, en *Arqueoloxía/ Informes 2. Campaña de 1988*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 59-61.
- CARREÑO GASCÓN, M<sup>a</sup>. C.; RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1984) – *Excavaciones arqueológicas en el castro de Saceda (Cualedro, Ourense)*. Campaña de 1984. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1971) – *Del Bronce Inicial a la Romanización en la comarca del Alto Búbal*. Memoria de licenciatura, Valladolid.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1971) – La cultura Megalítica en el Alto Búbal, en *Boletín Auriense*, I, pp. 31-60.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1976) – Excavaciones arqueológicas en el poblado romano de Santa Marta, Lucenza (Orense), en *NAH*, 4, pp. 149-212.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1977) – *La Galicia Meridional Romana*. Universidad de Deusto, Bilbao.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1983) – *Castro de Saceda. Memoria de excavación 1983*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1995) – *Nas beiras do Larouco*. Con-

- cello de Cualedro (Ourense). Roteiro pola natureza e a historia.* Concello de Cualedro. Cualedro.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1997) – *Aqvae Flaviae*. 2ª Edición. Cámara Municipal de Chaves. Chaves.
- RODRÍGUEZ CORRAL, J. (2009) – *A Galicia Castrexa*. Lóstrego. Santiago de Compostela.
- BOLUDA, F.; DORRIBO CAO, J.; REBOREDO TAXES, M. (2000) – *Guía de los castros de Galicia*. Guías Cumio. Vigo.
- ARIAS VILAS, F.; FARIÑA BUSTO, F.; ROMERO MASIÁ, A. M<sup>º</sup>. (1983) – Panorámica general sobre la Cultura Castrexa, en G. Pereira Menault (ed.), *Estudos de Cultura Castrexa e Historia Antiga de Galicia. Limiar homenaxe a D.F. López Cuevillas e a D.R. Otero Pedraio*, Santiago de Compostela, pp. 87-127.
- FARIÑA BUSTO, F.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X. (1986) – A Cidá do Castro de San Millán. Memorias de las excavaciones arqueológicas, en *Boletín Auriense*, XVI, pp. 39-89.
- FERNÁNDEZ GUERRA, A. (1882) – Las ciudades bracarense de la inscripción de Chaves, en *Revista de Arqueología*.
- FERNÁNDEZ-POSSE, M<sup>º</sup>. D.; SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F.J. (1998) – Las comunidades campesinas en la Cultura Castreña, en *Trabajos de Prehistoria*, 55 (2), pp. 127-150.
- FLÓREZ, E. (1789) – *España Sagrada. Teatro Geográfico-Histórico de la Iglesia de España*, Tomo XVIII.
- GARCÍA PORRAL, X.C. (2010) – *Lendas castrexas. Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. Lóstrego. Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; AMADO ROLÁN, N.; GIL VÁZQUEZ, H.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. (2007) – *Castro de Saceda. Prospección arqueolóxica de cara a delimitación e declaración de B.I.C. Xacementos Castrexos 2007*, Informe depositado no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- MOITA, I. (1996) – A toponimia castrexa. Distribuição e significado, en *Lucerna*, vol. 1996, pp. 526-549.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2005) – El Castro de Saceda y la jerarquización territorial de la Segunda Edad del Hierro, en *Zephyrus*, 58, pp. 267-284.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-7) – *Galaicos. Poder y Comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*, Brigantium: Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. A Coruña.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2008) – A cultura castrexa: o estado da investigación en Galicia, en Infante e Varela (coords.), *A cultura castrexa: accións e estratexias para o seu aproveitamento: actas do seminario final, Mondariz Balneario, 22 e 23 de xuño de 2006*, Santiago, pp. 13-29.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2009) – Cultura de fronteira, o distrito de Vila Real e a zona meridional da provincia de Ourense na Idade do Ferro, en *Revista Aquae Flaviae*, N<sup>º</sup>41, pp. 153-160.
- TABOADA CHIVITE, X. (1943-44) – El Castro de Medeiros, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos históricos y artísticos de Orense*, Tomo XIV, pp. 281-288.
- TABOADA CHIVITE, X. (1953) – Monterrey (Ourense). Medeiros, en *Noticario Arqueológico Hispánico*, 11, pp. 148-159.
- TABOADA CHIVITE, X. (1953) – Carta Arqueológica de la comarca de Verín, en *III Congreso Nacional de Arqueología*.
- TRANOY, A. (1981) – *La Galice Romaine. Recherches sur le nord-ouest de la Péninsule Ibérique dans l'Antiquité*, París.
- VÁZQUEZ MATO, M. X. (2009): Na procura dunha paisaxe protohistórica: análise locacional dos asentamentos tipo 'castro' da Baixa Limia ourensá, Traballo de Terceiro Ciclo 2009. Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Universidade de Vigo. Ourense.
- VÁZQUEZ MATO, M.X. (2010): "Estrategias de asentamiento como indicadores de cronología relativa para la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico", en *Herakleion* 3, ISSN 1988-9100, Madrid pp. 67-103.
- VÁZQUEZ MATO, M. X. (2010): "Estudio morfolóxico da escolma cerámica recuperada na Croa de Santa Cristiña ou Castro de Lobosandaos (Lobeira-Bande, Ourense)", en *Larouco* 5 ISSN 1130-989x, A Coruña, pp. 103-120.
- VÁZQUEZ MATO, M. X. (2015): "Conxunto de materiais. Castro da Saceda", en *Peza do Mes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense*. Xunta de Galicia.
- VÁZQUEZ MATO, M. X. (2015): "O Castro de 'A Cidá' da Saceda, un proxecto reactivado. Breve resumo do seu proceso de investigación", en *Larouco* 6 ISBN 84-7492-513-4 Coruña, pp. 15-24.
- VÁZQUEZ MATO, M. X. (2016): "Tenaces do Castro da Saceda", *Peza do Mes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense*. Xunta de Galicia.



**Perspectiva do conxunto**  
**-co Outeiro do Castelo en primeiro**  
**plano- sobre o val de Monterrei**

# O PROXECTO LOBARZÁN:



## Novas páxinas para a historia do val do Támega

**Beatriz Comendador Rey**

Profesora da Área de Prehistoria,  
Facultade de Historia de Ourense, UVigo

**Víctor Rodríguez Muñiz**

Arqueólogo e doutorando  
da Área de Historia Medieval,  
Facultade de Historia de Ourense, UVigo

Durante os meses de xullo e agosto de 2019 decorreron os traballos de limpeza, escavación e prospección no conxunto arqueolóxico e natural da Ceada das Chás/ Castelo de Lobarzán<sup>1</sup>, ao abeiro do convenio a catro anos establecido entre a Universidade de Vigo e os concellos de Oímbra e Monterrei. Neste texto presentamos un balance da única e primeira campaña acometida ata o momento, desde a perspectiva arqueolóxica mais tamén dende a súa dimensión social.

### **1. O conxunto arqueolóxico e natural de A Ceada das Chás/Castelo de Lobarzán**

O enclave, cunha relevante riqueza xeolóxica e natural a preservar, divídese entre as parroquias das Chás (do concello de Oímbra) e de Vilaza (no termo de Monterrei). Cunha superficie de 5,5 Ha, está compos-

to por dous outeiros –os montes da Ceada, a SE, e do Castelo, ao NW– e a valgada entre eles, coa muralla perimetral que os rodea e que determina que o monte da Ceada sexa tamén coñecido como ‘da Cerca’. A Ceada [código GA32053009] e O Castelo [GA32050020] están catalogados como xacementos diferentes, aínda que apostamos pola súa consideración como un único conxunto. Este con continuidade fóra do espazo murado, toda vez que a área arqueolóxica se estende polas plataformas circundantes onde se contan, ademais, diversas manifestacións de arte rupestre. O conxunto está constituído, así, por diversos elementos, catalogados ou en proceso de catalogación.

Nin a súa condición de lugar preeminente na paisaxe do val do Támega, nin a localización estratéxica do recinto –cun amplo control visual dos vales do Búbal, sobre o que abre, e do Támega– atraeran apenas a atención

dos investigadores, contando cunha escasa presenza nos estudos históricos da comarca. Por esta razón, a primeira intervención no conxunto houbo de se estruturar como unha aproximación ao mesmo, con carácter valorativo. Establecéronse diversas liñas de actuación no terreo, consistentes en labores de limpeza –imprescindible, en boa medida, pola mesta cobertura vexetal que impedía calquera tipo de apreciación visual, se ben sempre atendendo a criterios de conservación das especies frondosas e vexetación arbustiva de tipo mediterráneo–, prospección no recinto e na súa contorna e, de xeito adicional, a realización de dúas sondaxes arqueolóxicas, correspondentes a cadanseu sector (Ceada e Castelo), que permitisen completar o rexistro material e unha mellor comprensión dos espazos que nas anteriores fases se puideren definir e da secuencia cronolóxica da ocupación do conxunto.

1. Proxecto “Recuperación Patrimonial e ambiental do Castro das Laxes das Chas/Castelo de Lobarzán” (EXPTE. S. ARQUEOLOXÍA: 02.O.432.2019.001; CÓDIGO XSPA: CT 102A 2019 /407-0). A actuación foi realizada no marco do proxecto de I+D coordinado por Beatriz Comendador Rey e dirixida en campo por Víctor Rodríguez Muñiz.



**Punta de frecha e fragmento cerámico localizados nunha cavidade do Outeiro da Ceada**



### 1.1 Da primeira ocupación coñecida

Da existencia dunha ocupación na Prehistoria recente no espazo deste conxunto arqueolóxico daban cumprida conta tanto diversos achados materiais, en superficie ou vinculados a algunhas das cavidades –aspectos que tiñan sido obxecto de publicación<sup>2</sup>–, como a abundancia de gravados rupestres de tipo “coviña” tanto no recinto e como nas súas inmediacións<sup>3</sup>.

Non obstante este carácter eminentemente valorativo que definía esta primeira intervención, os resultados (que só poden ser cualificados como moi satisfactorios) permiten afirmar a existencia de varios horizontes cronolóxicos e culturais en que o conxunto arqueolóxico da Ceada das Chás/ Castelo de Lobarzán tivo presenza: a Prehistoria recente, a romanidade tardía, o período visigodo e a Idade Media.

Unha breve prospección –en que se referenciaron con coordenadas os puntos con material e se fixo unha recollida selectiva do mesmo–, mostrou a dimensión das áreas de acumulación de cerámica e outros achados prehistóricos, resultado de asentamentos durante este período da Prehistoria recente. As diversas evidencias materiais localizáronse tanto en superficie como en relación con abrigos e cavidades rochosas. Entre os achados predomina un

2. GÓMEZ, A., FÁBREGAS, R., MÉNDEZ, D. E PAZ, M.S., 2004. Nuevos datos sobre cerámica Penha en el Sur de Galicia'. *Sautuola*, 10: 17-34; Gómez, A. Vázquez, M. 2009. La ocupación romana del yacimiento de Castelo de Chás: «A Cova dos Mouros» (Oímbra, Ourense). *Gallaecia*, 28: 139-150.  
3. Unha primeira aproximación aos petróglifos localizados no conxunto pode verse na memoria do *Proxecto Alto Tâmega. Accións na Paisaxe Patrimonial*. Exptd. S.Arqueoloxía:02.O.302.2013.001M CódigoSXA: ED102º2013/287-0; Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio; Memoria Inédita depositada na DXP.





tipo de cerámica feita a man, decorada co barro fresco mediante incisión, denominada de *tradición tipo Penha*, con frecuentes motivos en retículas, en convivencia con cenefas ou frisos paralelos e metopas. Esta cerámica, moi coñecida no norte de Portugal, é propia dun momento avanzado da aparición das primeiras sociedades agrícolas e gandeiras e das primeiras comunidades coñecedoras da metalurxia do cobre, hai uns 5.000 anos. Alén disto, é destacable a localización minoritaria de fragmentos cerámicos que amosan técnicas e xestos decorativos diferentes, como a impresión con cuncha, e que incluso poderían corresponder a ocupacións anteriores, aspecto que só novas sondaxes poderán confirmar<sup>4</sup>.

Localizáronse tamén interesantes artefactos realizados en pedra, xa mediante puído de rochas brandas (como os machados e aixolas), xa mediante talla, algunhas delas realizadas en materias primas non coñe-

cidas ata o momento na contorna próxima. É o caso de diversas puntas de frecha talladas en lousa e sílex, que teñen referentes tanto no norte de Portugal como en Zamora.

Non menos importantes son os achados de grandes muiños de vaivén, e mans de moenda, que poden ser un indicador do carácter agrícola destas comunidades.

Estas amplas dispersións de material, estendidas polas valgadas sur e norte, aparecen ás veces asociadas a bolos graníticos e terrazas, o que, como hipótese, podería indicar que as comunidades practicarían ocupacións abertas de carácter non permanente vinculadas a estes penedos, con construcións de tipo poredoiro<sup>5</sup>, dun xeito semellante ao descrito no xacemento próximo da Vinha da Soutilha (Mairos, Chaves). Noutras ocasións, porén, as singulares formacións graníticas do enclave, onde destacan pedras furadas ou cacholadas, pedras cabaleiras, e múltiples

**Pinturas rupestres na galería do Penedo do Gato: panel con motivo antropomorfo esquemático**

pequenas cavidades de bloques, aportan achados en lugares recónditos e pouco accesibles, que indican un uso diferente para estes espazos. Exemplo disto é a localización dunha punta de frecha e dun anaco de cerámica decorada ao fondo do estreito corredor nunha cavidade da ladeira da Ceada.

Pero, sobre todo, é o caso do excepcional achado de manifestacións de pintura rupestre nunha pequena cavidade de bloques dominada ao exterior por un gran afloramento –o identificado recentemente como ‘Penedo do Gato’<sup>6</sup>– situado na aba NW do Outeiro do Castelo. As pinturas foron localizadas por veciños da comarca<sup>7</sup> que nos fixeron chegar a información a través do contacto establecido co Colectivo Cultural Olimbria

4. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, L. 2020. *Materiais prehistóricos de A Ceada das Chás/ Castelo de Lobarzán: unha aproximación dende o conxunto cerámico e os seus patróns decorativos*. Traballo de Fin de Máster inédito defendido no marco do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e CC. Da Antigüidade. Co-dirixido por B. Comendador e M. Cubas.

5. RODRÍGUEZ e COMENDADOR, no prelo. Modelos de ocupación en el valle del río Tamega transfronterizo en la Prehistoria Reciente: El caso de A Ceada das Chás/Castelo de Lobarzán. *Actas Congreso Internacional Romper Fronteiras, atrevessar territórios*, Oporto, Setembro, 2021. CITCEM, Facultade de Artes e Humanidades do Porto.

6. Como resultado dunha colaboración sobre a microtoponimia realizada con veciños de Vilaza. Agradecemos especialmente a súa implicación neste traballo a J. Ramón Feijóo (Comarcas de Monterrei).

7. José Luis Arias, Jacinto, J. Carlos e J. Antonio Martín, veciños de O Rosal e de Casas dos Montes.



**Elemento ornamental  
en bronce coa repre-  
sentación dun grifón**



**Tampa de sartego en estola  
na necrópole do Outeiro da Ceada**

durante os traballos preparatorios do proxecto. Identificadas como manifestacións inseribles dentro do eido da pintura de tradición esquemática, están representadas sobre superficie granítica, sendo as primeiras en Galiza con estas características, e as segundas atopadas na comarca<sup>8</sup>. Destacan os motivos antropomorfos en tonalidade vermella, tanto no Panel 1, como nos posteriormente localizados na revisión das diferentes galerías, nun angosto ramal, xa no transcurso do proxecto. A cavidade, que presenta ademais distintas evidencias arqueolóxicas relacionadas, é de difícil acceso e a observación das pinturas obriga incluso a posicións corporais forzadas, respondendo a un tipo de arte de carácter intimista ou reservado. Está a desenvolver un proxecto para a creación dunha contorna virtual que permita dar a coñecer o enclave e as pinturas<sup>9</sup>, que actualmente continúan en fase de estudo e teñen incoado o proceso para a súa declaración específica como BIC, conxuntamente coas outras catro manifestacións de arte esquemático pintado coñecidas en Galicia<sup>10</sup>.

8. Para unha visión xeral das pinturas da comarca de Monterrei, xornadas online *Paisaxes Tatuadas: A arte esquemática pintada no noroeste peninsular á luz dos novos achados*, organizadas polo Consello da Cultura Galega en 2020: <https://cutt.ly/kzslurj>

9. Proxecto PREMEdia, financiado na convocatoria INOU20, coordinado por B. Comendador, da Universidade de Vigo.

10. A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, Capítulo IV, Artigo 94, sobre a Natureza e Protección dos Bens Arqueolóxicos establece que "son bens de interese cultural as covas, abrigos e lugares ao ar libre que conteñan manifestacións de arte rupestre". Porén, é preciso o seguimento do expediente de incoación para a súa declaración específica.

## 1.2 Pero... logo non hai un castro?

Aínda que o outeiro maior do recinto sexa tamén coñecido como o 'Castro' das Laxes das Chás, non hai no actual estado de investigación, elemento ningún que permita falar dun recinto castrexo pertencente á Idade do Ferro nin dun asentamento habitacional galaicorromano, idea que fora recollida por autores como López Cuevillas ou Rodríguez Colmenero. A ocupación máis próxima dese momento viña marcada polo xacemento do Outeiro da Ponte, nun promontorio inmediato á localidade de Vilaza, ao sur do Búbal e mesmo ao pé dos montes de Lobarzán –como o revelou a súa escavación, previa á súa destrución pola autoestrada A-52–.

A presenza do mundo romano en Lobarzán, porén, non pode ser obviada. Non é necesariamente o caso do moi abundante material de construción –de xeito maioritario, tégula, explicable pola súa recuperación como lugar de asentamento desde os finais da romanidade–, pero é notoria a existencia, no outeiro do Castelo, dun elemento construtivo singular, recuperado dentro da fortaleza medieval, do que logo falaremos.

Os labores arqueolóxicos neste sector da Ceada permitiron identificar claramente a relevancia dun momento de ocupación correspondente ao final da romanidade, con continuidade en período visigodo. Xunto a cerámicas comúns de cronoloxía tardorromana ou na súa tradición, localizouse unha peza ornamental en bronce, decorada cun medallón en que se representa un grifón ou león alado con cabeza de aguia (FIGURA 4).



Entre os elementos pétreos identificados nesta fase dos traballos, á marxe de diferentes fragmentos de muíño e pezas construtivas, sobresaie un gran fragmento dunha segunda tampa de sarteiro *en estola*, máis erosionada que a xa coñecida na pequena necrópole medieval do lugar. Finalmente, na relación de bens en pedra cómpre incluír a presenza de dous alquerque, taboleiros de xogo medievais, ambos da tipoloxía *de nove* mais insculpados nun soporte diferente. Un deles foi gravado nunha grande laxe ao NE do conxunto, mentres o segundo fórao nun bloque pétreo parcialmente traballado para ser utilizado como tizón no muro dunha construción. O motivo deste último alquerque –cos mesmos desfases no trazo das liñas– foi utilizado como símbolo por Gonzalo Barroso, o último notario coñecido de Lobarzán antes da fundación da vila de Monterrei en 1260.

O resultado máis destacado da intervención pasou, porén, por descubrir a estrutura do que inicialmente semellaba unha tosca cabana de pastores: a retirada da moita pedra que a cubría –froito en boa medida de escavacións



**Documento outorgado por Gonzalo Barroso, notario da terra de Lobarzán, en que utiliza como símbolo o mesmo deseño do alquerque localizado no Outeiro da Ceada**



**Estrutura cuadrangular do sector N da Ceada. Aprécianse as diversas solucións construtivas con que foran edificadas os diferentes muros**

furtivas de décadas pasadas—, definiu unha construción de planta cuadrangular, con esquinais e muro traseiro de aparello ciclópeo, contrastando co seu muro frontal máis coidado, con dobre cara enfiadas horizontais, e o lateral en cachote mal trabado. A mestura de técnicas construtivas e os achados materiais vinculados aos distintos estratos apuntan a existencia de dúas fases de ocupación: unha primeira non anterior aos séculos V-VI, e unha reconstrución cuxo abandono—a teor das cerámicas localizadas entre o seu derrube, similares ás da necrópole de San Vitor (Parada de Sil)<sup>11</sup>— se terá producido no entorno dos séculos IX-X.

A prolongación dos traballos de limpeza na plataforma E deste outeiro da Ceada veu confirmar esta interpretación: ademais de facer accesible e deixar á vista un importante tramo da muralla monumental que envolve o recinto polo seu lado oriental, permitiu nunha primeira prospección localizar dous grupos de construcións pétreas —varias delas acoroadas entre si e á muralla, disposición contraria á que correspondería a un asentamento castrexo pero que adianta a de asentamentos altomedievais como Curalha (Chaves)<sup>12</sup>— con características que as aproximan ao edificio escavado no sector N. A estes dous espazos con construcións conduce a vía que abre desde a porta principal do recinto —situada no seu extremo SE e fortemente defendida por un engrosamento da muralla a ambos lados do acceso—, rodeada por grandes bloques graníticos dispostos intencionalmente, constitúe nese treito un verdadeiro

corredor ciclópeo. Identificouse, por último, unha serie de estruturas de planta circular ou ovalada, posibles espazos fabrís ou de almacenaxe, se ben só posteriores escavacións poderían confirmar ou desmentir tal hipótese de traballo.

Coa serie de elementos presentada nos parágrafos anteriores, e descartada a tradicional visión como citania romanizada, cómpre identificar o recinto como unha fortaleza e “aldea” xermánica, visigoda, algo novamente excepcional e practicamente inédito na historiografía galega<sup>13</sup>. Porén —e convite abondo a ultrapasar os límites administrativos na investigación— neste mesmo contexto xeográfico e cultural do Alto Tâmega mais en territorio portugués, a presenza visigoda —que, por outra parte, existe tamén nas tradicións orais, caso da lenda do rei Wamba no castro de Cambedo— está documentada tanto en relación a escavacións propiamente ditas como a achados casuais. Entre estes cómpre destacar —nos labores de acondicionamento do santuario de São Caetano (Ervededo, Chaves, se ben a menos de 1 km da fronteira oimbrá)— a aparición de toda unha serie de espazos relixiosos altomedievais ou anteriores, así como dunha placa de cinto de indiscutible factura visigoda, datada no século VII<sup>14</sup>.

Unha das características que singulariza o xacemento e, dentro del, o sector NE do outeiro da Ceada é a existencia dun conxunto funerario.

11. NIETO MUÑOZ, ‘Achádigos cerámicos na necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova’. En DE MAN e TENTE: *Estudos de cerâmica medieval. O Norte e o Centro de Portugal, séculos IX a XII*: 242-4.

Pola súa parte, os materiais correspondentes ao primeiro momento de ocupación deste edificio teñen un claro paralelo nos localizados en escavacións na comarca de Chaves, nomeadamente na capela da Granjinha e no santuario de São Caetano [Lemos, ‘Sondagens na capela da Granjinha, Chaves’. *Cadernos de Arqueologia*, II, 5: 168-9].

12. BARROCA, ‘Fortificações e povoamento no Norte de Portugal (séc. IX a XI)’. *Portugalia*, 25: 182

13. Están ben definidas, no entanto, para o ámbito leonés: GUTIÉRREZ GONZÁLEZ, ‘Fortificaciones tardoantiguas y visigodas en el norte peninsular’. En Catalán et al: *Las fortificaciones en la tardoantigüedad*: 191-214.

14. CARDOSO, ‘Uma estação visigótica no concelho de Chaves’. *Revista de Guimarães*, 52: 252. Depositado no museo Martins Sarmiento de Guimarães, esta peza foi roubada en 1986, se ben foi analizada en publicacións posteriores [AREZES, *Elementos de adorno altomedievicos em Portugal* -tese de mestrado inédita-: 53-54, 96-97 e 134-135].

Nesta pequena necrópole combínanse dous sartegos escavados na rocha –un deles en forma de bañeira, o segundo de labra antropomorfa– e as xa referidas dúas tampas monolíticas con decoración en estola, que non se encontraron vinculadas ao enterramento que outra houberon de cubrir. Trátase de dúas tipoloxías de enterramentos cristiáns que, a priori, se identifican con dous momentos diferenciados cultural e temporalmente, coincidentes co período xermánico as tampas en estola e co medieval os sartegos rupestres. Estes últimos, por canto non hai evidencias dunha comunidade aldeá medieval no lugar, cómpre vinculalos cun pequeno cemiterio propio do castelo de Lobarzán, da mesma maneira que se documenta en contextos similares como San Salvador de Todea (ou Malpaso) en Allariz. Durante a plena e baixa Idade Media, xa que logo, este espazo non parece corresponderse cun entorno de habitación senón simbólico ou cultural.

### 1.3 Lobarzán: un castelo medieval na terra de Baronceli

Co asentamento da autoridade real na secuencia da –mal chamada– *repopoación*, o espazo do Alto Támega irase organizando en terras, as mesmas que con poucos cambios artellarán a comarca ao longo de todo o período medieval: Baronceli e Soutovermude ao norte, e Barroso, Chaves e Montenegro ao sur. Presente nos textos desde o ano 931, a terra de Baronceli estaba, á súa vez, dividida noutras menores –as principais, Cabreira e Lobarzán–



Tramo de muralla  
no sector E-SE da Ceada

coas súas fortalezas correspondentes. Lobarzán está documentada cando menos desde o ano 982<sup>15</sup>, cando o bispo de Iria doa ao mosteiro de Celanova ‘a vila de Oímbra, sita no val que se chama de Baronceli, baixo *Loprazana*’.

Esta fortaleza de Lobarzán vai ser cabeza dunha terra que abrangue desde Lucenza (Cualedro) ao oeste, ao río Támega polo leste, avanzando polo sur a territorio actualmente portugués, até case ás portas de Chaves: localidades como Castelãos, Calvão ou Vilela Seca pertencéranlle ata ben entrado o século XIII.

Lobarzán –ao igual que Cabreira– entra en declive ao se instaurar, por orde de Afonso X, a póboa e fortaleza de Monterrei, documentada por primeira vez en outubro de 1260 e que será no sucesivo *tenente* dos dous antigos castelos. Ambas fortalezas non desaparecen pero si perden as prerrogativas señoriais –caso do notario– que viñan desfrutando como cabezas das súas respectivas terras, por canto o eixo do poder se des-

praza á nova vila real. O peso desta póboa fai que a *terra* abandone o antigo nome de Baronceli para identificarse como de Monterrei, referente á vila que pasa a ser o seu lugar central, tanto desde unha perspectiva xeográfica como de poder.

Porén, os antigos castelos continuaban en pé. No que a Lobarzán se refire, aínda en 1292 o concello de Monterrei obrigaba aos homes de Verín, Pazos e Mixós a traballar no seu mantemento, o que provocou as iras de Celanova, mosteiro que era señor desas tres vilas<sup>16</sup>. O feito demostra que continuaba a recibir coidados que garantisen o seu correcto estado. O seu final só chegará por volta de 1460, cando, dentro dos conflitos sucesorios do señorío de Monterrei, Xoán de Zúñiga ordeña a súa demolición para nunca voltaren, nin Cabreira nin Lobarzán, ser reconstruídas<sup>17</sup>.

15. ANDRADE CERNADAS, *O Tombo de Celanova*, doc. nº 461.

16. VAQUERO DÍAZ, *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova*, doc. nº 84.

17. PÉREZ RODRÍGUEZ, *La villa de Monterrey y su tierra (siglos X-XIX)*: 53-54.

Todo este marco histórico serve de referencia para coñecermos aquilo que se sabía desta fortaleza. Existía, porén, unha importante eiva: tal como acontecía co de Cabreira<sup>18</sup>, o emprazamento exacto de Lobarzán era descoñecido. Na última década, investigadores da comarca –nomeadamente, a arqueóloga Nieves Amado–viñan traballando coa perspectiva de que a fortaleza de Lobarzán se puidese corresponder co Outeiro do Castelo, sobre Vilaza. Esta hipótese corroborouse en 2018, coa presentación dos resultados do proxecto ‘Investigación Arqueolóxica e Histórica sobre as Orixes do Concello de Oímbra’<sup>19</sup>, en que se sentaron aemade as bases para a intervención arqueolóxica no conxunto.

O impenetrable da cobertura arbustiva no outeiro fixo obrigatorio comezar os traballos por un desbroce intensivo. A retirada do mato definiu unha plataforma ata aquel momento inaccesible, que houbo de xogar o papel de patio de armas da fortaleza. Toda ela está rodeada por unha muralla, cuxo trazado se puido delimitar na súa práctica totalidade, e que define un espazo con forma tendente a rectangular, cun perímetro de 137 metros e unha superficie total de 1160 m<sup>2</sup>.

O circuíto do recinto do castelo amosa a conciliación de diferentes técnicas construtivas. Onde se conserva o seu alzado, a muralla recorre maioritariamente a cantería ben escuadrada e disposta en seco, como se aprecia no tramo NW –na fronte N recorre a cachote máis irregular e

adaptado á peneda, sendo probablemente unha fase máis antiga da construción–. Nos tramos SE e SW, en que foi desmontada, distínguense os entalles e negativos nos afloramentos rochosos para o seu asentamento, definindo ‘chanzos’ para a súa colocación en determinados puntos. A liña de muralla desdóbrabase en certos treitos: isto acontece baixo a torre –para a súa maior protección– e no entorno da porta. A entrada realizábase polo SE, a única ladeira que –mesmo tendo que salvar unha importante diferenza de cota– resulta practicable para o seu ascenso.

Situada nun esporón rochoso ao oeste do conxunto –sobreelevado unha media de dous metros sobre a plataforma chaira do recinto–, o castelo completábase coa súa correspondente torre, que igualmente se puido definir con toda claridade, e a cuxa demolición corresponderán os numerosos bloques de gran tamaño conservados na parte central da plataforma do patio de armas. Esta torre tiña planta cuadrangular, de 6 m. de lado,<sup>20</sup> conservándose apenas as fiadas inferiores do sector N –en cantería de excelente calidade e disposición– se ben onde estas faltan se pode reconstruír integramente a súa planta coa impronta deixada polos negativos e encastres para o seu asentamento.

Por último, dentro deste recinto defensivo sitúase unha construción de elevado interese arquitectónico e histórico –a única parcialmente á vista con anterioridade á intervención, xunto con algúns perpiaños e encastres

da muralla–. Trátase dun espazo de 4x3 m. de planta, do que se conserva un muro en cachote, tomado por un robusto morteiro en base cal, e parte do seu piso, cun pavimento illante. Polas súas características, interprétase como un depósito de augas que, por non haber nacementos no recinto, houbo de dedicarse á recollida e almacenamento de pluvias.


A análise por luminiscencia das mostras tomadas do morteiro exterior e do pavimento interior desta construción deron como resultado unha datación notoriamente máis antiga á do conxunto do castelo: a súa edificación inicial produciuse en época romana –no século I, conforme as datacións centrais indicadas polos resultados das análises do morteiro– e terá sido reformada no século VII, momento este cando se dispuxo o seu pavimento. O edificio romano e visigodo terá sido asimilado, coa función de depósito, na fortaleza medieval.

Adicional á limpeza e definición da plataforma do castelo, abriuse unha sondaxe nun sector da torre. Os niveis localizados nesta corresponden ao momento de abandono e derrube desta, ben avanzado o século XV, cronoloxía que se coñece pola documentación da época e ratificada polos materiais localizados nesta fase de escavación, correspondentes a unha cronoloxía baixomedieval. Entre eles cómpre enumerar unha xerra do tipo ‘Augas Santas’ –moi frecuente en contextos da zona auriense entre os séculos XIII e XV– e unha moeda que, aínda que moi desgasta-

18. <https://www.gciencia.com/historias-gc/localizan-en-verin-o-castelo-medieval-de-cabreira>

19. RODRÍGUEZ MUÑOZ, *Memoria sobre a investigación histórica e arqueolóxica sobre as orixes do Concello de Oímbra*. [Arquivo PDF: <http://www.oimbra.es/index.php/Es/concellopinor/104-noticias-2/400-informe-historia-oimbra-uvigo>]

20. A modo de referencia, no contexto auriense a torre máis semellante no que á dimensión respecta é a de Sande (Cartelle), cunha planta de 6,4x5,8 m. e unha altura de 13, o que permite aventurar unha volumetría eventualmente semellante para esta de Lobarzán.



da por ambas caras, puido identificarse como portuguesa: un *real preto* de João I (quen foi rei entre 1385 e 1433).

A secuencia histórica do recinto –pois non hai evidencias orais, escritas nin materiais que falen de ocupación continuada con posterioridade– ten o seu peche coa demolición da torre. O derradeiro momento de esplendor que este espazo viviu vén representado, así, pola fortaleza de Lobarzán, erguida no promontorio occidental do conxunto, o máis escarpado e que, non por acaso, leva o nome de Outeiro do Castelo.



**Recreación do Castelo de Lobarzán por Víctor Vázquez Collazo**

**Vista xeral, coas diferentes técnicas para a construción da muralla; materiais exhumados na torre e vista aérea desta**

## 2. A dimensión social do proxecto de Lobarzán

O patrimonio pode considerarse “algo vivo”, que non só é referencia do pasado e do monumental, senón que está asociado coa vida cotiá, o presente e o futuro das comunidades que son as que lle dan valor. Neste





**Imaxes das asembleas previas ao proxecto (Adega das Barrocas –Oimbra- e Local social de Vilaza) e da reunión coa veciñanza das Chás para a presentación dos resultados**

contexto, o obxecto do patrimonio cultural non son as cousas ou os actos en si mesmos, senón os procesos que involucran o facer, sentir e pensar das comunidades; son estas as que “portan a memoria e son a propia memoria, son o patrimonio cultural”<sup>21</sup>. O patrimonio arqueolóxico debe transcender o seu status neutro ou case inerte para ser potenciado como un recurso que poida cumprir algún rol específico nas dinámicas sociais, é dicir, mediante estratexias de apropiación social. Só deste xeito, con-

vertendo as comunidades locais en depositarios do coñecemento, mais tamén en garantes da súa difusión e salvagarda, será posible a súa preservación no futuro. A asunción desta responsabilidade social busca que a sociedade non sexa unha simple “consumidora” dos resultados, senón a súa implicación na parte activa do propio proceso de xestión e construción de coñecementos.

Nesta liña, dentro do convenio específico asinado entre a Facultade de Historia da Universidade de Vigo e os Concellos de Monterrei recollíase non só a realización de proxectos de investigación arqueolóxica, senón a realización de actividades, a presentación de comunicacións en congresos ou simposios científicos (nacionais ou internacionais), a organización de exposicións ou visitas guiadas, impartición de charlas ou conferencias divulgativas, entre outras. Incluíase tamén a elaboración, redacción e posta en funcionamento dun Plan Director para o conxunto histórico e patrimonial.

Considerando o anterior, as accións arqueolóxicas no terreo víronse completadas con actividades de difusión orientadas á veciñanza (con prioridade) e á cidadanía en xeral, de maneira que permitise coñecer o propio enclave e os resultados das intervencións acometidas, xa a través de visitas presenciais, xa mediante fórmulas de difusión telemática.

En efecto, presentábase non só a oportunidade de xerar un coñecemento sobre o pasado, senón o de actuar como mediadores ou facilitadores, poñendo o saber técnico ao servizo dos procesos de socialización e patri-

21. Convenio Andrés Bello: <https://convenioandresbello.org/cab/>





monialización e da apropiación simbólica do patrimonio por parte dos distintos axentes sociais implicados<sup>22</sup>, tendo en conta, ademais, os antecedentes de intervencións no Támeiga. Os investigadores vinculados ao proxecto tiñan previamente unha longa traxectoria de traballo na comarca de Monterrei, desenvolvida a través de proxectos anteriores en relación co tecido asociativo da comarca, esencialmente a Asociación Alto Támeiga e a Asociación Monterrei Cultura e Territorio. Estas relacións reiteradas coa comarca de Monterrei a través de diversas actuacións desde 2009 sentaron as bases para estreitar a vinculación coa base asociativa, á que se incorpora o Colectivo Cultural Olimbria, nado en 2018, xurdido do interese de varios membros, alentados por dirixentes do goberno local e especialistas na materia a tratar, todos con interese común en todo o patrimonio en xeral e en particular o encadrado dentro do territorio do actual Concello de Oímbra.

Foi tamén fundamental a relación coas comunidades de montes e outros axentes, individuais ou colectivos, que foron establecendo contacto co equipo de traballo a través de diversos canles abertos. Mantivéronse asembleas informativas previas ao traballo de campo e en diversos lugares, co gallo non só de presentar a actividade a desenrolar senón tamén de conversar coa veciñanza que, alén de aportar lembranzas sobre usos do terreo e construción da paisaxe, amosou as súas suxestións e inquiredanzas. Neste senso tamén foron importantes as multitudinarias andainas para coñecer o xacemento, que serviron como punto de encontro.

De xeito paralelo, complementario ás actividades sobre o terreo e de interacción directa coas comunidades máis próximas e vinculadas ao xacemento (ademais da boa acollida de que gozou en medios de comunicación, con noticias e entrevistas en prensa, radio e televisión) os labores

### **Incendio de Monterrei en xullo de 2020, visto desde Lobarzán**

de difusión apoiáronse igualmente en plataformas dixitais e redes sociais. Foi creado un blogue<sup>23</sup> onde as distintas entradas ían analizando a evolución dos traballos e outros aspectos complementarios ao mesmo e estas informacións, á súa vez, vinculábanse ás redes sociais<sup>24</sup>.

### **3. A modo de balance**

É preciso pór de relevo, en primeiro lugar, que o potencial arqueolóxico e histórico do enclave era xa coñecido polos axentes locais e o tecido asociativo da comarca, existindo diferentes intereses ao respecto. Este recoñecemento social da relevancia do lugar presentaba aspectos positivos, como o interese no desenvolvemento

22. WALID SBEINATI, S. e PULIDO, J., 'Socialización del patrimonio, patrimonio expandido y contextualización de la cultura'. En *ArqueoWeb*, 15: 326-334.

23. <https://castelodelobarzan.home.blog>

24. [@castelodelobarzan](https://www.facebook.com/castelodelobarzan)

de intervencións arqueolóxicas e as boas expectativas xeradas por parte da veciñanza, ben visible no alto número de asistentes ás asembleas informativas e o intenso seguimento das canles de comunicación do proxecto. Porén, envolvía asemade aspectos negativos, como o longo historial de espolios sistemáticos no xacemento.

Outro aspecto a ter moi en conta foron as reclamacións para a apropiación tanto física como simbólica dos espazos do xacemento das comunidades da contorna. Significativos deste punto, foron tanto algunhas das intervencións realizadas nas asembleas de veciños, así como o intenso debate xerado sobre o nome elixido para o proxecto (Castelo de Lobarzán) e as diferentes propostas de denominación, en función da comunidade/ parroquia/concello da que partía a proposta.

Tras este primeiro ano de proxecto resulta fundamental promover a continuidade nas accións, na transmisión dos valores asociados co patrimonio e na súa independencia. A nivel social, é preciso reactivar mecanismos e actuacións que no ámbito político e institucional alenten as dinámicas asociativas para que sexan axentes activos no territorio e nas comunidades, cooperantes necesarios con outros actores sociais. A nivel do enclave, é preciso establecer unha estratexia de protección, tanto para a cavidade coas pinturas como do conxunto do xacemento e o subsolo, e controlar o perigo latente do espolio sistemático no xacemento, a través de educación e da sensibilización dos distintos axentes.

Non ollamos Lobarzán só como un proxecto arqueolóxico. Consideramos que este tipo de iniciativas deben de enfocarse, alén da propia investigación, en promover a activación de recursos e potencialidades para o territorio: un espazo excepcional e singular no eixo de grandes vías de comunicación tradicionais, mais tamén un territorio ameazado por diversas problemáticas, fundamentalmente a propia perda de patrimonio social, co envellecemento da poboación e a diminución drástica da poboación e o abandono dos pobos, e afectado por políticas depredadoras do territorio, especialmente do monte, sometido a acción dos lumes e necesitado de volver á busca de servizos multifuncionais<sup>25</sup>.

É un territorio que reclama tarefas de xestión, que precisa construír e fixar o seu propio discurso e transmitirlo a través de pezas significativas en exposicións temporais ou permanentes, xa que se debería recoñecer o papel de todos os actores públicos e privados así como os dereitos dos grupos de cidadáns interesados en participar activamente no mantemento, xestión e desenvolvemento dos bens patrimoniais en común. Porén, para estes cambios será preciso unha mudanza no actual marco legal e normativo e avanzar dende proxectos de tipo contributivo a proxectos de tipo colaborativo. Consideramos que, na continuidade do proxecto, sería necesario o compromiso e a planificación dunha mesa de traballo entre as administracións locais (comunidades de montes e veciñanza), municipais e o tecido asociativo da comarca.

Moitos proxectos rematan frustrados pola desconfianza mutua e a falta de implicación e recoñecemento nos obxectivos comúns. Debemos entender que aquilo do que falamos non é unha loita entre axentes, senón unha cuestión de responsabilidades compartidas, de comunidade de intereses e de bens comúns. Impulsar un proxecto así non ten só como obxectivo encher as páxinas de revistas científicas, porque o que se busca é un impacto positivo nas comunidades arredor destes lugares.

Pechamos este texto cunha imaxe simbólica, a da comunidade no alto do outeiro onde se erguía o vello Castelo de Lobarzán, mirando cara a un horizonte común. Porque neste xesto de "conquista" representado sobre os restos dun castelo esquecido conmemórase a Historia, pero tamén a identidade colectiva que reivindica o seu presente e o seu futuro a través do seu pasado.

25. CABALEIRO *et al*, *A outra cara do Monte. Aproveitamentos alternativos*.



**Asistentes ás andainas na torre do castelo de Lobarzán**

#### Agradecementos

A campaña 2019 do proxecto de investigación foi financiada ao abeiro da medida 19.2 do LEADER do PDR Galicia 2014-2020.

Agradecemos a cantos colaboraron –coa súa obra ou a súa sabedoría–, apoian e se interesan polo proxecto, chegados dun e doutro lado da raia, fronteira que, se antes dividiu, agora une. A todos: moitas grazas, *bem-haja*.



*Xesús Ferro Couselo visita o mosaico descuberto polos Escavadores no lugar da Cigarrosa, Roblido (A Rúa), 4 maio 1969.  
Foto: Manuel Fernández "Patea".*

# Os Escarvadores,

## precursores da arqueoloxía en Valdeorras



### Gustavo Docampo Paradelo

Técnico de cultura do Concello do Barco de Valdeorras

**É** cara o ano 1964 cando se crea no Barco o grupo «Os Escarvadores» como sección da Sociedade Filatélica e Numismática, naquela altura moi activa. *«En realidade hai máis de tres anos que estamos nisto, mais como grupo autorizado comezamos en xaneiro de 1967, data na que recibimos as oportunas autorizacións da Dirección Xeral de Belas Artes».* Son declaracións do seu principal promotor, Joaquín Gurriarán Salgado, militar retirado, nunha entrevista de Marcial Hernández para o xornal La Región.

Encamiñan os seus pasos, en primeiro lugar, cara os castros do Xardoal e Xirimil, próximos ao Barco, onde atopan algúns restos de cerámica e escouras de fundicións. O 22 de febreiro de 1966, van de excursión por terras do Bierzo con paradas en Carucedo, castelo de Ponferrada, mosteiro de Carracedo, castro de Pieros (Castro Ventosa) e Vilafranca

do Bierzo, localidade na que visitan ao que fora párroco do Barco, Miguel Villar Santín, que viña de ser destinado á vila do Burbia.

A composición dos Escarvadores é moi heteroxénea e cambiante, entre os habituais o seu presidente, o xa citado Joaquín Gurriarán Salgado, xunto a el Ricardo Mosquera Graña, profesor da Academia Dequidt; Manuel Fernández Rodríguez «Patea», conserxe do Casino; Ramón Rodríguez Prada «Moncho», ferreiro; Joaquín González Pérez «Cua cua», barbeiro e máis tarde encargado da biblioteca municipal; Ángel Fernández Fernández «Gelito», empregado de banca; Marcos Murias Feliz, sacerdote; José Luís González Crespo «Curís», fontaneiro; Manuel Conde Rodríguez «O Monfortino», zapateiro; Tarsicio González Molina, profesor da Academia Dequidt; Miguel Ángel Estévez Valle «Serodio», marmorista; Carlos Rodríguez

Paradela «Chiripero», empregado de banca, e outros moitos.

No verán de 1966 realizan unha das súas «expedicións», nun Land Rover de Aquilino «Nievitas» de Sobradelo, por Cabarcos, Castropetre, Arnado, Xestoso e Vilarrubín. A esta última localidade foron noutra ocasión nun Land Rover do Carlos «Chiripero» (parando en varios sitios para librar obstáculos no camiño) a escarvar no Chao dos Lombos, onde obteñen como recompensa unha lápida de lousa coa inscrición «hic iacet carolus», tras a descuberta dunha tumba posiblemente medieval.

Logo comezaron a operar no Castelo (noutros lugares aparece como As Mourinallas), xacemento situado entre Prada e Meda, nas beiras do encoro onde está somerxida a aldea de Alberguería. Ata alí desprazábanse no camión de reparto dos refrescos Iris, de Trives, que manexaba Manolo



Os Escarvadores posando diante do mosaico que acaban de destapar na Cigarrosa, maio 1969. Foto: Ramón García "Ragar".

«Patea», quen conservaba unha minuciosa crónica das «expedicións» no seu álbum fotográfico con anotacións feitas por el. As fotos recollen o traballo entusiasta destes pioneiros, a súa relación coas xentes do lugar que os fornecían de lendas e historias antigas que alimentaban a súa imaxinación de escarvadores, e divertidas escenas de lecer e camaradería.

Outro punto de atención no seu afán investigador, como non podía ser doutro xeito, foron As Médulas e a súa contorna, centrándose nas canles hidráulicas (alí chamadas «carriles») máis en particular no lugar de Valdefrola, preto de Catroquilame, onde localizan a inscrición «Endius Carancinus», posiblemente o nome de quen tallou a rocha. Esta inscrición, da que había noticia polos estudos de Gómez Moreno

en 1927, estaba perdida. Logo de ser redescuberta polos Escarvadores volveuse «perder» oculta polo mato ata que o 14 de xullo de 2005, tras a limpeza da canle, foi achada de novo por Roberto Matías, enxeñeiro de Minas da Universidade de León e o primeiro en topografar a rede hidráulica de 600 quilómetros que abastecía a mina das Médulas. Matías declarou daquela a un xornal leonés: *«trátase dunha inscrición que estaba perdida desde que un grupo do Barco de Valdeorras a estudou nos anos cincuenta (realmente foi nos sesenta) e realizou un molde dela que tamén se perdeu»*.

No lugar do Castelo de Valencia do Sil os Escarvadores estableceron en 1968 a súa segunda casa. Foi, con moito, o xacemento ao que máis tempo e traballo lle dedicaron. Descubren restos de varias casas do

que semella unha citania situada na marxe esquerda do río Sil en terreos propiedade de Saltos del Sil, que llos cede para as súas pescudas e no que chegan a construír unha choza ao xeito «castrexo» para gardar a ferramenta entre a semana, xa que eran os domingos os días consagrados á arqueoloxía. De Valencia do Sil proceden unha boa parte dos materiais que ían xuntando para un futuro museo. Sobre un plano esbozado do xacemento do Castelo, asinado o 1 de setembro de 1974, Joaquín Gurriarán enumera os achados: cerámicas de diversas épocas, vidro (anacos), cal decorada, aneis de prata, fíbulas, conta de colar e sete moedas dos séculos I, III e IV. Entre as pezas cerámicas son de salientar dúas pequenas vasillas grafadas e incompletas e unha terceira á que conseguiron darlle forma coa unión



Ferro Couselo e Xaquín Lorenzo no xacemento de Prada (A Veiga), c. 1966. Foto: Manuel Fernández "Patea".

de múltiples fragmentos. Tamén son desta procedencia varios contrapesos e fusaiolas de tear.

As pezas que ían descubrindo xuntáronas ao primeiro na Biblioteca e máis tarde, cunha axuda que lles daba o concello para o pagamento da renda, nun local que lle chamaban «O Toque», onde estivera antes o club «Os Águilas», nunha casa situada no lateral sur da igrexa de San Mauro. Neste local montaron os Escarvadores o seu museo, colocando en armarios vitrinas os restos arqueolóxicos e outros obxectos que lle achegaron algúns veciños e que tiñan que ver coa historia local.

A descuberta máis importante para a historia de Valdeorras, das realizadas polos Escarvadores, foi o mosai-

co da Cigarrosa, en maio de 1969, nunha viña propiedade de Alfonso Arias, no lugar da Cigarrosa, onde en 1896 xa fora descuberto (o mesmo mosaico ou outro moi similar) e logo tapado por decisión da Comisión de Monumentos. «Doce homes en tres soleadas mañás conseguen mover setenta metros cúbicos de terra e pedras sen máis ferramentas que unhas pobres pas e cestos rotos», en palabras de Joaquín Gurriarán. Tras o esforzo veu a recompensa: «non pode ser descrito o pasmo de todos cantos rematamos o noso labor. A marabilla de 24 metros cadrados de mosaico dedicado exclusivamente a peixes coas súas cores naturais e con exemplares de golfinhos, fermosos en acción de saír polo desaugue, preciosas douradas, esturións, estrelas de mar,

medusas, anguías e a nosa esvelta troita do río sil, todo deseñado harmoniosamente e recheo con esvásticas nunha perfecta combinación que agrada á vista». A histórica foto de Ramón García «Ragar» reflicte as caras de satisfacción dos escarvadores posando diante do increíble achado. O día 4 de maio chéganse ata A Rúa Xesús Ferro Couselo, director do Museo Arqueolóxico Provincial e o seu colaborador Xaquín Lourenzo Fernández que lle propoñen ao Ministerio o levantamento do mosaico por especialistas, comprometéndose o concello da Rúa a cercar o lugar e mantelo vixiado. Ao cabo dun tempo, o que era un dos mosaicos romanos máis interesantes de Galicia desapareceu misteriosamente sen que se volve saber nada del.



*Os Escarvadores con varios paisanos na aldea de Prada (A Veiga), en primeiro plano con sombreiro e cámara de fotos Joaquín Gurriarán Salgado, o seu fundador, c. 1965-1966. Foto: Manuel Fernández "Patea".*

En 1970 os Escarvadores localizan en Viloira unha ara romana que enseguida despertou o interese dos estudosos. A ofrenda ao deus Tileno por parte de Quinto Julio Tiron foi estudada por Alberto Balil, Acuña Castroviejo e Fermín Bouza-Brey, que fai a primeira publicación sobre a mesma. Todos eles acudiron a Valdeorras a coñecer os achados e os xacementos nos que o grupo desenvolvía os seus traballos. Pouco máis tarde, no curso dunha reforma no altar da igrexa de Santurxo, aparece outra ara romana de gran interese ofrecida a Baco (Liberio Patri).

Cos movementos de terra que se fixeron para a construción da actual N-120, o grupo localiza un tesouriño de moedas romanas de

distintas épocas no castro do Moar-As Portas da Veiga de Cascallá, que se conservan no Museo Arqueolóxico Provincial. Tamén por mor das citadas obras aparecen en 1973, de novo na Cigarrosa, restos doutro mosaico que, malia ter sido levantado por especialistas chegados de Mérida, acabou desaparecendo como o anterior, agás algúns fragmentos que conseguiu recuperar Ferro Couselo para o Museo de Ourense.

Na seguinte década o grupo vai reducindo a súa actividade resentido pola perda dalgúns dos socios máis dinámicos. A memoria de actividades do ano 1985 recolle actuacións no xacemento de Valencia do Sil, entre o 20 de abril e o 11 de agosto, que posiblemente sexan os seus

derradeiros traballos de campo naquel lugar.

En 1989 o «museo» dos Escarvadores ten que ser desaloxado por ameaza de ruína. O concello do Barco faise cargo da ara de Viloira e de algunhas das pezas recollidas nas escavacións. Coas que se consideran máis significativas de entre elas orgánizase en outubro de 2019 a exposición titulada *In Terra Gigurrorum*, co asesoramento do arqueólogo Santiago Ferrer Sierra, que inclúe un percorrido polo pasado romano da comarca e outro, fotográfico e documental, polas actividades do grupo de arqueólogos amadores do Barco.

O espírito dos Escarvadores abriu camiño e prendeu en estudantes



da comarca que participaban, man con man cos arqueólogos veteranos, nas operacións de rastrexo no Castelo de Valencia do Sil. Numerosos lugares de Valdeorras e das comarcas aveciñadas onde se manifestaba a historia antiga, foron obxecto da atención e das expedicións dominicais deste grupo de amadores do patrimonio cultural, ao que lle debemos non só uns achados materiais que botan luz sobre o pasado senón a transmisión ás novas xeracións do seu interese polo coñecemento, o estudo e a divulgación da realidade máis próxima.

*Ara romana a Tilenos atopada en 1970 en Viloira (O Barco) polos Escavadores.*



*Tres xerras romanas, as dúas pequenas con marca de propietario, achadas entre 1968 e 1970 polos Escavadores no xacemento do Castelo de Valencia do Sil (Vilamartín de Valdeorras).*





*Paisaxe de Valdeorras dende o xacemento de Valencia do Sil*

# Arqueoloxía das sociedades labregas na longa duración histórica nunha “periferia” arqueolóxica: o proxecto Sputnik Labrego na comarca de Valdeorras

Carlos Tejerizo-García  
Mario Fernández-Pereiro  
Celtia Rodríguez-González  
Alejandro Rodríguez-Gutiérrez  
Laura Martínez-Panizo

Francisco Alonso-Toucido  
Verónica Silva-Alvite  
Diego Torres-Iglesias  
Olalla Álvarez-Cobian  
Equipo Sputnik Labrego

## 1. INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento da arqueoloxía en Galiza tivo unha historia moi particular, entre o academicismo institucional, a política, a ideoloxía, e o significativo impulso das comunidades locais (Ayán Vila, 2012). Todos estes axentes configuraron unha arqueoloxía moi potente pero moi irregularmente desenvolvida, sobre todo en certas contornas, como é o caso do sueste galego e, particularmente, a comarca de Valdeorras. Neste traballo expoñeremos os traballos que, desde o ano 2016, levamos a cabo neste espazo ligados ao proxecto Sputnik Labrego ([www.sputniklabrego.com](http://www.sputniklabrego.com)) e cuxo nexo común é a análise das sociedades labregas na longa duración histó-

rica. Deste xeito queremos pór en valor o rico patrimonio de contornas que foron consideradas periféricas ata moi recentemente, pero que, grazas á arqueoloxía, poden ter un impacto social significativo nas sociedades actuais. E, ao mesmo tempo, reivindicar o importante rol que as sociedades labregas do pasado tiveron na configuración do noso presente.

## 2. A COMARCA DE VALDEORRAS: UNHA ARQUEOLOXÍA NA PERIFERIA

A comarca de Valdeorras atópase na parte oriental da provincia de Ourense e comprende nove concellos: O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A

Veiga e Vilamartín de Valdeorras. A orixe xeolóxica sitúase na oroxenia Herciniana durante o Paleozoico (550-250 ma) e nos procesos de glaciación posteriores. Estes procesos formaron unha paisaxe de fondo de val atravesado polo río Sil e rodeado por distintas serras -Serra do Eixe ao sur, Serra dos Cabalos ao norte e Serra de Queixa no suroeste-. Deste xeito, creábase unha zona de paso que converteu a comarca dende moi cedo nun espazo de tránsito obrigatorio que conectaba a meseta norte a través do Bierzo e o interior de Galiza. Disto son testemuños os numerosos achados de materiais do Paleolítico ao longo do río Sil<sup>1</sup>.

A diversidade xeográfica e xeolóxica da comarca xerou unha im-

1. Moitos deles aínda inéditos. Grazas á José Fernández Pérez por esta información



Mosaico da Cigarrosa

portante explotación vinculada á minería dende a Prehistoria, como mostran os numerosos xacementos coñecidos desta época (Meijide Pardo, 1985). Porén, a súa centralidade histórica e política chegou tras a conquista do territorio polo Imperio Romano, que implantou un complexo sistema de explotación e comercio de mineral, sobre todo o ouro, ligado a minas como as Médulas (Carucedo, O Bierzo) ou Montefurado (Quiroga, O Courel). Unha explotación masiva -sobre todo nos niveis coñecidos para a época- que implicou unha forte reorganización do sistema do poboamento de toda a bisbarra así como a construción da vía XVIII o *Via Nova*, que atravesaría toda esta zona (Ferrer Sierra, 2014; Sánchez-Palencia Ramos, 2000). Froito desta centralidade na economía imperial foi a emerxencia dunha potente elite territorial sobre a antiga poboación asociada coa etnia dos “gigurros”, como mostra a coñecida lápida sepulcral de Lucio Pompeio Reburro<sup>2</sup> (Rodríguez Colmenero

*et al.*, 2009). Esta importancia mineira continuaría ao longo do tempo en maior o menor medida ata a actualidade, sendo actualmente Valdeorras un dos centros de extracción de lousa máis importantes do mundo (San Román Rodríguez, 2000). Xunto á explotación mineira, nesta comarca tamén desenvolveu unha importante economía agrícola e gandeira, esta última sobre todo nas zonas de montaña. A maiores, non se pode falar de Valdeorras, sen mencionar o cultivo da vide, con testemuñas que remontan á época romana, como mostran os recentes lagares descubertos en Larouco ou Fonte<sup>3</sup> (Rodríguez Colmenero *et al.*, 2009), e cunha ampla expansión dende a Idade Media (García Tato, 1986), mais sobre todo a partir dos séculos XVI e XVII d.n.e., como mostrarían documentos como o Catastro do Marqués da Ensenada de 1750 (Castro Voces, 1993).

A arqueoloxía en Valdeorras ten unhas orixes similares ao sucedi-

do noutras comarcas galegas, con diversos eruditos e persoas interesadas na Historia deste territorio en particular, e do noroeste en xeral, recolleron novas e catalogaron distintos xacementos de gran relevancia. Entre os que podemos destacar os sitios de Santa María de Mones ou Valencia do Sil (Bouza Brey, 1953; Risco, 1928), así como pezas históricas de gran relevancia, entre as que destaca o Crismón de Quiroga, moi preto de Valdeorras e dentro da súa contorna cultural (Tejerizo García, 2020). Esta peza, descuberta a finais do século XIX utilizada como mesa de altar na igrexa contemporánea, interprétase como un altar datado no século VI d.n.e. e pertencente a un edificio relixioso de prestixio (Sánchez Pardo, 2016).

Entre estes xacementos que marcaron os inicios da arqueoloxía en Valdeorras destacaríase, pola súa controvertida historia, o sitio da Cigarrosa, unha importante *villa* romana situada no actual concello da Rúa. Esta *villa* foi achada en 1896 dentro dunha finca privada onde se fixeron algunhas catas que mostraron a presenza dun balneario con importantes mosaicos de temas ligados co mar. Posteriormente, en 1969, o grupo dos “Escarbadores”, dos que falaremos a continuación, realizaron outras catas onde atopan outro mosaico moi similar ao primeiro. A indecisión das autoridades administrativas e as novas do achado provocaron a destruc-


2. Na actualidade esta lápida atópase incrustada nunha casa preta á igrexa de San Esteban. “[Lucio] Pompeio L(ucio) f(ilio) / Pom(ptina) Reburro Fabro / Gigurro Calubrigen(s) / probato in coh(orte) VIII pr(aetoria) / beneficiario tribuni / tesserario in I(centuria) / optio in I(centuria) / signifero in I(centuria) / fisci curator / cornic(ulario) trib(uni) / evoc(ato) Aug(usti) / L(ucius) Flavius Flaccinus / h(eres) ex t(estamento)”. Traducida como “A Lucio Pompeyo Reburro Fabro, hijo de Lucio, Gigurro, de la tribu Pompitina y natural de Calubriga, destinado en la Cohorte VII de los pretorianos, beneficiario del tribuno, tesorero de su Centuria, optio y signifero de su Centuria, encargado del fisco, elegido por el Emperador, Lucio Flavio Flaccino, su hereero, lo hizo por manda testamentaria”

3. <https://somoscomarca.es/los-lagares-de-larouco-historia-del-vino-de-la-comarca/>

*Xacementos  
arqueolóxicos  
documentados  
en Valdeorras*

ción dos mosaicos, parte dos cales consérvanse actualmente no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (Veiga Romero, 2009).

Malia que a comarca de Valdeorras conta con moitos xacementos arqueolóxicos, non tivo, como outras zonas de Galicia, un xacemento de referencia que impulsara a arqueoloxía institucional, o que, ao noso entender, converteu a zona nunha auténtica “periferia” arqueolóxica. Periferia en canto que non centrou nin o interese académico nin a inversión en grandes proxectos de escavación, como noutras partes de Galiza. Porén, a labor de catalogación e impulso dos estudos arqueolóxicos na zona chegaron da man de diversas institucións e grupos locais. Entre eles destaca a labor do grupo “Os Escarbadores” e do Instituto de Estudos Valdeorreses (IEV). O grupo dos “Escarbadores” foi un conxunto de entusiastas e apaixonados da arqueoloxía valdeorresa organizados principalmente ao redor da figura de Joaquín Gurriarán<sup>4</sup>. Actuaron, principalmente, dende finais dos anos 50 ata os anos 80 e, de xeito desinteresado, catalogaron e escavaron algúns dos sitios máis relevantes do territorio, como o xa mencionado caso da Cigarrosa ou o Castelo de Valencia do Sil. Pola



súa parte, o IEV é un instituto fundado en 1979 cuxo obxectivo é a promoción dos estudos culturais en Valdeorras, cunha inxente labor de publicación, organización de palestras así como da creación dunha sección específica de arqueoloxía, presidida por José Fernández Pérez.

Dende os anos 90 as intervencións arqueolóxicas na zona foron moi limitadas. Sen dúbida, o feito máis relevante foi a elaboración do inventario arqueolóxico da comarca dentro do inventario xeral de xacementos arqueolóxicos en Galiza promovido pola Dirección Xeral de Patrimonio Arqueolóxico. Deste xeito, grazas á labor de diversas empresas, arqueólogos e informantes locais -entre os que hai que destacar a Santiago Ferrer e a José Fernández pola cantidade de xacementos catalogados- configúrouse unha relación de sitios arqueolóxicos con protección pa-

trimonial en Valdeorras. Isto permitiu, ás veces máis mal que ben, protexer algúns xacementos arqueolóxicos ante a expansión dos viñedos ou a construción da estrada N-120, que afectaron a moitos xacementos na zona (Fernández Pereiro *et al.*, 2017). Porén, as escavacións arqueolóxicas foron moi escasas, destacando a levada a cabo no xacemento da Pobra dirixida por P. Soto (Soto Arias, 1993) e, máis recentemente, a intervención arqueolóxica na torre medieval de O Castro, dirixida por S. Ferrer<sup>5</sup>.

Esta tendencia parece estar mudando. Nos últimos anos houbo unha revitalización das intervencións arqueolóxicas en Valdeorras que auguran unha interesante perspectiva de futuro para o patrimonio comarcal. Ademais dos traballos dentro do proxecto Sputnik Labrego, que resumimos a continuación, producíronse algunhas

4. Entre outros Ricardo Mosquera, Manuel Fernández, Ramón Rodríguez, Joaquín González, Ángel Fernández, Marcos Murias, José Luís González, Manuel Conde, Tarsicio González, Miguel Ángel Estévez ou Carlos Rodríguez

5. <http://www.arqueologiamedieval.com/noticias/7478/descubiertos-restos-arqueologicos-en-las-obras-de-o-castro-ourense>

pequenas intervencións en sitios como o Castelo de Valencia do Sil, no contexto do 50 aniversario da escavación da Cigarrosa por parte dos Escarbadores, así como unha limpeza e realización de sondaxes no Castrillón, en Larouco. É neste contexto no que se insiren os novos traballos arqueolóxicos.

### 3. O PROXECTO SPUTNIK LABREGO

O proxecto Sputnik Labrego<sup>6</sup> ten o obxectivo de analizar as sociedades labregas do noroeste peninsular na longa duración histórica a través das ferramentas da arqueoloxía e da antropoloxía. A hipótese básica de traballo é que as sociedades labregas, polas súas características (Shanin, 1971), mostran unha alta capacidade de resiliencia e resistencia ante as grandes mudanzas políticas e históricas de curta duración mais de gran impacto estrutural, o que o arqueólogo americano C. Matthews chama os “momentos de perigo” (Matthews, 2002). Estes procesos de resistencia e resiliencia teñen un gran impacto na paisaxe e na materialidade e permítenos entender de xeito complexo as dinámicas que permitiran ás sociedades labregas do noroeste unha supervivencia ata practicamente a actualidade (Fernández Prieto, 2015). Unha longa historia dende os inicios da Idade Media ata o gran impacto que foi o proceso de modernización (Rösener, 1995), que, no caso do noroeste peninsular, remata coa imposición do estado franquista (Cabana Iglesia, 2006). Baseados nas arqueoloxías sociais e críticas, o proxecto pre-

tende lanzar luz sobre un tipo de sociedade que está chamada a xogar un rol cada vez máis importante no futuro próximo. Doutra banda, o proxecto Sputnik Labrego parte dun compromiso explícito coas comunidades locais, de xeito que estas non só poidan aproveitar os coñecementos saídos do proxecto, senón que sexan participantes activas no mesmo, tanto na toma de decisións como no desenvolvemento específico das tarefas (Bianchi, 2001).

Polo momento, o proxecto desenvólvese a través de tres casos de estudo dentro da comarca de Valdeorras vinculados coa desaparición do Imperio Romano e o inicio da Idade Media, a emerxencia e as mudanzas dos espazos de man común e, finalmente, o desenvolvemento da loita antifranquista na coñecida como *Ciudad de la Selva*, nos montes de Casaio. Describiremos brevemente os traballos feitos en cada un destes casos de estudo.

#### 3.1. A fin do Imperio Romano e o inicio da Idade Media: o Castelo de Valencia do Sil (Vilamartín de Valdeorras).

O período final do Imperio Romano no noroeste peninsular é un período moi complexo de estudar. En primeiro lugar, non hai moitas fontes escritas que permitan ter unha idea clara sobre os procesos sociais e políticos que remataron o que foi un dos imperios máis poderosos da antigüidade. Neste caso, a mellor fonte da que dispoñemos é a do bispo Hidacio

de Chaves, que, como mostran autores como César Candelas ou Pablo Cruz Díaz, é unha fonte moi complexa e que adoita mostrar unha visión moi particular dos acontecementos (Candelas Colodrón, 2004; Díaz Martínez, 2011). En segundo lugar, a fin do Imperio Romano ocorreu nun período moi curto de tempo, o que dificulta poder entender cun certo grado de complexidade todos os procesos que determinaron este evento (Wickham, 2009). É por isto que a súa análise é moi dependente da arqueoloxía e do estudo dos sistemas de poboamento e das mudanzas económicas, políticas e simbólicas das sociedades entre os séculos IV e V d.n.e. A idea de “iluminar” este período mal coñecido como escuro é o un dos obxectivos do noso proxecto na comarca de Valdeorras.

Como xa comentáramos, Valdeorras preséntase como un espazo privilexiado para este propósito. A potente minería asociada a esta área converteu esta bisbarra nun espazo central na economía imperial. Ademais, trátase dunha fronteira natural entre a meseta central e a costa atlántica, aspecto subliñado pola presenza do río Sil e a posterior Vía XVIII, a *Vía Nova*, construída polos romanos para facilitar, entre outros, o transporte do tan prezado mineral. Deste xeito, o impacto do Imperio Romano na comarca de Valdeorras foi moi significativo, coa presenza de xacementos de primeiro orde, como os xa comentados da *villa* da Cigarrosa ou o asentamento da Pobra. Porén, os momentos finais

6. Financiado e apoiado, sucesivamente, pola Xunta de Galiza, o Instituto de Ciencias do Patrimonio (CSIC), a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade do País Vasco e a Comunidade de Montes de Casaio e Lardeira.



*Espazo doméstico de Valencia do Sil*

do Imperio Romano aínda eran pouco coñecidos na comarca. De entre todos, un dos xacementos que nos pareceu máis interesante foi o de Valencia do Sil, coñecido dende finais do século XIX e escavado durante os anos 60 e 70 polo grupo dos Escarbadores (Fernández Pereiro et al., 2017).

Dende o ano 2019, este xacemento é obxecto de escavacións arqueolóxicas que están a aportar moita información sobre este momento histórico. Situado nun pequeno cumio a beira do río Sil, o xacemento ocupa unha extensión aproximada de 3 has. Orixinalmente contaría cunha potente muralla da que hoxe en día temos moi poucos restos conservados. A proliferación de material arqueolóxico no interior do recinto amurallado invita a pensar nunha ocupación moi intensa do sitio nos momentos finais do Imperio romano, como están a mostrar as escavacións.

Polo momento, a escavación centrouse en dous sectores do xacemento. O primeiro é o que denominamos como “sector doméstico”. Trátase dun gran edificio xa escavado nos anos 60 e 70 cun total de 12 estancias recoñecidas, mais que podería ter unha extensión maior. Polo material atopado no interior pensamos que se trata dunha única vivenda ocupada por unha familia extensa e que mostraría unha gran diversidade funcional; isto é, que cada estancia estaría dedicada a unha tarefa distinta, sexa de almacenamento -por exemplo, en estancias onde se atoparon anacos de ánforas de transporte de produtos como o viño ou o aceite-, de cociña -coa presenza de fogares-, ou de produción -con estancias onde se atoparon os coñecidos como *pondera*, pesas de tear para a fabricación de tecido. Ademais, tanto nas escavacións antigas como nas actuais atopáronse unha gran cantidade

de moedas que mostraría unha potencial ocupación do sitio por parte de elites rexionais. A datación radiocarbónica neste contexto así como os materiais arqueolóxicos invitan a pensar que a fase de ocupación principal deste espazo foi entre mediados do século IV e finais do século V d.n.e.

O outro sector intervindo atópase na parte sueste do xacemento, tamén escavado parcialmente de antigo e coñecido entón como “casa romana”. Entre os anos 2019 e 2020 puidemos escavar de xeito completo unha gran estancia cuxa característica máis destacada é a aparición dun solo de *opus signinum*, un tipo de solo moi representativo da cultura romana feito de morteiro de cal xunto con anacos de pedra, tixolo e barro. Porén, non atopamos ningunha estrutura interna, salvo un apoio para unha columna central que sostería o teitume a un auga feito de lousa. Chamámoslle o



*Visita guiada ao xacemento de Valencia do Sil durante a campaña de 2020*



*Alvariza do sitio de Ana de Vacas (Casaio)*

“sector produtivo” porque o material máis destacado atopado nesta estrutura é unha cantidade moi significativa de mineral e de escouras, restos de actividades de produción de metal. As análises que polo de momento puidemos facer indican que, sexa nesta estrutura, sexa na contorna inmediata, tiveron lugar actividades de forxa, posiblemente de ferro. A datación radiocarbónica feita indica que esta estancia foi ocupada contemporaneamente ao outro edificio coñecido.

Tanto as estruturas escavadas como o material atopado invitan a pensar nunha sociedade complexa, posiblemente vinculada ás elites rexionais de Valdeorras que ocuparan este espazo para realizar actividades relacionadas coa extracción de mineral. Con todo, esta non sería a única actividade do sitio. A análise dos ósos de animais atopados no interior do xacemento, estudados polo profesor Carlos Fernández Rodríguez, da Universidad de León, indica a presenza dunha gandería moi desen-

volvida e un consumo de animais que inclúen as vacas, os porcos ou as ovellas (Fernández Rodríguez, 2020). Pola súa parte, a cerámica atopada e as moedas indicarían non só un alto estatus dos habitantes do xacemento senón a presenza de redes comerciais moi activas no momento do ocupación do sitio. Un sitio, ademais, que non estaría illado no seu entorno, senón que partillaría unha ocupación da paisaxe xunto con outros xacementos como os mencionados anteriormente.





*Alvarizas do sitio de Sobredo*

As escavacións no Castelo de Valencia do Sil proporcionaron moita información que actualmente estamos a procesar e que permitirán iluminar este período escuro que é o momento final do Imperio Romano e os primeiros momentos da Idade Media. Ademais, as escavacións revalorizan un xacemento moi especial que, esperamos, sexan unha punta de lanza para a promoción do patrimonio cultural de Valdeorras.

### 3.2. A análise arqueolóxica dos bens de man común: os colmeares de Casaio

Os espazos de xestión comunal son un dos elementos principais de artellamento das sociedades labregas, que desenvolveron complexos mecanismos de xestión institucional para o seu aproveita-

mento histórico (Ostrom, 1990). Aínda que as orixes destes espazos en Europa varían dunha contorna a outra, hai un certo consenso en establecer a Idade Media como o seu momento histórico de consolidación (De Moor, 2015). O caso do noroeste peninsular é moi interesante neste sentido, xa que constitúe un dos redutos máis importantes de artellamento dos espazos comunais na actualidade (Balboa López, 1990), nomeados como *montes veciñais en man común*. Galiza é un dos poucos territorios peninsulares nos que estes montes veciñais teñen unha lexislación propia, que define a comunidade xestora como os veciños con casa aberta e residencia habitual nas entidades de poboación vinculadas a estes espazos (García Quiroga, 2013). Malia a súa conservación ata hoxe, o proceso de

desintegración deste montes veciñais foi moi veloz. Estímase que para o ano 1800 estes representaban entre 1,8 e 2 millóns de hectáreas, sendo na actualidade menos de 640.000 hectáreas (Dos Comúns *et al.*, 2006). Nos últimos 20 anos diversos proxectos arqueolóxicos ao longo de Europa están a rexistrar e analizar estes espazos dende un punto de vista material e ecolóxico, documentando as mudanzas nos usos vinculados a eles e a súa transformación ligado ás estruturas políticas, económicas e sociais de cada momento histórico (Lindholm *et al.*, 2013; Stagno, 2015).

As parroquias de Casaio e Lardeira, situadas no extremo suroriental da comarca de Valdeorras son un entorno privilexiado para a análise deste tipo de espazos na lon-



*Mina de Volframio de Valborraz*

ga duración histórica. A extensión de montes veciñais de man común de Casaio e Lardeira estímase para finais do século XIX de, polo menos, 8.104 hectáreas. Tras un longo proceso administrativo cunha forte resistencia por parte da comunidade local (Freire Cedeira *et al.*, 2014), actualmente son xestionados pola *Comunidade de Montes de Casaio e Lardeira* e protexidos a través da súa incorporación en 2008 á Red Natura 2000 como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. O noso proxecto ten o obxectivo de analizar arqueoloxicamente a emerxencia e as mudanzas na xestión deste tipo de espazos. Para iso, fixéronse varias campañas de prospección para documentar estes espazos e as distintas estruturas, tanto físicas como ecolóxicas, que permitan rastrear os distintos usos que tiveron ao longo do tempo.

O uso dos espazos de montaña nos montes de Casaio foi unha cons-

tante dende época prehistórica, como mostra a presenza de mámoas atopadas nas zonas máis elevadas da contorna, así como o interesantísimo conxunto de pinturas esquemáticas atopadas na zona do val de San Xil e datadas no Calcolítico (Santos Estévez *et al.*, 2020). Porén, as orixes do artellamento institucional dos espazos comunais deberon ser contemporáneos ao proceso de conformación de Casaio en parroquia durante a Idade Media. Así, o documento escrito máis antigo cunha mención a Casaio dataría do século X, e consérvase dentro do tumbo de Castañeda. Neste documento, un tal Zuleimán e o seu familiar Cipriano mercaron un terreo nun lugar chamado *Intranio*, que dotaron dalgunhas propiedades, incluídas algunhas *in Cassaio* (García Tato, 1986). A actual configuración de Casaio, repartida en catro barrios, debeu ser efectiva xa no século XIII, cando pertencía ao mosteiro de San Pedro de Montes

(Montes de Valdueza). Porén, a primeira referencia explícita á presenza de espazos de xestión comunal dataría do século XVI<sup>7</sup>, entón incluído dentro do señorío da Cabrera, pertencente ao marquesado de Villafranca do Bierzo.

Dentro dos nosos traballos de prospección, un dos elementos máis significativos dentro dos espazos de xestión comunal é a ampla presenza de colmeares ou alvarizas. Trátanse de estruturas de pedra de formato normalmente circular ou ovoidal que delimita distintas fiadas de cortizos de madeira onde se instalaban as avellas. A característica máis destacada deste tipo de colmeares son os saíntes de lousa, a modo de cornixa utilizada para evitar a entrada dos osos ao interior da colmea. Esta é unha tipoloxía de estrutura moi común no noroeste peninsular, distribuída normalmente nas zonas de montaña con ampla presenza histórica de oso pardo e

7. Concretamente trataríase dun foro otorgado ao concello veciñal de Lardeira en 1509.

*Chozo da guerrilla  
da Ciudad de la Selva*



abundante material pétreo de granito, cuarcita ou lousa (Díaz Otero y Naves Cienfuegos, 2010). Aínda que se entende que o mel sería un dos produtos principais destas estruturas, historicamente tamén foi fundamental a produción de cera para a fabricación de candeas. Grazas á información oral sabemos que a xestión deste tipo de estruturas é familiar, cunha destas alvarizas para cada unidade familiar, que xestionaría o produto final, xa sexa para consumo privado, pago de rendas ou venta para mercado.

Polo de agora, puidemos rexistrar un total de 48 colmeares, se ben calculamos un total de 70 con restos conservados e, polo menos, outros 30 que foron destruídos polas actividades extractivas de lousa. Aínda que non podemos datar con exactitude a súa construción pola falta de escavacións arqueolóxicas, a documentación escrita invita a pensar que a súa expansión podería ter sido ao redor dos séculos XVII e XVIII. Así, nun protocolo notarial de 1776 móstrase a ven-

da a Francisco Prieto, veciño do barrio de *Humiña* -actual Rumiñadun “*canto de tierra cercado de pared que sirbe para colmenar*”. O que si mostran as análises arqueolóxicas feitas, é que son estruturas de longa duración histórica mantidas mediante reparacións continuadas ao longo do tempo.

Un dos espazos máis interesantes de concentración destas estruturas é a contorna de Sobredo, situado ao oeste do territorio de Casaio. Neste espazo documentáronse un total de 13 colmeares dispostos nunha forte pendente con dirección norte-sur, co obxectivo de aproveitar ao máximo as horas de sol. Practicamente todas estas alvarizas teñen un formato ovalado ou de ferradura, de dimensións entre os 20 e os 14 metros de longo e 9-10 metros de ancho. Destaca, pola súa tipoloxía, o colmear coñecido como “das catro esquinas” de formato rectangular con dimensións de 25x17 metros. Esta estrutura pertencería a unha das familias ricas de Casaio, o que marca

unha clara distinción simbólica de estatus co respecto ao resto de estruturas. O que é interesante é que antes da construción das alvarizas as evidencias materiais mostrarían un uso do espazo de Sobredo como zonas de pasto, o que podería suxerir que os colmeares serían un xeito de apropiación familiar dos antigos espazos comunais, nun momento de alta competición social, como mostraría a documentación escrita (Saavedra, 2007). Deste xeito, os colmeares representarían materialmente un momento de desintegración progresiva de parte dos espazos comunais cara a actividades produtivas máis intensivas e individuais. Un proceso que continuaría ata hoxe, momento de gran retroceso, como vimos, deste tipo de montes veciñais de man común.

### 3.3. A fin das sociedades labregas: unha historia de dúas cidades.

O terceiro caso de estudo que temos desenvolvido na comarca de Valdeorras está ligado á imposi-

ción definitiva da modernidade en tanto que desintegración e colonización das redes de relacións tradicionais (Quijano, 1992). No caso de Valdeorras, e máis concretamente da zona montañosa de Casaio, este proceso vai ligado á emerxencia do Estado franquista, a penetración das relacións de tipo capitalista a través da industrialización e a minería industrial, e os movementos de resistencia fronte a estes procesos, vertebrados neste caso na guerrilla antifranquista. En termos arqueolóxicos, o noso proxecto baséase na historia de dúas cidades: a *Ciudad de la Selva* e a Cidade dos Alemáns.

O noroeste peninsular sempre foi caracterizado como un espazo onde as relacións labregas tradicionais se mantiveron durante máis tempo en comparación a outros territorios tanto europeos como peninsulares (Simpson, 1995). Aínda que as reformas estruturais do inicio do século XX, sobre todo a reforma agraria, comezaron a mudar esta situación, sería a Guerra Civil e a posterior industrialización e as políticas agrarias do franquismo as que supuxeron un punto de non retorno para as sociedades labregas do noroeste (Fernández Prieto, 1993). Isto implicou profundos procesos de resistencia e resiliencia pola súa parte, un auténtico momento de perigo nos termos expostos anteriormente (Cabana Iglesia, 2006).

Entre os procesos de industrialización que máis impacto tiveron na contorna de Valdeorras está a minería de volframio. O volframio é un mineral que, polos seus

usos militares, converteuse nunha fronte central de disputa durante a Segunda Guerra Mundial (Grandío Seoane y Rodríguez González, 2012). Valdeorras, e sobre todo os montes de Casaio, é unha das zonas de concentración deste mineral máis grandes do mundo, polo que, desde finais do século XIX, foi un espazo central das políticas de industrialización do noroeste peninsular. Varias son as minas que se instalaron nestes montes cheos de volframio, sendo unha das máis importantes a mina de Valborraz, coñecida popularmente como Cidade dos Alemáns, debido á súa xestión pola Alemaña nazi durante finais dos anos 30 e ata a fin da Segunda Guerra Mundial (García Tato, 2016). Os nosos traballos dirixíronse á documentación arqueolóxica desta mina como doutras que se atopan nestes mesmos montes, como a mina de San Xil ou de Castro Boloso. Así, estas intervencións deron moita información sobre as condicións de vida da clase traballadora ligada ao volframio. Traballadores e traballadoras que, non hai que esquecer, en menos dunha xeración pasaron dunha base económica gandeira e agrícola a unha sociedade de tipo industrial, o que tivo non só un forte impacto material na súa vida cotiá, senón tamén nos seus procesos de resistencia e resiliencia. Un destes procesos de resistencia foi precisamente a resistencia antifranquista, que, no caso do noroeste peninsular, hai que ligar coa desintegración das relacións labregas tradicionais.

A resistencia antifranquista foi un fenómeno que se desenvolveu en contornas específicas da península ibérica (Serrano, 2001). No

caso do noroeste, esta resistencia forxouse nun proceso de varios anos en torno á Federación de Guerrillas de León-Galiza, unha das estruturas guerrilleiras mellor organizadas no contexto peninsular (Rodríguez Gutiérrez, 2012). Á Federación, creada oficialmente en abril de 1942 en Ferradillo, instalou o seu Estado Mayor na, chamada por eles, *Ciudad de la Selva*. Grazas ás escasas testemuñas escritas sabemos que esta *Ciudad de la Selva* era un conxunto de campamentos que a guerrilla instalou nos distintos vales que compoñen os montes de Casaio (Ayán Vila, 2008; Heine, 1980: 31). Porén, non se sabía aínda o que esta *Ciudad de la Selva* significaba en termos materiais, esperando, en palabras de A. González Ruibal, “o traballo dos arqueólogos” (González Ruibal, 2016: 263).

Dende mediados do ano 2017 temos realizadas varias campañas de prospección e escavación que, aínda que continúan hoxe, deron unha idea bastante precisa da configuración desta *Ciudad de la Selva* así como do propio desenvolvemento da guerrilla antifranquista no noroeste peninsular (Tejerizo García *et al.*, 2020). A información arqueolóxica e documental complementase cos datos aportados pola información oral, a través de diversas entrevistas á xente da contorna, que proporciona unha visión moi complexa sobre os procesos de creación da memoria e a súa xestión polas comunidades locais (Tejerizo-García *et al.*, 2020).

Todos estes traballos deron lugar á detección de ata 20 campamentos ligados á actividade gue-

rilleira nos montes de Casaio. Estes campamentos configúranse de xeito distinto, dependendo da fase de desenvolvemento da guerrilla, dende as primeiras fases de ocupación en covas e estruturas previas de gandeiros a finais dos anos 30, pasando pola estruturación e organización en chave de fronte de guerra vinculada á propia *Ciudad de la Selva* a mediados dos anos 40, ata a retirada aos vales máis occidentais nun momento de repregamento do movemento guerrilleiro entre finais dos anos 40 e principios dos anos 50. Cada campamento consta dunha o varias estruturas tipo chozos de pedra onde se realizaban as principais actividades da guerrilla durante o tempo que ocuparon os montes de Casaio. Así, as escavacións en varios destes chozos e casas permitiron desenterrar un importante conxunto de obxectos vincula-

dos coa loita armada e a vida cotiá dos guerrilleiros e guerrilleiras que estiveron nesta *Ciudad de la Selva*.

Quizais, a conclusión máis relevante do noso proxecto é que, no caso dos montes de Casaio, instalouse unha auténtica fronte de batalla que supuxo un serio contratempo a imposición do franquismo e da modernidade no noroeste peninsular. En palabras dun dos guerrilleiros máis importantes da Federación, Manuel Fernández Villanueva, chamado “Gafas”:

... *tercero [objetivo de la Federación], demostrar al mundo exterior que España no era el remanso de paz sino que la guerra civil continuaba en pequeña escala* (citado en Serrano, 1988: 190)

#### 4. APUNTES FINAIS

Como comentabamos ao inicio, o desenvolvemento da arqueoloxía en contornas como Valdeorras tivo un carácter moi periférico, fronte aos grandes proxectos arqueolóxicos vinculados, por exemplo, á cultura castrexa ou ao impacto do mundo romano en sitios como as Médulas. Porén, cremos que proxectos de corte “heterodoxo” como o que estamos a desenvolver co Sputnik Labrego, pode ser un xeito para reivindicar estes espazos patrimonialmente esquecidos así como revalorizar o rol que as sociedades labregas tiveron na configuración das paisaxes actuais. Sociedades desenvolvidas a través de complexos procesos históricos que só mediante análises profundas, poden ser entendidas en toda a súa dimensión como pasado pero tamén como presente e futuro.

#### BIBLIOGRAFÍA

- AYÁN VILA, X. (2008). El paisaje ausente: por una arqueología de la guerrilla antifranquista en Galicia. *Complutum*, 19, 2, 213-237.
- AYÁN VILA, X. (2012). *Casa, familia y comunidad en la Edad del Hierro del NW*. Santiago de Compostela: Xurimar Servicios de Comunicación.
- BALBOA LÓPEZ, X. (1990). *O monte en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- BIANCHI, S. (2001). El oficio del cientista social hoy... desde lo siniestro a lo ético-político. *Revista de la Escuela de Antropología*, VI, 23-28.
- BOUZA BREY, F. (1953). La ceca suevo visigoda de Valencia del Sil. *Zephyrus*, IV, 417-427.
- CABANA IGLESIA, A. (2006). *Entre a resistencia e a adaptación. A sociedade rural galega no franquismo (1936-1960)*. Tese de Doutoramento. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- CANDELAS COLODRÓN, C. (2004). *O Cronicón de Hidacio. Bispo de Chaves*. A Coruña: Toxosoutos.
- CASTRO VOCES, A. (1993). *Valdeorras a mediados del siglo XVIII según el catastro del Marqués de la Ensenada*. O Barco de Valdeorras: Instituto de Estudios Valdeorreses.

- DE MOOR, T. (2015). *The dilemma of the commoners*. Cambridge: Cambridge University Press.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P. D. L. C. (2011). *El Reino Suevo (411-585)*. Tres Cantos: Akal, D.L.
- DÍAZ OTERO, E., y Naves Cienfuegos, F. (2010). Los colmenares tradicionales del noroeste de España. *ACAFA online*, 3.
- DOS COMÚNS, G., Balboa López, X., Besteiro, B., Fernández, X., Fernández Prieto, L., Jordán, M. (2006). *Os Montes veciñais en man Común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*. Vigo: Edicións Xerais.
- FERNÁNDEZ PEREIRO, M., TEJERIZO GARCÍA, C., RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, C., LIXÓ GÓMEZ, C., y CARVAJAL CASTRO, Á. (2017). Asentamientos fortificados no interior da Gallaecia en época tardoimperial e sueva (séc. IV-VI): un achegamento a partir de varios casos de estudo. *Gallaecia*, 36, 129-162.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1993). Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina 1936-1942. *Historia Social*, 15, 49-65.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2015). País y paisaje de labregos: organización y control del territorio en la Galicia contemporánea entre cuatro centurias (ss. XVIII-XXI). En G. Pereira Menaut y E. Portela Silva (Eds.), *El territorio en la historia de Galicia: organización y control, siglos I-XXI* (pp. 251-

- 315). Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2020). *Análisis de los restos óseos de macromamíferos del yacimiento de O Castelo de Valencia do Sil (Vilamartín de Valdeorras, Ourense)*. Intervención 2019. Informe depositado en la Dirección Xeral de Patrimonio. Santiago de Compostela.
- FERRER SIERRA, S. (2014). Trazado de la Vía Nova Romana entre las mansiones de Bergido e Interamnio Flavio. Nuevas perspectivas. *Estudios bercianos*, 38, 11-19.
- FREIRE CEDEIRA, A., Balboa López, X., y Rico Boquete, E. (2014). El proceso de clasificación de montes vecinales en mano común. 1968-1989. El caso del Monte Serra de Casaio e Lardeira (Carballeda de Valdeorras). En L. Fernández Prieto y A. Artiaga Rego (Eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura* (pp. 251-278). Madrid: Catarata.
- GARCÍA QUIROGA. (2013). Desde la desarticulación al presente de los montes vecinales en mano común en Galicia. *Revista Teknokultura*, 10, 1, 155-176.
- GARCÍA TATO, I. (2016). *El destacamento penal de las minas de wolfram de Valborrás de Casaio (Carballeda de Valdeorras)*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- GARCÍA TATO, I. (Ed.) (1986). *La documentación medieval del tumbo del Monasterio de San Martín de Castañeda relativa a Valdeorras*. O Barco de Valdeorras.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2016). *Volver a las trincheras. Una arqueología de la Guerra Civil española*. Madrid: Alianza Editorial.
- GRANDÍO SEOANE, E., y RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, J. (2012). *Warzone: la Segunda Guerra Mundial en el noroeste de España*: Eneida Ediciones.
- HEINE, H. (1980). *A Guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo: Ediciones Xerais de Galicia.
- LINDHOLM, K.-J., SANDSTRÖM, E., y EKMAN, A.-K. (2013). The archaeology of the commons. *Journal of Archaeology and Ancient History*, 10, 3-49.
- MATTHEWS, C. N. (2002). *An archaeology of history and tradition*. New York: Springer.
- MEIJE Pardo, A. (1985). *La antigua minería del cobre en el valle de Valdeorras*. Coruña: Xunta de Galicia.
- OSTROM, E. (1990). *Governing the commons. The evolution of institutions for collective actions*. Cambridge: Cambridge University Press.
- QUIJANO, A. (1992). Colonialidad y modernidad/racionalidad. En H. Bonillo (Ed.), *Los conquistados* (pp. 437-449). Bogotá: Tercer Mundo Ediciones.
- RISCO, V. (1928). *Provincia de Orense. Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona: Editorial Alberto Martín.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., Ferrer Sierra, S., y García Tato, I. (2009). *Priorato de Xagoaza (Valdeorras, Ourense)*. Bande: Fundación Aquae Querquennae - Via Nova.
- RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ, A. (2012). La larga posguerra del Ejército Republicano. La Federación de Guerrillas de León-Galicia. En E. Grandío y J. Rodríguez (Eds.), *War Zone. La Segunda Guerra Mundial en el noroeste de la península ibérica* (pp. 89-136). Madrid: Eneida.
- RÖSENER, W. (1995). *Los campesinos en la historia europea*. Barcelona: Crítica.
- SAAVEDRA, P. (2007). Las comunidades campesinas en la Galicia moderna. En A. Rodríguez (Ed.), *El lugar del campesino. En torno a la obra de Reyna Pastor* (pp. 359-390). Valencia: Universitat de València.
- SAN ROMÁN RODRÍGUEZ, J. M. (2000). *Valdeorras la industria de la pizarra y las transformaciones espaciales, municipios de O Barco, Carballeda y Rubiá (1950-1998)*. O Barco de Valdeorras: Instituto de Estudios Valdeorreses.
- SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F. J. (Ed.) (2000). *Las Médulas (León): un paisaje cultural en la "Asturia Augustana"*. León: Diputación de León.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. (2016). Crismón de Quiroga. En R. Villares (Ed.), *100 Galicia Cen. Obxectos para contar unha cultura* (pp. 79-81): Consello da Cultura Galega.
- SANTOS ESTÉVEZ, M., TEJERIZO GARCÍA, C., y ALONSO TOUCIDO, F. (2020). El abrigo con pintura esquemática de Pala de Cabras (Ourense). Encuentros y desencuentros entre dos tradiciones. *Complutum*, 31, 1, 7-24.
- SERRANO, S. (1988). *La guerrilla antifranquista en León (1936-1951)*. Madrid: Siglo XXI.
- SERRANO, S. (2001). *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*. Madrid: Temas de Hoy.
- SHANIN, T. (1971). *Peasants and peasant societies*. Middlesex: Penguin Books.
- SIMPSON, J. (1995). *Spanish agriculture: the long Siesta, 1765-1965*. Cambridge: Cambridge University Press.
- SOTO ARIAS, P. (1993). Estudio de un asentamiento romano ligado a la vía XVIII en el Valle de Valdeorras (Ourense). *Minius*, II-III, 53-81.
- STAGNO, A. M. (2015). Archaeology of commons: a multidisciplinary approach to the reconstruction of multiple uses and conflicts of European uplands. En G. L. M. Burgers, S. J. Kluiving, y R. A. E. Hermans (Eds.), *Multi-, inter- and transdisciplinary research in Landscape Archaeology: proceedings of the Third LAC Conference, Rome 2014*. Amsterdam.
- TEJERIZO-GARCÍA, C., RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ, A., y ÁLVAREZ COBIAN, O. (2020). Arqueología y procesos memoriales de la guerrilla antifranquista en los montes de Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense). *Madrygal*, 23, 199-216.
- TEJERIZO GARCÍA, Carlos (2020): "El poblamiento en el interior de la Gallaecia entre el final del Imperio Romano y la Alta Edad Media: nuevos datos, nuevas propuestas". *Studia histórica*.
- TEJERIZO GARCÍA, C., RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ, A., FERNÁNDEZ PEREIRO, M., RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, C., CARVAJAL CASTRO, Á., ROMERO ALONSO, A. J. (2020). Paisajes de la represión y la resistencia durante la dictadura franquista: la Ciudad de la Selva y la guerrilla antifranquista. En B. Rosignoli, C. Marín Suárez, y C. Tejerizo García (Eds.), *Arqueología de la dictadura en Latinoamérica y Europa. Violencia, resistencia y resiliencia* (pp. 171-186). Oxford: BAR International Series.
- VEIGA ROMERO, A. M. (2009). Los mosaicos de A Cigarrosa. Historia de un hallazgo. *Museo arqueológico provincial de Ourense*.
- WICKHAM, C. (2009). *The inheritance of Rome: a History of Europe from 400 to 1000*. London: Penguin





Raigame